A CORUÑA

A construcción da cidade liberal

XOSE LUIS MARTINEZ SUAREZ

A CORUÑA:

A CONSTRUCCION DA CIDADE LIBERAL

VOLUME IV

XOSE LOIS MARTINEZ SUAREZ

ARQUITECTO

Tese Doutoral dirixida por

Xosé Bar Boo

Dr. Arquitecto

Escola Técnica Superior de Arquitectura. A Coruña 1991

* CAPITULO IV: OS BARRIOS OBREIROS. A INDUSTRIA, O PROLETARIADO E OS EQUIPAMENTOS MARXINAIS

1. A CRISE AGRARIA E A EMIGRACION CAMPO-CIDADE NA GALICIA DO SECULO XIX

2. A CORUÑA: O CRECEMENTO DEMOGRAFICO: 1800-1900

3. A INDUSTRIALIZACION FRUSTRADA

4. A BENEFICIENCIA

5. A FORMACION DAS PERIFERIAS

5.1 A RUA DOS HOSPITAL

5.2 O AREAL DO ORZAN

5.2.1 A APERTURA DA RUA DO SOCORRO

5.2.1.A O ALIÑAMENTO E A PARCELACION: 1853

5.2.1.B AS EDIFICACIONS: AS INDUSTRIAS

5.2.1.C AS CONSECUENCIAS URBANISTICAS NA PESCADERIA:

- 1859: APERTURA RUA NOVA-RUA ALTA
- 1864-1865: APERTURA DA RUA DO SOL

5.3 A PENINSULA DA TORRE:

5.3.1 A SITUACION PREVIA

5.3.2 O PROCESO DE OCUPACION

5.3.2.1 A RUA DA TORRE:

5.3.2.1.A DE FABRICA DE SOMBREIROS A PARCELACION DE VIVENDAS PARA OBREIROS: 1863

5.3.2.1.B O ALIÑAMENTO DA RUA DA TORRE: 1864

5.3.2.1.C A PROMOCION DE JOAQUIN REY CALVO

5.3.2.1.D AS PROMOCIONS DE JOAQUIN ALMOYNA

5.3.2.2 A LADEIRA OESTE DA PENINSULA DA TORRE: DE MONTE ALTO A PRAIA DA BERBIRIANA

5.3.2.2.A O INICIO: 1869

5.3.2.2.B A EDIFICACION: 1869-1883

5.3.2.2.C 1869: O ALIÑAMENTO DA ACERA NORTE DO CAMPO DE MARTE (RUA DE RAMON DEL CUETO)

5.3.2.2.D O CAMPO DE MARTE: 1863-1925

5.3.2.2.E O ASILO DE ANCIANS: PARCELACION E EDIFICACION NA AGRA DE MONTE ALTO, DE VEREDA A RUA: 1883-1888

5.3.2.2.F O MATADEIRO: 1894-1896 E O PROXECTO PARA 13 CASAS PARA OBREIROS: 1898

5.3.2.2.G AS PARCELACIONS DO CAMPO DE ARTILLERIA: 1892-1912 E DA ESCOLA PRACTICA DE ARTILLERIA: 1898

5.3.2.2.H O TRAZADO DE NOVAS RUAS: 1930-1935

5.3.2.3 A LADEIRA LESTE DA PENINSULA DA TORRE: A ESTRADA DE ORILLAMAR: 1882-1901

5.4 A ESTRADA DE RIAZOR: 1871-1878

5.5 O CAMIÑO NOVO

6. CONCLUSIONS

7. ANEXO DE PLANOS

I. A CRISE AGRARIA E A EMIGRACION CAMPO-CIDADE NA GALICIA DO SECULO XIX

Na década de 1830 vaise romper o equilibrio existente na agricultura galega do Antigo Réxime (1). Esta víñase configurando ata ese momento como un sistema enormemente estable no que non se tiñan detectados movimentos antiseñorais de envergadura e onde os conflictos máis suliñables se producen máis entre as distintas fraccións de perceptores de rendas, que entre éstos e o campesinado.

A ruptura do equilibrio ía ter como elementos determinantes por unha banda, a liquidación da producción textil rural ancorada en formas pre-capitalistas que durante o primeiro tercio do século XIX comeza a ser desprazada da súa parcela no Mercado Español polos textís extranxeiros, e en menor medida cataláns, que incorporan os avances tecnolóxicos da Revolución Industrial, e por outra banda a crise agraria provocada pola intensifica-

ción do traballo agrario e o final do proceso iniciado coa expansión da superficie cultivable a base dos cultivos americanos. Esta Ruptura ía traer consigo unha forte crise de carácter estructural no conxunto da economía galega que por primeira vez en moitos séculos, vai ter un saldo demográfico negativo e unha reducción progresiva da poboación ao longo do século XIX de máis de dous puntos na participación da poboación galega no conxunto da española que pasa do 12,90% no Censo de Floridablanca (1787), ao 10,50% no Censo de 1900.

Esta crise supuxo o derradeiro teito demográfico alcanzable na sociedade pre-industrial galega, sociedade na que non había un sector industrial consolidado que permitira absorber a poboación que progresivamente se vai sub-utilizando na agricultura. A emigración galega cara ás Cidades e á Ultramar, ten nestes anos as súas primeiras grandes riadas.

II. A CORUÑA: O CRECIMENTO DEMOGRAFICO, 1800 - 1900

Mentres o conxunto de Galicia iniciaba a fase de perda de poboación, pola contra na Cidade de A Coruña se experimentaba un progresivo crecimento convertíndose nun dos focos de atracción dunha pequena parte da emigración do campo que na súa maioría se dirixen cara Madrid segundo cita A. Bahamonde - J. Toro no seu libro "Burguesía, especulación e cuestión social no Madrid do século XIX":

> "... Todos os días entran en Madrid de 1.000 a 1.500 galegos na busca de traballo. Estos infelices que fuxen do seu País e da fame, veñen polo camiño pedindo esmorga e chegan nun estado realmente deplorable..." (Diario "La Epoca" de 14 de maio de 1853).



A Coruña vai coñecer un progresivo aumento de poboación desde mediados do século XVIII, contando en 1746 con 2.054 veciños, en 1787 ascenden a 13.575 habitantes, poboación ésta que ten un crecimento rápido alcanzando en 1842 os 19.415 habitantes (Carreras Candi), en 1844 os 19.760 (Madoz) e en 1850 os 20.050 habitantes

En 1860 terá 22.273 (Censo de Poboación, novembro de 1860), en 1864 terá 24.382 (Censo de Poboación, se-

sión de 18 de xaneiro de 1864), é dicir, en casi oitenta anos duplica a súa poboación, pero o gran salto se producirá no derradeiro tercio do século XIX alcanzando os 33.000 habitantes en 1877, os 37.000 habitantes en 1877 e por último en 1900 os 43.971 habitantes, é dicir, en 36 anos, desde 1864 ata 1900, A Coruña medra, practicamente, nun número igual de habitantes (19.600) que os que tiña en 1850 (20.050 habitantes).

Este crecimento de poboación iníciase de xeito especialmente forte na década de 1850, na que a fame e o cólera asolará á Provincia de A Coruña, sendo significativo neste senso a reunión urxente en sesión extraordinaria do Concello (7 de marzo de 1853) e da Deputación putación de A Coruña (27 de marzo de 1853) para que se promovan obras públicas e se nomee unha Comisión que arbitre fondos para facer frente á fame que se fai sentir especialmente nos Concellos de Arzúa, Negreira, Corcubión e Zas.

Das dimensións deste problema de inmigración da poboación rural afectada pola miseria que trae consigo as crises da agricultura galega do Antigo Réxime, xa se facía eco o Primeiro Regulamento de Policía redactado polo Concello Coruñés en 1837 do que os dous primeiros artigos referíanse á mendicidade, conminando á saída da Cidade, nun prazo de oito días, daqueles pobres que non fosen naturais de A Coruña, ou que non tivesen como mínimo cinco anos de residencia fixa, así como a Regulación do "permiso de pedir" que concederá o Concello previa solicitude do interesado e certificación do cura párroco.

"... Sobre a miseria pública que hoxe se observa neste Pobo..." e "... acerca dos medios de recoñecer a miseria pública...", son os titulares bastante elocuentes dos puntos da orde do día da sesión extraordinaria que celebra o Concello Coruñés o día 7 de marzo de 1853 ante a alarmante situación que está alcanzando un problema que empeza a preocupar á burguesía dirixente.

III. A INDUSTRIALIZACION FRUSTRADA E BURGUESIA ESPECULADORA.

Unha das razóns que explican o progresivo aumento de poboación ao longo do século XIX hai que buscala na concentración de industrias que se produce na cidade ao longo deses anos e que se sitúan, inicialmente, ao carón da baía en directa relación co porto (A PALLOZA - SANTA LUCIA) e a rede de transportes marítimos que este xera, e máis tarde na traseira da cidade en torno á Enseada do Orzán - Riazor.

Se embargo, a pesar de se ter constituido na cidade de meirande concentración industrial de Galicia e por ende a de crecemento demográfico máis rápido, a cativez e debilidade do tecido industrial era tal, que se mostrou incapaz de absorber ao campesinado, que empuxado pola crise agraria, tomará o camiño da emigración transoceánica.

Segundo Vedia (que cita á súa vez a "Descripción Económica do Reino de Galicia" de Lucas Labrada, impresa en 1804), a industria coruñesa en 1845 estaba configurada pola Industria Textil (sobresaíndo a Real Maestranza de Mantelería) e as Fábricas de Tabaco, Vidro, Xabrón, Sombreiros, Fundición e Conservas: A súa aparición se tiña iniciada a fíns do século XVIII e principios do século XIX. As industrias que xurden na cidade tiñan unha unha relación directa co Porto (ASTELEIROS, CONSERVAS E SALAZON DE PEIXE na Palloza, XARCIA E CORDELERIA no Orzán) e co Comercio Colonial do que importan as materias primas(Fábrica de Tabacos) ou ao que dirixen a súa producción (Fábrica de Sombreiros, Textil,...) servindo tamén de saída para as manufacturas e productos agrícolas e gandeiros da comarca.

Unha relación das industrias instaladas en A Coruña ao longo do século XIX, sería a seguinte:

1804-28: FABRICA NACIONAL DE TABACOS (A Palloza):

2.200 operarios

-- FABRICA DE SOMBREIROS FINOS (A Torre):

J. Barrié ..... 180 operarios

-- 3 FABRICAS DE SOMBREIROS DE PALLA:

100 operarios

-- FABRICA DE XARCIA E CORDELERIA

Pedro Marzal - Orzán..... 75 operarios

-- 3 FABRICAS DE XABRON

Gamboa - Campo da Leña

Pinilla - R/ Torre - R/ Cimiterio

Pastor - Campo de Marte

-- 120 TELARES ORDINARIOS MANUAIS... 800 operarios

-- 1 FABRICA DE PASAMANERIA E CINTAS E 2 DE PEINES

200 persoas

1830 : FABRICA DE VIDROS "La Coruñesa"

Ugarte e Cía - Areal do Orzán: 250 operarios

Industrias que se verían acrecentadas a partir da década dos cincuenta cos seguintes establecementos:

1853 : FABRICA DE MUEBLES - RUA DO SOCORRO - FCO. POLA

1853 : FABRICA DE SALAZON - A PALLOZA - J. POLA

1854 : FABRICA DE VIDROS "Español e Cía" - A PALLOZA

1855 : FABRICA DE GAS - RUA DO SOCORRO

1856 : FABRICA DE FARIÑAS - RUA DO SOCORRO

1859 : FABRICA DE SERRA E PUNTAS DE PARIS - RUA DO SOCORRO: J. Cervigón

1862 : FABRICA DE PAN ROLLAND - RUA DO SOCORRO

1864 : FABRICA DE SERRAR E LABRAR MADEIRAS, MOLDURAS E MARCOS DOURADOS "LA PROGRESIVA" - RUA DO CORRALON - RUA DE SOCORRO

1871 : FABRICA DE CHOCOLATE E PANADERIA - RIAZOR

1872 : FABRICA DE CONSERVAS - RIAZOR

1874 : "PRIMERA CORUÑESA DE HILADOS Y TEJIDOS - CAMIÑO NOVO (RUA DE JUAN FLOREZ)

1889 : FABRICA DE CHOCOLATE E PASTAS - RUA DO RASTRO - MATADEIRO

A incipiente industrialización era incapaz de absorber os continxentes de obra que o campo estaba a expulsar e que eran atraídos ás luces da Cidade e que configuran o que no vocabulario burgués denomínanse "clases menesterosas" en tanto que os republicanos chamarán "clases traballadoras", e da que forman parte a inmensa maioría dos penados do Presidio Correcional de San Francisco que publica Madoz en 1847: Dun total de 476 penados, 293 son xornaleiros ("braceiros"), é dicir, máis do 60%.

A necesidade de xenerar postos de traballo e de vivenda ou habitacións, será urxente, as condicións de vida serán miserables, as precarias condicións de habitabilidade e a fráxil alimentación dos traballadores, farano facilmente vulnerable a todo tipo de epidemias. Cando no ano 1854 o cólera fai a súa aparición, os índices de mortalidade nos barrios obreiros será onde provoca maiores estragos. A burguesía local empeza a reflexar nos medios de comunicación da época, o temor ante a masa

de paro e sub-emprego que se dá na Cidade e as novas sobre "... a cuestión social..." son cada vez máis frecuentes, ao tempo que a radicalización dos antagonismos de clase, froito do proceso de proletarización, empeza ser un temor da clase dirixente: E o momento de aparición do movimento obreiro na cidade de A Coruña e a edición da primeira prensa traballadora.

En 1850 se edita "La Unión Campesina" da agrupación dos traballadores do campo, en 1876 nace "El Obrero Galaico", en 1880 "La Lucha Obrera", en 1886 "El Corsario" órgano da Federación Obreira.

A burguesía local plantexouse o problema de poñer en funcionamento os mecanismos que amortigüen a conflictividade social latente e inicia unha serie de medidas nunha doble dirección:

-- CREACION DE EMPREGO A PARTIR DA PROMOCION DE OBRAS PUBLICAS.

-- PROMOCION E VENDA DE SOLO PUBLICO DO COMUN PARA A INSTALACION DE INDUSTRIAS,

que terán como protagonista á Administración Municipal.

1.- A CREACION DE EMPREGO CO FOMENTO DE OBRAS PUBLICAS

Desde o Concello se procedera a tomar iniciativas na vida económica cando os efectos da crise ameazan a estabilidade da orde social a partir da introducción nas obras municipais de presidiarios e pobres e promovendo obras que sustituen á empresa privada, a partir da contratación temporal de xornaleiros nas obras municipais.

En nome da "ORDE PUBLICA", esqueceranse os presupostos do liberalismo económico e os presidiarios serán utilizados como man de obra para realizar os desmontes e explanación, entre outros, do Mercado de San Agustín (1838) do Xardín e Alameda do Paseo da Reunión (1840), e da Praza de María Pita (1860).

2.- A VENDA DE SOLO PUBLICO PARA INSTALACION DE INDUSTRIAS.

Pero se esta actuación, distorsionadora das sagradas Leis do Mercado, é importante, non vai ser menos un-

ha decisión fundamental: A PARCELACION E VENDA DOS TERREOS DO COMUN DO AREAL DO ORZAN, tanto para a construcción de vivendas como para a construcción de almacéns ou talleres, o que coñeceremos co nome da APERTURA DAS RUAS DO SOCORRO (Hoxe Juan Canalejo) E DO MAR, orixinal iniciativa do "lobby" local que poñera nas mans de varios dos seus máis importantes membros (Cervigón, Ugarte, Presas, Pola, etc...) miles de metros cadrados de chan a precios de escándalo co obxectivo de crear industrias e promover postos de traballo.

Sen embargo, os excedentes xenerados na actividade económica pola pequena burguesía coruñesa e pola alta burguesía comercial xurdida a fins do século XVIII e durante o século XIX vai dirixirse claramente cara o negocio especulativo e o aumento da poboación que se detecta a partir dos anos trinta como consecuencia da grande crise agraria, ten o seu contrapunto no inicio do proceso de elevación de pisos e construccións de vivendas de forma lenta na década de 1840, pero medrando ra-

pidamente na década de 1860.

Estes movimentos non son alleos a toda unha serie de medidas que a burguesía adopta desde o PODER DO ESTADO: A liberalización dos alugueres coa Lei de 9 de Abril de 1842 que deixa total liberdade ao propietario de fincas urbanas para fixar os tipos de aluguer servirá de telón de fondo para a aparición de ducias de licencias das "casas de aluguer" tipo edificatorio que se desenrolará ao longo da segunda metade do século XIX.

O Artigo primeiro da Lei de Inquilinato de 1842 polo que "... os donos das casas e outros edificios urbanos, así na Corte como nos demais Pobos da Península e Illas adxacentes en uso do dereito de propiedade, poderán arrendalos libremente desde a publicación desta Lei amañando e establecendo cos arrendatarios os pactos e condicións que lles parecerán convintes, que serán cumpridos e observados á letra...", derogaba o auto otorgado en 1792 segundo o cual os propietarios só podían modificar o precio dos alugueres cada dez anos e previa

tasación.

Vemos así como en nome do liberalismo económico e dos dereitos da propiedade se legalizaba a suba continua dos alugueres nun momento en que a emigración do campo chegaba ás zonas urbans: Importantes personaxes da vida política e financieira da burguesía coruñesa utilizaran, como base material para o seu enriquecimento, a promoción de vivendas nas periferias da cidade con destino a inmigración provinte das zonas rurais. Os alugueres aumentan e na segunda metade da década dos cincuenta comenzan a aparecer toda unha serie de iniciativas de construcción polos particulares, xa non dunha casa, senón de varias edificacións, así como a elevación de pisos sobre edificacións existentes: E o aumento lóxico do ritmo das construccións urbanas que se reflexa no número de licencias expedidas polo Concello que vai convertir ao sector da construcción ao pasar dos anos nunha das pedras angulares da actividade económica da Cidade.

IV. A BENEFICIENCIA.

Durante o Antigo Réxime ésta dependía en todas as súas manifestacións do Clero, a Nobreza e a Coroa: No século XIX a Beneficiencia, a Caridade e a Esmorga se aburguesan, como unha consecuencia da situación creada coa expropiación ao clero a través do proceso Revolucionario Desamortizador do que o gran beneficiario, a burguesía, tiña unha doble opción: ou cortar a espita da beneficiencia ou nacionalizala (a través dos Concellos e Deputacións) racionalizando o seu emprego: Elixiu a segunda vía e as leises xerais da Beneficiencia de 1821 e 1849 virán con ese cuño reformador:

> "... É indubidable e común telo moi presente: contra o socialismo e o comunismo, o máis eficaz recurso que queda é unha beneficiencia pública, amplia, ordenada e fecunda a cual sirva á relixión de base..." (El Siglo Médico, 1856, páx. 46 libro)

Concepción Arenal manterá similares opinións en "La Voz de la Caridad" en 1871.

A Lei Xeral de Beneficiencia de 1849 vai poñer como obxectivo fundamental das Xuntas Municipais a "...organización e fomento de todo o xénero de socorros domiciliarios e moi particularmente os socorros en especie..." incorporando a través deste mecanismo man de obra barata ás obras públicas que promove a burguesía - desde a propia Administración Municipal e que se centra na adecuación e mellora das súas áreas Residenciais (María Pita, Ensanche,...), ou nas zonas nas que instala as súas industrias (Orzán-Riazor,...) a través da financiación con fondos públicos.

As Institucións Benéficas e concretamente a Xunta Municipal de Beneficiencia ou a Xunta Provincial de Beneficiencia van xogar o papel de aliadas da burguesía dirixente no rápido proceso de acumulación capitalista ao facilitarlle a existencia dun amplo mercado de man de obra barata que xogará un papel de control salarial e

de desmovilización política.

E a man de importantes personaxes da burguesía coruñesa ofrecería a esmorga da beneficiencia a través das súas donas organizadas en entidades benéfico-moralistas que terían especial actividade nunha pequena Cidade como A Coruña que con menos de 40.000 habitantes contou ao longo do século XIX e na liña iniciada por Teresa Herrera coa creación do Hospital da Caridade (1791) coas iniciativas da:

-- Xunta Municipal de Beneficiencia que en colaboración co Concello promovera o Hospicio ou Casa de Socorro (ubicado nun edificio contiguo ao Hospital da Caridade, que ía ser destinado polo seu propietario a Fábrica de Mantelería e que debeu suspender a obra por falta de medios, sendo vendido posteriormente á Xunta de Beneficiencia), que se abriu o primeiro de xullo de 1844 para recoller orfos desamparados e nenos procedentes da Casa de Expósitos, así como pobres reunindo segundo o

diccionario Madoz de 1847 "... máis de catrocentos pobres aos que se suministra sopa para o almorzo, dous abundantes ranchos e dazaseis onzas de pan...".

-- A "Asociación de Señoras da Beneficiencia" presididas por Juana de Vega, Condesa de Espoz e Mina, que impulsará, entre outras obras, o Asilo da Beneficiencia (1861).

-- Ou iniciativas individuais como as de Adelaida Muro y Barbeito, muller do acaudalado Juan de Arévalo y Cerner que testou á súa morte en Madrid en 1892, á Coruña 2.000.000 ptas. para investimento na creación e sostimento dun asilo para probes e ancianos do que resultaría o "Asilo das Irmanciñas dos Ancianos Desamparados" sito na Rúa de Adelaida Muro (1888).

Todos estes edificios sitúanse estratexicamente na parte traseira da Cidade, entre a Fábrica de Gas (1854)

e o Matadeiro (1894), prudentemente alonxados do frente da baía na que a burguesía coruñesa tiña fixada a súa área residencial e de lecer.

Vemos así como INDUSTRIA-VIVENDA OBREIRA-EQUIPAMENTO PARA "MARXINADOS", (HOSPICIO, ASILO DE VELLOS-DESAMPARADOS, INCLUSA, CARCERE DE MULLERES) vanse dispondo nunha época concreta (segunda metade do século XIX) e nun espacio perfectamente delimitado (Rúas do Socorro, Hospital e Matadeiro) como se dun auténtico "ZOONING SOCIAL " se tratase con vistas ao correcto funcionamento da Cidade. Nos mesmos anos a burguesía se apropiaba a baixo precio a través de "Subastas Públicas" dos solares do frente da baía na Praza de María Pita (1860), e avanzaba as súas casas gratuitamente ocupando os terreos públicos da Praza da Verdura configurando a actual mazá da Rúa do Rego de Auga - Avenida de Montoto (1869 - 1884), asemade avanzaban nas traseiras das casas da Rúa Real desde a Praza da Aduana ata o Cantón Grande (1834-1870), ou se facían a través das medidas Desamortizadoras con

miles de metros cadrados legalmente usurpados nas - murallas da Pescadería, no Campo do Carballo e no Areal de Riazor.

V. A FORMACION DAS PERIFERIAS:

A estructura urbana da cidade de A Coruña era, ata mediados do século XIX, a dunha cidade compacta con dous núcleos ben definidos:

-- A CIDADE ALTA ou, simplemente, CIDADE rodeada de murallas e cun valeiro no seu entorno por motivos de carácter militar, e

-- A CIDADE BAIXA ou Arrabal da Pescadería que desde o século XVIII contara cun proceso de crecemento importante ao calor do porto, iniciándose a finais deste século as construccións de edificios REPRESENTATIVOS (ADUANA, CONSULADO,...) e de importantes obras de infraestructuras e fortificacións, e defensa da mesma (MURALLAS DE TERRA E MAR).

Estes núcleos víanse perfectamente delimitados pola parte de terra, polas obras de fortificación, e polo mar polo Areal do Orzán na zona norte que alcanzaba ata

as traseiras das casas da actual Rúa do Orzán, e polo sur, pola muralla ou petril do mar que corría desde a Porta da Torre de Abaixo ata a Porta Real na Cidade Vella.

Fóra destes dous grandes núcleos, extendíase polo N.O., o Areal do Orzán-Riazor que, desde a Península da Torre, conformaba unha cuncha areosa na que rachaba o mar aberto. Polo norte, a Península da Torre na que se mantiveron, ata moi entrado o século XIX, a explotación agrícola do territorio, de aí a existencia de dous pequenos asentamentos deste carácter (Atocha Alta e Atocha Baixa) nos que a bon seguro, vivirían labregos e xentes adicadas ao cultivo de hortas e campos na Torre e Agra de Monte Alto.

Pola zona de terra firme, as vías de saída das dúas portas da cidade (da Torre de Arriba e da Torre de Abaixo) conducían aos núcleos extramuros de carácter mariñeiro (Riazor) ou de carácter agrícola (Nelle, Santa Margarida, San Vicente de Elviña,...). Un núcleo adqui-

rira unha importancia singular: Santa Lucía e cuias proximidades, na Palloza, a fíns do século XVIII, emprazábase as instalacións de asteleiros, así como varias fábricas de salazón e conserva.

O específico do proceso de construcción da cidade liberal, non só vai estar na XERARQUIZACION DO ESPACIO URBANO a partir da configuración e formalización de determinadas áreas internas da cidade existente cara á súa adecuación aos requerementos da clase dirixente, senón que aparecerán formas específicas de crecemento que se instalan no territorio circundante configurando os asentamentos suburbanos: son as barriadas obreiras que xurden de iniciativas de parcelación, de "LOTTISEMENT" suburbanas das, ata ese momento, fincas agrícolas, apoiándose na rede de camiños rurais existentes ou como resultado da apertura de novas vías polo interior das grandes fincas rústicas.

No proceso de análise do crecemento da cidade de A Coruña, as periferias formanse a partir:

1. De grandes parcelacións "LOTTISSEMENT" de terreos públicos en contacto coa trama urbana da cidade (Rúa do Hospital, Areal do Orzán) nas que xoga un papel preponderante a Administración.

2. Parcelación de pezas agrícolas (agras, montes, etc,) en contacto coas vías de comunicación nas que o protagonismo está asumido pola iniciativa privada (Orillamar Torre, Monte Alto), reducindose o papel da Administración (dada a condición "extraviada e apartada" dos terreos nos que teñen lugar as iniciativas) - ao simple trámite administrativo de concesión dunha licencia de obra á que se fixa unha distancia á beira do viario existente.

V.I. A RUA DO HOSPITAL

V.I. A RUA DO HOSPITAL

A Rúa do Hospital é un eixo de desenrolo que, desde as inmediacións do Campo da Leña á beira da Capela de San Roque, transcorre ao longo de 450,00 metros ata o Areal do Orzán.

O seu trazado detéctase no último cuarto do século XVIII, sendo perfectamente visible no plano de Cayetano Paveto de 1788 (páx. 55, "La ciudad a través de su plano", José González Cebrián).

O nome tómao do Hospital da Caridade, edificio - promovido por Teresa Herrera en 1791, se ben con anterioridade xa se situaba nela o Cuartel de Zalaeta e o Corralón, así como a Horta do Convento das Capuchinas.

Será un eixo vertebrador das seguintes rúas a xeito de "ESPIÑA DE PEIXE": ZALAETA, MATADEIRO, RASTRO, TABARES E PAPAGAIO.

O remate da Rúa do Hospital no Orzán, será anos despois, o remate da Rúa do Sol, elemento clave de cone-



xión coa trama da Pescadería na Rúa de Espoz e Mina (hoxe Rúa de San Andrés.

Na súa configuración aparecen catro grandes paquetes ou pezas parcelarias que destacan sobre o resto da cidade.

Estas pezas están situadas nas espaldas do barrio da Pescadería e habería que destacar tres aspectos:

1. A súa disposición.
2. As súas dimensións.
3. O seu destiño.

1. A DISPOSICION NO TERRITORIO.

Estas grandes pezas parecen resultado dun trazado o cordel dunha rúa que lles sirve de elemento soporte xa que a ela dan frente todas elas de xeito ortogonal Este eixo ou elemento soporte é a Rúa do Hospital que arranca desde o Campo da Forca a carón da Capela de San Roque ata o Areal do Orzán.

Un elemento parece ser fundamental no seu trazado O MURO DE CERRAMENTO POSTERIOR DO CONVENTO E HORTAS DAS CAPUCHINAS instaladas nesa zona en 1683, ano no que proceden a iniciar a construcción do Convento. E-ra este, polo tanto, un elemento de peche dunha finca con usos agrícolas.

A continuación desta peza que ocupaba un frente na parte da Pescadería de 90,00 metros cunha estreita rúa (máis tarde a Rúa Zalaeta) separaba de outra gran peza denominada "Corralón" e que daba nome á rúa que polo lado sur correspondíase coa traseira das casas da primeira das rúas da Pescadería, a Rúa do Orzán.

2. AS DIMENSIONS.

Unha característica do parcelario da Rúa do Hospital, será as dimensións que alcanzan.

Cada parcela configura, en varios casos, unha única mazá e a súa superficie sobrepasa 1 Hectárea.

A Rúa do Hospital mide 450,00 metros de lonxitude en liña recta desde a Capela de San Roque no Campo da Leña, ata o Areal do Orzán.

Enrique Vedía no seu libro "Historia y Descripción de la ciudad de La Coruña" (1845), inclúe a Rúa do Hospital (páxinas 286 e 287) nos barrios 8º e 10º cun total de 33 números que se corresponde ás 33 pezas parcelarias con frente a esta rúa.

Sete destes números, os que corresponden ao Hospital, Cuartel de Cabaleiría, Fábrica de Cristais, Fábrica de Gas, Fábrica de Chocolate e Pastas, Corralón de Artillería e Horta do Convento, abranguen o frente de 300,00 metros (600,00 metros se contamos as dúas aceras) ao longo dos 450,00 metros de rúa. E dicir,

as dúas terceiras partes da rúa que corresponden á baixada cara o Areal do Orzán, está ocupadas por tres establecementos (acera dereita) e catro establecementos (acera esquerda).

Os frentes á rúa oscilan entre os 12,50 metros da Fábrica de Chocolates e Pastas, 52,00 metros do Corralón de Artillería, 60,00 metros do Hospital da Caridade, 85,00 metros do Cuartel de Cabaleiría, 90,00 metros da Horta do Convento das Capuchinas, 100,00 metros da Fábrica de Gas e 120,00 metros da Fábrica de Cristais.

Dimensións sen precedentes na estructura urbana da cidadeque dan cabida a elementos novedosos que establecen unha auténtica barreira aos posibles desenrolos urbanos da zona traseira.

E esta é outra das características: O dimensionamento das rúas, mentres a Rúa do Hospital, auténtico eixo vertebrador, alcanza as 10 varas (8,35 metros) de anchura, o resto en ningúncaso sobrepasa os 7,00

metros.

Estas reducidas dimensións no ancho se agudizan aínda máis ao ser rúas cuia excepcional lonxitude (por exemplo a Rúa do Rastro con 90,00 metros; a Rúa do Matadeiro con 130,00 metros; a Rúa de Zalaeta con dous tramos de 90,00 e 210,00 metros), está ocupada por unha única edificación a xeito de gran muralla de peche.

Un esquema en "ESPIÑA DE PEIXE" no que a dimensión parcelaria esixida polo establecemento a instalar prima sobre calquera outra consideración.

PARCELACION
RUA DO HOSPITAL
FIN DO SÉCULO XVIII



3. O SEU DESTINO.

A Rúa do Hospital servirá de soporte aos seguintes establecementos:

ACERA DEREITA:

- HOSPITAL DA CARIDADE (1792)
- CUARTEL DE ZALAETA
- HORTA E RANCHOS DE FELICIANO MIGUEZ, MAIS TARDE, FABRICA DE CRISTALES (1830

ACERA ESQUERDA:

- HORTA DO CONVENTO DAS CAPCHINAS (1683)
- CORRALON - FABRICA DE MARCOS E MOLDURAS "LA PROGRESIVA" (1864) - CUARTEL DE ARTILLERIA (1886)
- FABRICA DE CHOCOLATES (1889)
- FABRICA DE GAS (1855)

Como vemos sete establecementos aos que habería que engadir a Horta do Convento das Capuchinas abranguen unha lonxitude de 300,00 metros, primeiro foron

establecementos de usos agrícolas ("Horta e Rancho de Feliciano Míguez", "Corralón", "Horta do Convento das Capuchinas"), logo de utilización benéfica ("Hospital da Caridade"), logo militar ("Cuartel de Zalaeta, Corralón de Artillería) e por último industrial (Fábrica de Vidros, Fábrica de Gas, Fábrica de Chocolates,...).

Dos 450,00 metros de lonxitude da rúa desde a Capela de San Roque ata o Areal do Orzán, só os primeiros 150,00 metros os máis próximos ao Campo da Leña terían usos residenciais.

Pero o que é máis importante e que estes usos de carácter residencial son os primeiros expedientes de vivenda obreira que aparecen nos Libros de Actas do Concello de A Coruña.

Ata a década dos anos 1850, os expedientes de licencia de obra son escasas e oscilan entre un máximo de 19 no ano 1843 e un mínimo de 5 en 1845. Son obras de construcción ou reedificación de casas (un total

de 55 en dez anos), reedificación de fachadas (13 licencias), elevacións de pisos, bufardas e bufardóns (23 licencias) que se sitúan normalmente no interior da estructura urbana, ben sobre parcelas xa ocupadas por vellas edificacións, ben sobre novas parcelas que xurden da división de terreos vacantes nas bolsas interiores da Pescadería (Galera, Franxa, Florida,...) os tipos se moven entre a "casa rural" e a casa de renda de dúas ou tres plantas como máximo.

A partir da década de 1850 iníciase unha maior actividade edificatoria que vai ter unha especial incidencia nas beiras da cidade e dentro das beiras á Rúa Hospital vai ser obxecto da primeira licencia para edificar "DUAS CASAS TERREAS".

Pero o feito que o expediente máis antigo de solicitude de licencia para casas terreas coa correspondente documentación gráfica sexa precisamente este da Rúa do Hospital, podería ser unha simple anécdota.

Agora ben, é interesante ver como nos anos seguintes estas iniciativas seguen a se producir e precisamente nesta mesma rúa e o que é máis importante polo mesmo promotor, don José Sánchez y Andrade "residente en la Villa de Gijón", será quen promova as casas dos números 13 e 14 (dúas casas en 1850), 16 e 17 (dúas casas en 1856) 18, 19, 20 e 21 (en 1861).

Vivenda obreira-casa terrea e o binomio industria-equipamentos para marxinados xa están presentes na década de 1850 nas beiras da cidade.

HOSPITAL DA CARIDADE: 1792

Foi fundado po Teresa Herrera en 1791 iniciándose a súa construcción en 1792 e segundo Bernardo del Río no ano 1800 a "... fábrica está moi adiantada e ademais de admitir como ducia e media de enfermos, está establecida no mesmo Hospital unha Inclusa de nenos expósitos..." o edificio foi aumentándose progresivamente tendo un papel fundamental a Xunta Municipal de Beneficiencia.

Na "Guía indicador de La Coruña y Galicia" de 1900 de Faginas Arcuaz díse que "... ten un bo patio cadrado con arbolado formando rúas, sete salas de enfermería, cinco bastante espaciosas todas independentes e ventiladas nas que poden colocarse ata 120 camas; unha pequena capela, habitacións para administración,..."

"... O número de estancias en estado normal e de oitenta..."

Escariz a fíns do século XIX fala de que pode "... dar cabida a uns 120 enfermos..." ocupando un edi-

ficio contiguo ao Hospital da Caridade, pero dentro do mesmo solar atópase o Hospicio ou Casa de Misedicordia no que a fins do século XIX había, segundo Escariz, entre "... 520 a 550 acollidos que por término medio soen ampararse naquel lugar...".

Neste mesmo edificio atópase a Inclusa ou Casa de Misedicordia, que xa funcionaba no ano 1793.

O Hospital da Caridade sitúase nunha parcela de forma trapezoidal de 60,00 metros de a frente á Rúa do Hospital e 200,00 metros de profundidade máxima con fachada á Rúa de Zalaeta.

Ocupa, polo tanto, unha superficie aproximada de 1 Hectárea.

As Rúas do Hospital e de Zalaeta delimitadoras dos frentes da gran parcela seguen hoxe a ter un papel clave na estructura urbana da zona.

CUARTEL DE ZALAETA.

Nos planos de fíns do século XVIII aparece, xa sinalizado o gran paquete de forma cadrada que é o Cuartel de Zalaeta.

Este Cuartel vai dar nome á Rúa de Zalaeta, que desde a Rúa do Orzán, no seu comezo xunto ao Consulado, percorre o muro lateral de peche do Convento das Capuchinas e atravesando a Rúa do Hospital cunha lonxitude total de 300,00 metros, a anchura desta rúa é de 6,50 metros en todo a súa lonxitude dando frente a ela catro edificios ou establecementos

-- ACERA DEREITA: Convento das Capuchinas e Hospital

-- ACERA ESQUERDA: Corralón e Cuartel de Zalaeta

O Cuartel de Zalaeta ten de frente á Rúa do Hospital unhas 100 varas ou o que é o mesmo, 85,00 metros sendo por esta rúa por onde se realiza o acceso e ten un fondo (frente á Rúa de Zalaeta) de 130,00 metros.



No Arquivo Histórico Militar existe un plano titulado "Plano del Cuartel titulado de Zalaeta, situado en el arenal de la Pescadería de La Coruña, capaz de alojar 300 hombres y 116 caballos, propio en su tercera parte de la Hacienda Militar y las otras dos de particulares levantado por el Capitán del Cuerpo, don Juan Porcell, con rodete, en el año 1839".

Este plano datado en A Coruña en 30 de Abril de 1847, móstranos un edificio rectangular con "fachada principal" na que se sitúa a porta de acceso á Rúa do Hospital, adoptando interiormente a forma de "L" con quinde "... cuadras para a tropa..." dando sobre a Rúa de Zalaeta e unha "... cuadra corrida para 116 caballos..." na parte posterior; un gran patio duns 70,00 metros de lado acupa a práctica totalidade do solar.

FABRICA DE VIDRO E CRISTAL "LA CORUÑESA": (1827 - 1850)

No plano de 1790 que temos reflexado anteriormente os terreos nos que anos despois sesituará a Fábrica de Vidros "La Coruñesa" están sinalados como "Hortas e Ranchos de don Feliciano Míguez".

Feliciano Míguez Pereira era "Coronel Enxeñeiro Director dos Reais Exércitos, Prazas e Fronteiras da S.M."

Os terreos eran chamados da "Provisión" e foron cuartel castrense ao longo da segunda metade do século XIX.

No ano 1796, don Feliciano Míguez Pereira vendeu o terreo a M.F. del Adalid. O terreo tiña 130 varas de lado (108,00 metros) e 94 varas de frente (78,50 metros) e estaba "... pechado por unha muralla de mampostería de 6 varas de alto, incluso os cimentos...".

Unha estreita rúa, dunhas 7 varas (uns 6,00 metros) denominada xa "Rúa do Matadeiro" a separaba do "Cuartel

de Zalaeta".

No seu frente un enorme espacio vacante desembocaba no Areal do Orzán.

No ano 1830 e a iniciativa de Juan Antonio del Adalid y Loredo, instalaríase neste peza a Fábrica de Cristais "La Coruñesa", que mantería a súa actividade ata 1850 as dimensións da parcela variarian sustancialmente xa que a tenor da documentación gráfica consultada avanzaría sobre o Areal outros 60,00 metros, co que a súa lonxitude ou frente á Rúa do Hospital chegou aos 140,00 metros.

Sobre esta industria ten publicado un interesante traballo o historiador Antonio Meijide Pardo titulado "La primera industria coruñesa del vidrio (1827-1850)", nos números 10 e 11 da Revista do Instituto José Cornide

A VIVENDA OBREIRA NA RUA DO HOSPITAL.

O primeiro expediente que se tramita na Rúa do Hospital do que figuran planos no Arquivo Municipal data do ano 1848



Trátase da solicitude do seu propietario don Francisco Arias para amañar os muros que pechan os terreos e casas terreas "colindantes co macelo de carnes" expe-

diente que se inicia o 14 de marzo de 1848. A licencia de data 15 de marzo, concédeselle "... sempre que nelo se amañe á liña recta, sen formar sinuosidades como agora se acha...". Posteriormente a esta data en 21 de xuño de 1848, o propio don Francisco Arias solicita licencia cun plano titulado "Nueva forma que se intenta dar a la casa que llamando valenciano sita en la Calle del Hospital de Caridad número 10". Este plano, de José María Noya móstranos unha casa de planta baixa acorde cos tipos de vivendas rurais. En realidade esta "nova forma" consiste, segundo o informe do técnico municipal, en que a casa "... é terrea e agora trátase de lle agregar un alto máis con ventás antepechadas...". A licencia concédeselle o 7 de xullo de 1848.

Posteriormente haberá un novo expediente que consiste en cambiar as ventás antepechadas por rasgadas "con antepeitos de ferro" que obtería licencia en agosto de 1848.

Sen embargo o inicio do proceso de promoción de

vivendas obreiras con tipoloxías que se xeralizarían po-

la periferia da cidade non terá lugar ata a década dos

cincuenta.



En 14 de marzo de 1850 solicita licencia para cons-

truir dúas casa baixas don Benito de la Torre que asina

como apoderado de don José Sánchez y Andrade que é o do-

no "... do terreo e casa arruinada sita entre os números

13 e 14 do Hospital da Caridade frente ao torno do mes-

mo...".

O plano móstranos dúas casas cun total duns 10,00 metros, é dicir, 5,00 metros cada unha, con dous ocos, unha porta e una ventá.

Este primeiro expediente de dúas casas obtén a licencia o 2 de abril de 1850.



O mesmo promotor será quen en 14 de marzo de 1856, inicie un segundo expediente "... desexando construir de nova plantas as dúas casas terreas na Rúa do Hospital da Caridade sinaladas nos números 16 e 17 ...".

O plano asinado por José María Noya móstranos de novo dúas casas de características similares ás construidas anos antes nos números 13 e 14, cun frente total de 35 pés, é dicir, 9,80 metros, o que quere dicir que cada casa tería uns 4,90 metros incluidos o grosor dos muros da fachada.

Obtén a correspondente licencia o 3 de abril de 1856



Un terceiro expediente do mesmo promotor tense iniciado en abril de 1861.

Trátase dun plano para construir tres casas nos

números 18, 19, 20 e 21.

O plano é de Faustino Domínguez e móstranos as fachadas das tres casas que teñen en total 77 pés de frente, é dicir, 21,50 metros, se ben as dimensións de ancho das tres casas son distintas xa que teñen 24 pés (6,70 metros), 25 pés (7,00 metros) e 28 pés (7,84 metros). O fondo é de 37 pés (10,00 metros). Asemade as casas son de planta baixa e piso.

A licencia concédeselle na sesión de 29 de abril de 1861.

Plano de la Casa Nº 20 de la Calle del Hospital de caridad, con nuevo proyecto de edificacion



No ano 1863 o mesmo propietario solicitaría a am-

pliación da casa número 20 (a que forma esquina) así como a realización dunha luz simulada no centro do machón.

Obtería a licencia o 19 de marzo de 1863.

V.II O AREAL DO ORZAN.



V.II O AREAL DO ORZAN.



Do plano de Coello, existente no Arquivo Histórico Militar, reproducimos o presente fragmento no que se observa claramente o estado no que se atopaba a beira litoral da cidade na parte da Enseada do Orzán na década de 1840.

A Rúa do Hospital, co Cuartel de Zalaeta e a Fábrica de Cristais (1830) na súa acera norte, delimitaban o continuo edificado na zona da beira da cidade. Na acera sur desta rúa, o plano de Coello desliza un erro, xa que a mazá que sinala como "Hospital de Caridade, Hospicio e Casa de Expósitos", corresponde realmente ao Corralón e a varias pequenas edificacións a el adosados dando frente ao que sería a Rúa do Rastro.

Entre a Fábrica de Cristais, o Corralón e as traseiras das casas das Rúas do Orzán e Cordelería, un gran areal sería obxecto, en 1853, da primeira gran operación de "LOTISSEMENT" dun terreo propiedade "do común", precedente inmediato das operacións desamortizadoras dos terreos ocupados polas murallas (1860 e 1873).

A lexislación na que se apoia este proceso sería o Real Decreto de 28 de setembro de 1849 sobre Enaxenacións dos Bens de Propios.

V.II.1 A APERTURA DA RUA DO SOCORRO.

V.II.1A O ALIÑAMENTO E A PARCELACION.

O momento clave no proceso configurador da operación urbanística de maior transcendencia no Areal do Orzán durante o século XIX terá lugar na sesión extraordinaria do Concello de A Coruña de 7 de marzo de 1853.

A gravedade xenerada pola "miseria pública" alcanzará tales niveis que a burguesía local procederá a movilizarse a través de organismos como a Xunta Municipal de Beneficiencia que á súa vez se constituira en Xuntas Parroquiais e de Distrito nunha estructura organizativa sen precedentes na propia cidade. Pola súa banda o Gobernador Civil dictara unha circular publicada nos Boletíns Oficiais da Provincia de 24 e 25 de febreiro de 1853, na que traspasaba a responsabilidade aos Concellos pois "... o Corpo Provincial nin pode reunirse nin deliberar actualmente ningunha materia sen unha Real Autorización previa...", polo que requería aos Concellos para

que "... dicten prontas disposicións para atendelas e - remediala na maneira que poidan eo celo lle suxira..." propoñendo ao Concello de A Coruña a aportación á Xunta Municipal de Beneficiencia de 10.000 reais para socorrer a mendicidade pública e privada ao tempo que suxería que "... se digne acordar obras públicas e que a súa clase sexa susceptible da admisión principalmente de braceiros ou xornaleiros sen oficio a fín de lle proporcionar un xornal módico e propio para adquirirse o seu sustento que é o noso esencial propósito. Deste xeito conseguiremos tres obxectivos altamente interesantes: Estirpar a vagancia, alimentar aos individuos ociosos e evitar as fatais consecuencias da primeira..." chegando na circular a fixar os salarios dos traballadores "... para que con él poidan axenciar o mantemento persoal tomando en consideración ademais que o producto do traballo que fagan será de pouca importancia e co que por conseguinte debe estar en relación o estipendio...", este salario sería de dous reais diarios para os homes, oito cuartos

para as mulleres e catro cuartos para os nenos maiores de dez anos (8,5 cuartos equivalen a 1 real). Neste momento de 1854 o salario que o Concello de Madrid pagaba aos 6.500 xornaleiros que contrata cun creto extraordinario do Goberno era de 6 reais diarios.

A elocuencia desta Circular na que os nenos maiores de dez anos teñen cabida nas obras promovidas polo Concello, é dicir, financiadas cos fondos Municipais con ingresos procedentes dos petos das capas populares (impostos indirectos que gravan os artigos de "...comer, beber e arder..") vai permitir que a burguesía especuladora utilice en beneficio propio a desgracia de miles de cidadans ao incorporar de xeito controlado polas Xuntas Municipais de Beneficiencia, man de obra barata que recibirá o imprescindible para que se "... poidan axenciar o mantemento persoal...", é dicir, a reproducción da forza de traballo ao tempo que fará descender as demandemandas salariais dos traballadores ocupados. Sen embargo dificilmente esto podería ser unha solución, o

precio do pan en 1854 oscila entre 5 e 10 cuartos a peza de 2 libras, co que quere dicir que apenas ganaban para comer pan.

Pero ao tempo que amortigua a conflictividade social latente e desactiva os movimentos sociais, sindicais e políticos en cermes ("... frente ao socialismo, Beneficiencia...") a burguesía local dirixida polo Alcalde Juan Flórez, vai elaborar unha proposta urbana que lle permitirá apropiarse a baixo precio de perto de 6 hectáreas de chan no Areal do Orzán co obxeto de "...dar traballo á pobreza útil...".

A operación consistía nun pensamento "... que non é de agora...", xa que "... varios comerciantes e artistas do Pobo (...) que oficial e extraoficialmente solicitaran permiso para edificar nese lugar..." que resultaba idóneo especialmente para establecer almacéns de efectos e xéneros de comercio e obradoiros, polo que "... unha das obras que propoño é o desmonte, explanación e remoción de entullos ou terras que existen por

todo o frente dos almacéns do Areal do Orzán para que os veciños que o desexen poidan edificar nese sitio formando unha rúa espaciosa aumentando e fermoseando a poboación, todo baixo o proxecto e planos que adxunto, teño a honra de acompañar...".

MODELO TEORICO 1853



ESCALA 1:1.0

Este proxecto e planos, dos que non chegamos a localizar a súa documentación, estaría a bon seguro redactado polo entón arquitecto municipal José María Noya e a tenor do expresado na mesma sesión polo propio Juan Flórez e que resultaría aprobado unanimemente polo Conce-

llo, consistía nunha rúa central de 13 varas de ancho (10,86 metros) na que se apoiarían un total de 25 solares.



Os solares previstos tiñan un frente de 8,75 varas (7,30 metros) e un fondo de 24 varas (20,00 metros) alcanzando cada solar uns 146,00 m2 de superficie, podendo con estas dimensións, construírse 25 edificios baixo o deseño que regula o Concello para almacén ou finca habitable a vontade do que o pida.

É dicir, un auténtico precedente dun "polígono decimonónico" no que o coste das obras de urbanización - (desmonte, explanación e remoción de terras xunto

coa pavimentación da rúa coa correspondente acera de 2 varas da ancho "... con pedra da máis dura do monte dos chaos atendendo a que por ela non debe marchar a carretería, pois só servirá para o paso das persoas, xunto coa construcción dunha cloaca xeral para o desaugue e saída das inmundicias...") alcanzaban os 74.516 reais.



Este custe sería pagado polos que solicitasen construír as edificacións e co que se abonaría á "pobreza útil" un xornal para que "... poidan adquirir o pre-

ciso para a súa subsistencia..." e que executaría un traballo que o Gobernador entendía "... de pouca importancia...".

O "Prego de Condicións" era un documento que acompañaba ao proxecto e regulaba o alcance das obras de urbanización, a súa financiación, as ordenanzas de edificación, a tramitación dos expedientes de obra, os prazos de execución, as obras preferentes e a tramitación de solicitudes para adquisición de solares.

Unha primeira condición que concretaba a obriga da entrega polos peticionarios de 3.000 reais/solar no acto de solicitude da licencia para edificar concretándose o DESTINO EXCLUSIVO deses ingresos nas obras de urbanización (desmonte, explanación e traslación de terras, construcción de cloaca xeral para o desaugue e do muro de sostemento do malecón contra o mar deixando, entre o muro e a traseira dos novos edificios, unha rúa de 7 varas (5,85 metros).

Na segunda condición, regúlase os mecanismos ECO-

NOMICOS ou de financiación da obra a partir dun SISTEMA DE COOPERACION entre o Concello e particulares polo que o Concello asumía a dirección facultativa das obras de urbanización "... co obxecto de asegurar a uniformidade e perfección da mesma...", en tanto que a financiación correría a cargo dos particulares que resultasen adxudicatarios entre os que o Concello nomeaba un DEPOSITARIO ADMINISTRADOR para o cobro e pago dos gastos.

Unha terceira condición era unhas auténticas ORDENANZAS DE EDIFICACIONS que regulan ALTURAS, MATERIAIS A UTILIZAR, ETC..., ao tempo que concretaba que os edificios suxeitaranse ás liñas que se designen e á orde e arquitectura expresadas no plano número 2 esixindo que o corpo baixo tería 19 cuartas e o primeiro piso 15 cuartas, ao tempo que os dinteis fosen circulares nas portas e luces do corpo baixo, sendo rasgadas as ventás do segundo piso.

Introducianse ademais normas de carácter constructivo (que serían incorporadas un ano máis tarde cando se

redacten as Ordenanzas Municipais de 1854) obrigando a que as edificacións se constrúan con zócalo, pilastras, impostas, cornixas e xambas de cantería (artigo 69 das O.M. de 1854), e que os antepeitos das ventás rasgadas do primeiro piso sexan de ferro (artigo 78 das O.M. de 1854). Obligaba, asemade, a construír un "SOTABANCO" sobre a cornixa para ocultar as tellas e a recoller as augas pluviais do tellado e conducilas á cloaca xeral.

Asemade se daba un prazo para iniciar as obras nun máximo de tempo de seis meses a partir do momento en que se dou a licencia de construcción, requisito éste que se tramitara presentando o interesado ao Concello "... un - deseño da distribución e colocación das portas e luces con suxeición no xeral ás bases da condición terceira.."

Rematado o prazo, e requerido polo Concello de non cumprilo o adxudicatario, perdería todo dereito ao permiso para edificar, así como o reembolso das cantidades que tivera entregado, que se invistiría no beneficio da nova rúa.

A Sexta condición plantexaba unhas prioridades á hora de proceder á adxudicación dos solares preferindo aqueles que "... pretendan construír fábricas polos beneficios que delas poda reportar ao vecindario...".

A Séptima e derradeira, referíase ao xeito de tramitación das solicitudes para a adquisición dos solares polo que se abría un prazo de 20 días desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo reseñar o número de solares que pidan e o obxeto a que pretenden destinalos.

O acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de 11 de marzo de 1853.

ANUNCIOS OFICIALES.

Ayuntamiento constitucional de la Coruña.

Deseando el Ayuntamiento acudir por todos los medios á su alcance al alivio de la miseria pública de esta capital, ha resuelto promover obras de un genero tal que en ellas pueda dar ocupacion á los menesterosos, hombres, mugeres y niños mayores de diez años, habiles para el trabajo, para que con el jornal que respectivamente ganen puedan adquirir lo preciso á su subsistencia. Llevado de este interesante propósito, que contribuye ademas al ensanche y hermosura de esta poblacion, ha determinado, con la aprobacion del Sr. Gobernador de la provincia, permitir la edificacion de fabricas, casas, talleres, almacenes, ú otras fincas en el sitio llamado Arenal del Orzan, formando una linea paralela á la de los muros que cierran los corrales de las casas de las calles del Orzan y Cordeleria, y fachadas de almacenes existentes en dicho lugar, con una calle intermedia de unas trece varas de ancho. Esta linea está dividida en 25 solares para edificios de 8 3/4 varas de ancho y de 24 varas de largo ó fondo.

En su consecuencia los que gusten construirlos en el punto, pueden concurrir á esta Secretaria á enterarse de condiciones, bajo las cuales se concede el permiso, y presentar luego en la misma dentro del término de veinte dias, contados desde la insercion de este anuncio en el Boletin oficial la correspondiente solicitud en que espresarán precisamente los solares que necesiten, la clase de edificio que hubiesen determinado construir, y el objeto á que piensen dedicarlo.

Obtenido que sea este primer permiso deben someter en seguida á la Corporacion municipal el diseño del edificio á que aquel se refiera, designando la distribucion de luces que convenga hacer para que pueda aprobarse ó dictarse la reforma que se estime arreglada al buen ornato, euritmia y unidad.

Lo que por acuerdo del muy Ilustre Ayuntamiento se anuncia al público para su conocimiento y fines mencionados. Coruña 9 de Marzo de 1853.—Francisco Ripamonti, Secretario.

Anotado número 172.

V.II.1B AS EDIFICACIONS: AS INDUSTRIAS.

Imos proceder a continuación a pasar a salientar toda unha serie de expedientes de edificacións promovidos nos solares do Areal do Orzán, na Rúa do Socorro.

De entrada, salientar que o proceso de construcción iníciase en abril de 1853, un mes despois de publicado o anuncio no B.O.P., cando se conceden as dúas primeiras licencias nas sesións dos días 14 e 25. Posteriormente construiráse as Fábricas de Gas, de Fariñas, etc..., das que imos facer a seguinte relación:

1853: A PRIMEIRA LICENCIA: DE ALMACEN A ASILO

A SEGUNDA LICENCIA: DE ALMACEN A CARCERE

1855: A FABRICA DE GAS

1856: A FABRICA DE FARIÑAS

1859: A FABRICA DE SERRA E PUNTAS DE J. CERVIGON

1862: A FABRICA DE PAN ROLLAND

1864: A FABRICA DE SERRAR E LABRAR MADEIRAS, MOLDURAS... "LA PROGRESIVA".

1886: O CUARTEL DE CABALEIRIA

1889: A FABRICA DE CHOCOLATE E PASTAS



¿Que tipo de industrias se instalan no Areal do Orzán?.

Inicialmente son de DOUS TIPOS: DE ALIMENTACION e de MATERIAIS OU ELEMENTOS PARA A CONSTRUCCION.

1.- En primeiro lugar, son de salientar as INDUSTRIAS ligadas a ALIMENTACIONS: Fábrica de Fariña, Fábrica de Pan Rolland, Fábrica de CHOCOLATE E PASTAS. O negocio da producción de alimentos, e concretamente o negocio do pan como consecuencia da demanda de alimentos pola crecente poboación, é un feito. Ademais que non hai que esquecer que o ser A Coruña porto de saída e chegada de barcos con destino ás Américas, faría posible o servir de abastecemento dos buques que atracaban no porto.

2.- En segundo lugar INDUSTRIAS ligadas á construcción DE EDIFICIOS (Fábrica de Marcos e Molduras "La Progresiva", Fábrica de Serra e Puntas "J. Cervigón", Fábrica-Almacén de mobles de J. Pola), o que implica un mercado cunha demanda de EBANISTERIA e CARPINTERIA (PORTAS, VENTAS, GALERIAS, MOLDURAS DE MADEIRA para os PORTAIS, SALONS, GABINETES, ETC..) dos edificios, así como o MOBILIARIO da vivenda burguesa.

Sen embargo o fracaso de "INDUSTRIALIZACION" na cidade é ben patente na conversión, aos poucos anos, de varios establecementos INDUSTRIAIS en ESTABLECEMENTOS DE BENEFICIENCIA ou CUARTEIS.



Por último unha cuestión a salientar é o tamaño das novas parcelas, ningún destes expedientes recolle o solar-tipo (7,30 metros de frente e 20,00 metros de fondo) o que nos indica que o proceso de subastas e adxudicación foi limitado a un reducidísimo número de adqui-

rintes que compraron cada un deles varios dos solares: Así o almacén da primeira licencia ten 80 pés de frente (uns 23,00 metros), o da segunda licencia ten 235 pés (66,00 metros), a Fábrica de Gas alcanza 150 pés (42,00 metros) a Fábrica de Fariñas alcanza 215 pés (60,00 metros) e a Fábrica de Mobles de Cervigón alcanza os 78,00 metros.



Só estes CINCO edificios absorben a totalidade do

frente da acera esquerda, a que ten a parte posterior ao areal. Polo tanto un tamaño de parcela de grandes dimensiones do parcelario da cidade existente, cuias mazás son, en moitos casos, de menores dimensións que unha única parcela da Rúa do Socorro.

1853: A PRIMEIRA LICENCIA:

DE ALMACEN (1853) A ASILO (1861)

Un exemplo significativo do que ía acontecer coa iniciativa "benéfica" de urbanizar os terreos do areal do Orzán para a construcción de industrias e almacéns, vaínola ofrecer o primeiro edificio que solicita licencia nun dos solares da Rúa do Socorro. Trátase do expediente iniciado por don José Presas para construir un almacén no "Orzán sen número" cuia tramitación se desenvolve no mes de abril, concedéndoselle a licencia na sesión do día 14 de abril de 1853.

Don José Presas era membro dunha influente familia na actividade económica coruñesa propietaria dunha fábrica de salazón na Palloza, así como de varias embarcacións entre as que destacaba o bergantín-goleta "Fé" que facía a rota con Cuba.

Construíuse o edificio nun solar en esquina, case cadrado, dando o frente á Rúa do Socorro e a fachada la-

teral á Rúa da Cancela alcanzando os 80 pés (22,5 cm.) de profundidade. Constaba de planta baixa e piso que ocupaban a totalidade do solar.

Pouco debeu durar a actividade industrial desenvolvida por don José Presas no edificio, xa que oito anos despóis de obtida a cesión do terreo e a licencia de edificación e unha vez que o tiña construido, vendeuno á Asociación de Señoras da Beneficiencia cuia Presidenta, dona Juana de vega, Condesa de Espoz e Mina, solicitou licencia para ampliación dun segundo piso o día 26 de marzo de 1861, para adicalo a Asilo de Mendicidade. O proxecto de ampliación está redactado por Faustino Domínguez e datado no mes de abril de 1861 e refírese exclusivamente a parte da edificación que dá á fachada, é dicir, no frente da Rúa do Socorro.

Segundo manuscrito de Escariz, obrante no Arquivo Histórico Municipal, constaba de seis grandes dormitorios, dous amplios corredores e outras dependencias funcionando ademais como escola de instrucción para os asi-



lados con habitación para mestre e capela.

A cabida era de cento cincuenta persoas, aínda que normalmente o número oscilaba entre os cen e os douscentos atendidos por seis monxas, Irmanciñas da Caridade.

Sen embargo un tema tratado no expediente a partir do voto particular dun Concellal, dános luces de como os donos das parcelas do areal incumplen as obrigas impostas polo Concello como compensación aos sucesivos avances sobre o areal, tanto nos aspectos sanitarios, como nos de trazado e urbanización (primeiro apartado do Prego de Condicións) do camiño posterior. O voto particuar fai mención a que "... xa que o destino dese edificio é para albergue dunha porción de desgraciados..." debera de procurarse dotalos dun mínimo de condicións hixiénicas no exterior xa que "... o caño por onde surten as augas inmundas procedentes do mesmo, quedou ao descuberto nunha situación tal, que non é posible evitar que as súas emanacións fétidas perxudiquen a saúde dos seus moradores pola proximidade ao edificio no que se acha...", polo que para preveer sucesos lamentables, dos que aínda había recentes lembranzas, plantexa "...que se impoña ao propietario a obriga de alongar o caño do alcantarillado cara o Orzán nunha distancia de 18,38 metros para sepa-

rar as augas inmundas do edificio...".

Este verquido, que recollía tódalas augas suxas da Rúa do Socorro, debía ser dunha certa importancia xa que, aparece sinalizado en diferentes planos xerais da zona como "... caño de desaugue da Rúa de Socorro..." e corría ao longo da Rúa da Cancela saíndo á superficie no fondal das parcelas cara o mar.

Neste voto particular o Concellal explica como o avance dos edificios pola súa fachada posterior cara o mar, se realizou coa condición de que os donos procederían a encher de entullos a continuación para formar un camiño de comunicación que posibilitara o tránsito do público "... ningunha de cuias condicións se cumpliu ata o de agora...", polo que considera que debe imporse aos solicitantes que cumplan esas condicións "... que gravitan sempre sobre a finca...". Propostas ambalasdúas que son recollidas na concesión da licencia polo Alcalde na sesión de 11 de maio de 1861.



Posteriormente, o 7 de agosto de 1861, por parte de Juana de Vega, tramítase un novo expediente no que se pretende a elevación dun segundo piso "... no costado

do Asilo de Mendicidade..." para o que se adxunta un plano de Faustino Domínguez, datados en agosto de 1861, "... sinalando en tinta bermella o piso que se pretende elevar nesta parte do edificio...".

A licencia é concedida o 12 de agosto de 1861.

1853: A SEGUNDA LICENCIA:

-- DE ALMACEN DE MUEBLES (1853) A CARCERE DE MULLERES (1861)

-- O NOVO ALIÑAMENTO SOBRE O AREAL DO ORZAN (1859)

O segundo expediente tramitado na Rúa do Socorro é o iniciado por don Franscisco Pola que solicita licencia para a construcción dun edificio destinado a almacén de mobles, licencia que obtén na sesión de 25 de abril de 1853.

O edificio, cunha lonxitude duns 235 pés (66,00 metros), ocupaba todo o frente á Rúa do Socorro entre o actual Calexón da Cancela e o Pasadizo do Orzán cun fondo medio de 90 pés (23,00 metros).

As sucesivas variacións pola parte posterior na parcela da Fábrica de Fariñas, situada ao lado desta, Pasadizo do Orzán en medio, influiron nas iniciativas de don Francisco Pola que solicitou no ano 1856 se lle permitira avanzar o peche da súa finca sobre o areal á liña

que o Concello permitira á Fábrica de Fariñas. Esto motivou un expediente no que se concretou o avance que pretendía "... 34 varas (28,40 metros) desde a casa que posúe en dirección ao areal e 79 varas (66,00 metros) por toda a extensión da súa mencionada casa pola parte leste-oeste...", é dicir, tratábase da cesión de 1874,40 m2.



O novo aliñamento dos terreos pola parte posterior sería trazada nun plano a cor con data 20 de maio de 1859 redactado por José María Noya, titulado "... Plano

iconográfico da posición topográfica que actualmente teñen as mazás de almacéns e fábricas situadas entre a nova Rúa do Socorro e o Areal do Orzán no que se manifesta con liñas de carmín a actual posición dos edificios e con outras de amarelo o aliñamento que en sentir do arquitecto que suscribe, corresponde sinalar ao edificio de don Francisco Pola e ademais construidos e que aínda poden edificarse...".

O plano configura un novo aliñamento polo que os almacéns de mobles de Pola avanzaría uns 185 pés sobre o Areal, é dicir, uns 51,80 metros en todo o seu frente o que lle permitiría gañar uns 3.418,00 m2, é dicir, o doble do que pretendía inicialmente.

A proposta do técnico municipal avalada polo informe favorable da Comisión de Policía e Ornato Público foi sometida a sesión do Concello de 18 de maio de 1859 que acordou aceptala e concederlle a liña consignada no plano para o cerramento que proxecta pola parte posterior do seu edificio pola Rúa do Socorro "... sen ser

visto entrometerse no que concierne ao terreo...", e dicir, o Concello permite pechar esos 3.418,00 m2 de terreo do Areal do Orzán sen se someter no tema da propiedade do mesmo.

O expediente foi aprobado polo Gobernador en data 20 de maio e confirmado no anterior acordo polo Concello na sesión de 30 de maio de 1859.

Esta nova liña serviu de referencia nas concedidas posteriormente aos outros dous almacéns de don José Presas e don José Cervigón, como veremos máis adiante.

Cando no ano 1862, don Francisco Pola, procedía a construir a muralla de peche, foi paralizado pola Garda Municipal, o que implicou a necesidade dunha intervención directa da Comisión de Policía.

Ésta pon de manifesto a actitude de sucesivos avances que os particulares virán realizando sobre o Areal do Orzán co consentimento das diferentes corporacións municipais. neste caso, a Comisión de Policía, en 30 de xullo de 1862, refírese á dificultade que existe

de saber cal é a liña máis convinte, dado que o terreo variou considerablemente debido aos entullos que se foron amontoando para facer retroceder o mar.

Máis expeditiva resulta a actitude do máximo mandatario municipal que, en agosto de 1862, vistos tódolos informes, deixa sen efecto a suspensión das obras realizadas polo garda municipal da demarcación ao tempo que nunha certificación que emite en 1864, xustifica a súa decisión en que a nova liña de edificación "... dada ata se introducir na mar do Orzán onde o dono tivo que edificar custosas murallas con escollera, obtivo un aumento de solar que se aproxima a uns 42.061 pés cadrados, cuio valor no día non baixará de 84.122 reais e que en atención deste beneficio que conceden as ordenanzas municipais desta capital a tódolos donos de fincas que adiantan á nova liña, impúxolle a Excma. Corporación varias condicións e entre elas, a de pechar o expresado terreo decorándoo debidamente con formais de fachada en beneficio do ornato público prolongándose ademais as vías pú-

blicas ata o nivel da muralla que dá ao mar e facendo pola súa conta as cloacas xerais de desaugue...".

Por esta certificación coñecemos pois, o avance gratuito sobre 42.061 pés cadrados ou o que é o mesmo, un rectángulo de 235 pés de ancho da finca (66,00 metros) por 179 pés de avance sobre o Areal (50,00 metros) é dicir, uns 3.300,00 m2 de superficie.

Sen embargo, o edificio xa non estaba destinado a industria ou almacén, xa que no ano 1861, don Francisco Pola procedera a arrendalo "... á Facenda Pública para Casa Galera...".

O edificio, construido poucos anos antes, estaba destinado a Cárcere de Mulleres e nel "... hai reunidas preto de catrocentas penadas que non tendo a ventilación nin desafogo dabondo por carecer este edificio dun gran patio..." suplicaba o propietario que se lle permitise "... continuar a muralla empezada prolongando a súa liña traseira coas dos señores Núñez e Casas...", solicitude que provocara todo o conflicto anteriormente salientado.

1855: A FABRICA DE GAS

O establecemento industrial que ocupa a maior superficie, instalado no Areal do Orzán despois do acordo municipal, data de 1855, abarcando unha superficie de terreo de 9.000,00 m2.

O seu trazado tomou como referencia, polo sur, a RUA DO SOL, dispóndose apoiada no lado dereito da súa prolongación cara o mar, e polo oeste, a Rúa do Hospital a Fábrica de Vidros que viña funcionando desde 1830.

Trazouse unha paralela á Fábrica de Vidros. A súa delimitación toma como referencia na que se apoia a prolongación da Rúa do Sol, nunha lonxitude de 80,00 metros a partir do frente da Rúa do Socorro, lonxitude ésta á que aspirarán a chegar tódolos solares.

Ocupaba unha mazá completa de forma de pentágono irregular, que se apoiaba nun lado de 150 pés (42,00 metros) con frente á Rúa do Socorro e estaba rodeado de tres calexóns cuio trazado toma como elementos de refe-

rencia a prolongación da Rúa do Sol e a prolongación da Rúa do Matadeiro de 35 pés de ancho (uns 8,00 metros) cada unha delas.

A lonxitude do lado, con frente á prolongación da Rúa do Sol que alcanza os 80,00 metros, servirá de referencia ao resto dos almacéns ou fábricas que se instalen no lado do mar e que inicialmente tiñan 25,00 metros de fondo e que solicitaran sucesivas ampliacións avanzando gratuitamente sobre o areal ata alcanzar eses 80,00 metros. Inicialmente, en 1855, o Concello contratou os servicios da Compañía por trinta anos renovándose o contrato en 1882 antes de rematar o prazo fixado. Sucesivas ampliacións da parcela inicial, tanto no chafrán que daba ao Areal do Orzán, como no lado norte.

O enxeñeiro baixo cuia dirección se desenrolou o proxecto foi Francisco Saunier.

O alumeado inaugurouse o primeiro de decembro de 1855 somentes da Pescadería ampliándose a toda a poboación nos anos seguintes ata 1857.

1856: A FABRICA DE FARIÑAS

A demanda de alimentos vai ser un dos aspectos máis interesantes na valoración desta época debido á crise de subsistencias e o aumento de poboación. En especial o tema do pan vai xerar fortes movimentos especulativos que provocan serios conflictos sociais polo que non é extrano que xa desde o Regulamento de 1837 sexa o único alimento que vai ser sometido á tasación previa.

Outro indicador do interese que alcanza o "negocio do pan", é que unha das primeiras iniciativas para a construcción dunha industria nos terreos da Rúa do Socorro é o da "Fábrica de Fariñas".

O 16 de maio de 1856 don José Núñez de la Barca e don Francisco Casas de Casas, solicitan que se demarquen as liñas para construír un edificio con destino a Fábrica de Fariñas no terreo da súa propiedade



No informe do arquitecto municipal, José María Noya, do 20 de maio de 1856, se acompaña un pequeno croquis explicativo no que se delimitan as parcelas e rúas que rodean ao terreo:

Polo norte, a Fábrica de Gas da que o separará unha rúa de 30 pés (8,34 metros) de ancho agardando co edificio da Fábrica "... un riguroso paralelismo..." e que formará a continuación da Rúa do Sol.

Polo leste, daría frente á Rúa de Socorro na que continuará as liñas do Almacén de Mobles, xa construído polo Sr. Pola.

Polo sur deixaría tamén unha rúa de 30 pés entre o edificio do Señor Pola e o terreo que se pretende delimitar.

E por último polo oeste, é dicir, pola zona do Areal do Orzán, o alineamento continuará cunha liña oblicua a prolongación do chafrán no que remata o cerramento da Fábrica de Gas.

Sen embargo, José María Noya considera que este alineamento debería regularizarse polo que plantexa que a figura a adoptar polo terreo da futura Fábrica da Fariña sexa de forma rectangular (A, B, E, F) avanzando o ángulo S.O. sobre o Areal, e retrasándose no ángulo N.O. co que quedaría compensado e resultaría un baldio na parte posterior (E, F, H, Y) que podía ser utilizado para calquera outro edificio como solar.

O informe da Comisión de Policía apoia a proposta do Municipal ao considerar que o alineamento que xurden da referencia das liñas da Fábrica "... é a todas luces viciosa e non pode conducir a outro fín que a desperdiciar o terreo..." polo que debe adoptarse á que propón o técnico, por que non só se abre a posibilidade de gañar un novo solar na traseira do terreo da Fábrica da Fariña senón tamén no colindante que está detrás "... da Casa do Señor Pola que constituirá tal vez un espacio de 42 a 45 varas de distancia do fondo desta..." polo que aparece a posibilidade de construír unha mazá perfectamente regularizada. A fixación da liña, segundo esta proposta, realizouse en 26 de maio de 1856.

Posteriormente en 31 de maio do mesmo ano, D. José Núñez e D. Francisco Casas solicitan a correspondente licencia de obra acompañando plano asinado por José María Noya no que no solar de forma rectangular 63,50 metros de frente á Rúa do Socorro e 55,00 metros de fondo encerrabase cun murallón de 5,00 metros de altura no que

se situaba un edificio de planta baixa e dous pisos no ángulo N.E. na esquina de confluencia da Rúa do Socorro coa prolongación da Rúa do Sol.



Se ben os ocos das plantas altas "...están en contradición co que se prevén no artigo 81 das Ordenanzas Municipais..." o arquitecto municipal opina que, dado o obxecto ao que é destinado o edificio podería realizarse xa que "... a arte non proscribe este tipo de construcción nin aínda nos edificios de primeira orde...".

Asemade se expresa o Arquitecto sobre a muralla dado que o artigo 83 das Ordenanzas Municipais prohíben levantar tapias ou murallas que den ás rúas públicas "... a non ser que se figure fachada regular de casa..." polo que considera que sexa a propia Comisión a que decida sobre este punto que "... tampouco o rexeita a arte e que o sistema de cerramento que se desexa e permitido nas principais poboacións de Europa...". Cos informes - favorables da Comisión condicionados a que o edificio "... permañeza destinado a aquel obxeto..." (Fábrica da Fariña), concédeselle a licencia en 12 de xuño de 1856.

Un segundo expediente iniciaríase en outubro de 1856, sete días despois de que D. Francisco Pola, propietario do edificio colindante, destinado entón a almacén de mobles, solicitara que se lle permitise o avance sobre o Areal en liña coa parte posterior da Fábrica de Fariñas. Neste segundo expediente os propietarios da nova Fábrica de Fariñas plantexan que "... necesitan algún terreo máis ás costas do edificio para depósito de ma-

deiras, carbón e outros enseres e sendo de pública utilidade a Industria...", piden ao Concello que se lles conceda o terreo que piden no Areal.

A pretensión de que se lle concedera "...os terreos que median entre o edificio e a Fábrica de Vidros por ser un baldío sen servicio cheo de entullos que afea aquel local...", foi valorada positivamente polo Concello despois de que, Juana de Vega e Sebastián Casas, concretaran a súa pretensión delimitando "...entre a Fábrica de Fariñas e a de Vidros do sr. Adalid, gardando as liñas da Rúa do Sol, da que forma a devandita Fábrica de Fariñas e o edificio do sr. Pola e a do Hospital da cidade...", é dicir, plantexaban un avance sobre o areal duns 220 pés (61,00 metros).

En primeiro de setembro de 1857, comunícase ao Concello que a parte de don José de Veiga na Fábrica de Fariñas, foi vendida a don Sebastián de Casas; o outro propietario era don José Núñez de la Barca.

Fachada de la casa-panadería que intentan construhir los Sres Nuñez y Casas, en el angulo de la muralla de la Fabrica de Lanas calle del Socorro



Lugo 14 Agto 1858.

Faustino Domínguez

No ano 1858 solicitan permiso para elevar "... unha casa-panadería cunha planta..." segundo proxecto redactado por Faustino Domínguez, licencia que se lle concede na sesión de 14 de agosto de 1858.

1859: A FABRICA DE SERRA E PUNTAS DE DON JOSE CERVIGON.

Os diversos expedientes de obras para a construcción dunha Fábrica de Serra e Puntas, promovida por don José Cervigón, van desenrolarse ao longo de dez anos ata que alcanza a súa configuración definitiva durante a súa primeira época.

Adquiridos os terreos en remate público o 11 de marzo de 1859 de acordo coa Lei de Madoz de 1º de maio de 1855, solicita licencia de edificación en data 2 de xuño co obxecto de proceder a construir uns almacéns na Rúa do Socorro. O terreo lindaba co de don José Presas, a quen anos antes se lle concedera a primeira licencia de edificacións. Os planos estaban redactados por Faustino Domínguez.

O solar tiña uns 78,00 metros de frente á Rúa do Socorro no que se dispoñía no proxecto unha muralla de 60,00 metros de lonxitude en cuio centro abría un portalón.



Na parte lindante co almacén de don José Presas, levantábanse dúas edificacións de 9,00 metros de frente cada unha que tiñan un corpo e dous corpos respectivamente. Esta disposición dos dous edificios no extremo dereito da fachada sería criticada por José María Noya no seu informe no que expresa "... que os dous edificios que, no mesmo plano se figuran reunidos, deben colocarse ailladamente e ao extremo cada un da muralla de cerra-

mento que se proxecta único medio de proporcionar a euritmia que preveñen as ordenanzas municipais e prescriben as reglas da boa arquitectura...", criterio éste que que este que sería avalado, tanto pola Comisión de Polocía (19 de xullo de 1859), como polo Concello na sesión de 13 de agosto de 1859 no que se concede a licencia co aliñamento da Rúa do Socorro en liña co almacén do señor Presas xa construido, sen embargo, o conflicto aparecerá anos máis tarde en 1868, con motivo do aliñamento posterior ao Areal do Orzán onde deberá ir unha rúa de acordo co proxecto orixinal.

Ata ese momento, tíñanse tramitado varios expedientes de construcción nos que se ia ampliando as edificacións:



No ano 1861, no mes de marzo, solicita licencia para unha casa dun corpo.



En maio de 1861 para un almacén de dous corpos.

Plano del almacen que intenta construir D. José Corregon en la calle del Secreto.



Mayo de 1863.

Agustin Gonzalez

En maio de 1863 outro almacén de planta baixa.



No mes de xullo deste mesmo ano de 1863, solicitase licencia para novos almacéns ocupando a parte central na que se situaba un gran portalón. Resultaba así unha edificación corrida en todo o frente da Rúa do Socorro "... formando un vasto edificio que contribuirá a embelecer a rúa na que está situado..." (informe de Juan de Ciórraga de 20 de xullo de 1863). A concesión de licencia realízase na sesión de 31 de xullo de 1863.



No ano 1868 e por motivo de iniciar unha construcción sobre o terreo inmediato do areal no lado sur pegado á edificación existente abríuse un expediente no que quedou de manifesto que, se ben a superficie adquirida por don José Cervigón e que constaba na escritura de ad-

quisición era de 1.504,20 m2, na realidade alcanzaba os 3.121,32 m2, segundo a medición realizada por Juan de Ciórraga quen nun extenso informe expresaba como este aumento se fixera sobre os terreos de areal que a facenda pública non podía vender "... nin o señor Cervigón - comprar un terreo que facía xa seis anos aproximadamente estaba destinado e era de feito vía pública...".

O proceso é longo e contradictorio, e se ben o Concello denégalle na sesión de 22 de abril de 1869 a - licencia de construcción da edificación iniciada, por considerar que se están levantando sobre terreos públicos, Cervigón recurre á Deputación Provincial, organismo que revoca o acordo do Concello. A concesión da licencia dada por este organismo, está avalada polo Gobernador Provincial en 30 de setembro de 1869.

1862: A FABRICA DE PAN ROLLAND.

Outros dos expedientes tramitados na Rúa do Socorro, sería o dunha Fábrica de Pan e Sustancias Alimenticias polo sistema Rolland.

Promovido por don Froilán Arias Carvajal en marzo de 1862 sitúase "... no terreo inmediato á Fábrica de Cristais e á do Gas, e a Rúa do Sol...".

A licencia para proceder á construcción, concedéuselle na sesión de 25 de abril de 1862.

1864: FABRICA DE SERRAR E LABRAR MADEIRAS, MOLDURAS E MARCOS DOURADOS "LA PROGRESIVA".

No apartado da industria do aserrado, a fábrica máis importante da cidade de A Coruña, situábase no número 10 da Rúa do Socorro.

Na "Historia Comercial da Cidade de A Coruña" de Francisco Tettamancy na páxina 156, díse dela que é "... dunha importancia superior..." compoñéndose "...dun taller mecánico a vapor de carpintería, tornería, ebanistería "... a labor que sae destos talleres é digna de eloxio e sen competencia na península...".

A PRIMEIRA LICENCIA: 1864

A primeira noticia sobre a iniciativa de Luis Puig y Marcelí para promover "...unha fábrica de serra e preparación de madeiras con arreglo aos últimos adiantos da arte...", ten lugar o 20 de xuño de 1864. Nesta data diríxese ao Alcalde de A Coruña para que se lle permita

facer unha serie de obras no "... gran patio do Corralón..." para axeitalo para tal empresa. Ao tratarse de obras nun edificio arrendado, pretende que estas obras sexan as "... puramente indispensables para satisfacer o obxecto ao que o devandito local se destina...".

Concretamente, trataríase nos frentes exteriores ás Rúas do Socorro (Beneficiencia) e do Corralón, de formar unha liña regular no murallón que o pecha, ademais de construir unha gran porta labrada "... cun ancho de 10 cuartas e un alto proporcional...".

A necesidade de aportar os correspondentes planos, demandados polo arquitecto municipal e o Concello en 8 de xullo de 1864, fai que en 22 de xullo, don Luis Puig y Marcelí presente a documentación requerida que consiste nun plano datado en 18 de xullo e asinado por Juan de Ciórraga titulado "Plano de Reforma que intenta efectuarse no almacén de madeiras do Sr. Puig".



Así coñecemos a primeira ubicación do almacén. Con frente a tres rúas: Socorro (Beneficiencia), Hospital e Rastro. As primeiras tiñan unha lonxitude de 57,00 metros e 55,00 metros respectivamente e 90,00 metros á Rúa do Rastro.



Neste plano móstrase o alcance das obras ás que se concede a correspondente licencia na sesión de 8 de xullo de 1864.

SEGUNDO EXPEDIENTE: 1897

Ata os anos oitenta deberon de continuar destinados a almacén e fábrica de madeiras as instalacións do Corralón, xa que a partir de 1896 foi adicado a Cuartel de Cabaleiría como veremos máis adiante. De aí debeu de trasladarse ao solar número 10 da Rúa do Socorro con frente lateral ás Rúa da Cancela e Pasadizo de Orzán.

No ano 1897 presenta unha instancia solicitando elevar o primeiro piso ao edificio destinado a Fábrica de Mobles adxuntando planos redactados polo arquitecto Juan de Ciórraga e datados en xaneiro do mesmo ano.



O plano da fachada principal móstranos un edificio de 65,00 metros de lonxitude ou frente á Rúa do Socorro no que debuxa en negro a planta baixa e en bermello a planta alta que vai ser obxecto de elevación.



No plano número 2, móstrase a fachada á rúa lateral ao oeste, un frente de 24,00 metros. O expediente foi informado favorablemente polo arquitecto municipal, Pedro Mariño, e a Comisión de Policía concedéndoselle a licencia o 17 de febreiro de 1897.

TERCEIRO EXPEDIENTE: 1901

Este derradeiro exediente permítenos coñecer a parcela na que se ubicaba a fábrica na súa totalidade.



Tratábase, neste caso, de obras de "ampliacións do almacén no norte" para o que presenta plano datado en 3 de xullo de 1901 e asinado por Juan de Ciórraga. A planta da instalación ocupa toda unha mazá con 65,00 metros de frente á Rúa do Socorro e 80,00 metros de fondo á Rúa da Cancela e Pasadizo do Orzán. A fachada posterior ao Orzán ten 60,00 metros.

1866 - 1888: A MAZA DAS RUAS DO SOCORRO - DO RASTRO - DO HOSPITAL E DO MATADEIRO.

1889: A FABRICA DE CHOCOLATE E PASTAS.

A mazá que configuraban a Rúa do Rastro - Rúa do Hospital - Rúa do Matadeiro, fóra iniciada a fíns do século XVIII, en 1790, cando por don Juan de San Pedro se promovera no Areal do Orzán unha serie de casas



Estas eran as únicas edificacións existentes máis aló da Travesía do Orzán, ata o muraillón da Fábrica de Vidros e do Cuartel de Artillería.

Nesta zona, nos terreos que saen a subasta, disponse o trazado das dúas rúas, Rastro e Matadeiro, a partir dos aliñamentos que iniciaran as edificacións construidas a fíns do século XVIII.

O trazado e fixación dos límites da mazá pola zona da Rúa do Hospital, vai ser obxecto de DOUS ALIÑAMENTOS diferentes, un en 1866 e a outro en 1888.

1866: O PRIMEIRO ALIÑAMENTO.

Cando no ano 1855 se delimita o solar para a Fábrica do Gas, éste sepárase das pequenas edificacións cunha vía (a Rúa do Matadeiro) de 5,00 metros de anchura ao longo de 90,00 metros de lonxitude deixando unha separación de 13,00 metros ata a Fábrica de Vidros no que viña a ser a prolongación da Rúa do Hospital. Pola parte da Rúa do Rastro mantense tamén o ancho de 5,00 metros. Cando en 20 de decembro de 1865, don Luis Dubois, solicita ao Concello de A Coruña que se proceda á venda dos terreos do común situados ao carón da nova Fábrica de Pan Rolland, xa que pretendía construir neles varias ca-

sas, a Comisión de Policía "... xulga oportuno e conveniente, ao público en xeral, a enaxenación do citado terreo porque, sen dúbida algunha, conseguiráse mellorar o ornato naquel punto coa construcción de edificios prolongando a liña da mazá ata regularizala e desaparecendo un foco permanente de infección que, hoxe, aí aparece en prexuicio das boas reglas da decencia, policía, salubridade,...". De aí que, na sesión de 2 de maio, se encargara a Juan de Ciórraga a realización dun "... croquis do terreo que poida venderse para edificación deixando o necesario ás vías públicas...".



O "... croquis do terreo do común existente entre

a Rúa do Rastro frente á Fábrica de Pan Rolland dividido en oito solares para venda..." redactado polo arquitecto municipal e datado en maio de 1866, consiste na delimitación dunha franxa de 47,20 metros de longa por 11,80 metros de ancho cunha superficie de 556,96 m2 que se dividen en oito solares numerados do 1 ao 8 dos que os seis centrais (do 2 ao 7), teñen un ancho ou frente ás vías do Matadeiro e Rastro de 5,90 metros e un fondo igual ao ancho da mazá (11,80 metros), sendo o solar número 8 da cabeceira á Rúa do Hospital dunha anchura maior con 6,21 metros, é o que está pegado á Fábrica de Pan (número 1) é máis estreito, xa que ten 5,59 metros. Esta diferencia de medición xustifícaa Juan de Ciórraga con vistas a que todos os solares teñan o mesmo ancho oco despois de deducido o espesor dos medianís e os da fachada do costado que dá á Rúa do Hospital.

A razón de proceder a dividir os solares nestas medidas polas que resultaría un ancho oco duns 5,30 metros, arguméntaa Juan de Ciórraga no "... destino ao

que as mesmas se adican ou sexa, para habitacións da clase xornaleira e máis necesitada da poboación e en tal concepto, todas elas deben de constar de planta baixa e principal cun pequeno bufardón no tellado e ao sumo, de tres corpos con bufardón no tellado...", texto este o suficientemente clarificador no que respecta á definición do inmoble da vivenda obreira plurifamiliar.

Un tema de interese plantexado por Juan de Ciórraga, é o da necesidade de fixar a condición de "... levar a cabo estas construccións nun prazo determinado que non debe exceder de dous anos...".

E non lle faltaría razón ao arquitecto municipal pois, se ben os terreos foron adquiridos por don Antonio Bescansa á Facenda en subasta pública e a pesar de ter presentado un proxecto datado en marzo de 1876 asinado por Faustino Domínguez, é concedida a licencia en 10 de abril de 1876, o certo é que en 1888 ante unha solicitude de licencia por parte doutro promotor, don Francisco Leal, a Comisión de Policía mostraba a súa perplexidade

ante o feito de que "... por causas que esta Comisión ignora deixou entón don Antonio Bescansa de edificar no solar...".

1876: O SEGUNDO EXPEDIENTE

Este segundo expediente de construcción de edificacións foi tramitado ante o Concello por don Antonio Bescansa como dono dos solares adxuntando un proxecto de Faustino Domínguez y Domínguez datado en marzo de 1876, obtendo a correspondente licencia o día 10 de abril do mesmo ano.



Os planos, segundo as indicacións de Ciórraga, móstranos unha edificación de 47,20 metros de lonxitude e 11,80 metros de ancho na que se dispoñen sete casas, as cinco centrais iguais de 6,00 metros de anchura por 11,80 metros de fondo, tendo as dúas das cabeceiras 8,60 metros cunha profundidade de 11,80 metros.

As casas constan de planta baixa, piso e bufarda, podendo dispor cada unha dun total de tres vivendas duns 70,00 m2 de superficie construida por vivenda, incluida a escaleira.

Dous ocos por planta en cada unha das dúas fachadas aos que abren dous cuartos, quedando dúas habitacións situadas no medio do volume que ventilan á italiana. Adosadas á medianería, sitúase a escaleira e un pequeno inodoro.

1888: O TERCEIRO EXPEDIENTE: UN NOVO ALIÑAMENTO

Este proxecto non chegou a edificarse, xa que doce anos máis tarde, en 1888, o novo propietario, don Francisco Leal "... dono dun terreo comprendido entre a Rúa do Rastro, Rúa do Matadeiro e Rúa do Hospital..." solicita liña oficial pola parte da Rúa do Hospital.

A liña oficial fora fixada na sesión de 10 de abril de 1876 segundo o Plano de Aliñamento, e coincidía coa dada polo Concello en 1866 cando se procedera á parcelación e venda dos terreos polo que o arquitecto municipal no seu informe de data de 1 de setembro, non fai máis que reflexar este extremo.

Sen embargo, a Comisión de Policía no seu informe de 15 de setembro de 1888, proporía unha modificación da liña marcada no frente da Rúa do Hospital, se ben mantiña as laterais das Rúas do Rastro e do Matadeiro.

Esta proposta de modificación era argumentada pola propia Comisión no feito de que cando se fixaran os aliñamentos oficiais en 1866 e 1876, a finca denominada "O

Corralón" estaba nun "... estado de pouca vida e máis ou menos tarde, estaba chamada a desaparecer construíndose no solar do mesmo novas edificacións que habían de suxeitarse a un aliñamento distinto á que estaba emprazado o muro do Corralón retirando seguramente non pequena extensión a fins de lle dar máis amplitude á expresada Rúa do Hospital...". A decisión posterior do ano 1886, segundo á que se procedeu a ubicar no Corralón "... un magnífico cuartel destinado ao aloxamento das forzas de cabaleiría..." fixo que se mantivese o aliñamento do muro da finca "... por non convenir baixo ningún concepto, desperdiciar terreo con prexuicio da meirande capacidade que puidese ter o novo edificio...". De aí ven a perpetuación da liña primitiva da Rúa do Hospital da mazá colindante coa que estamos analizando e como de manterse o aliñamento oficial se produciría un retranqueo ou rinconada que "... resultan sempre perigosas á saúde pública e co propósito tamén de non desmerecer o ornato..." a Comisión de Policía propuxo un novo aliñamento polo

frente da Rúa do Hospital que sería "... a prolongación da do mencionado Cuartel de Cabaleiría..." manténdose as das Rúas do Rastro e do Matadeiro.

Este novo aliñamento foi aprobado na sesión de 17 de setembro de 1888, e sería en base á mesma como don Francisco Leal, novo propietario do solar número 25 da Rúa do Hospital e 16 e 21 da Rúa do Matadeiro e da Rúa do Rastro respectivamente, solicita licencia en 28 de febreiro de 1889 para construir un edificio con destino a Fábrica de Chocolate e Pastas.

A instancia acompaña un plano a escala 1:100 das fachadas principal á Rúa do Hospital e accesorio á Rúa do Matadeiro ("simetría á Rúa do Rastro") datado no mesmo mes e asinado por Faustino Domínguez Coumes-Gay.

Neste plano as fachadas ás Rúas do Rastro e do Matadeiro pasan de ter unha lonxitude de 47,20 metros a ter 51,90 metros (avanzando sobre a Rúa do Hospital 4,74 metros que se valoran a 6,50 ptas/m2), mantendo o ancho de 11,80 metros.



O solar alcanzaba asi unha superficie total de 612,00 m2 cun corpo de planta baixa con quince bufardas que se elevaban na zona de contacto coa medianería do resto da mazá cun corpo ou casetón a dúas augas co obxecto de conseguir unha maior altura.

A licencia de obra sería concedida na sesión de 4 de marzo de 1889.





En 1891 tramitaríase un novo expediente co obxecto de proceder a elevar dous pisos altos no frente da Rúa do Hospital nunha profundidade de 13,00 metros, ao que se lle concedería licencia en 23 de febreiro de 1891.

1.886: O CUARTEL DE CABALEIRIA

O terreo do Corralón, no que en 1864 iniciara a actividade industrial a Fábrica de Marcos e Molduras "La Progresiva" se habilitaría no ano 1886 para Cuartel de Cabaleiría.

Na sesión de 27 de maio de 1886 o Concello acordou, unha vez realizadas as xestións necesarias para a compra da finca do Corralón propiedade de dona Andrea Fernández, aceptar a oferta de 60.000 pesetas co obxecto de destinala a Cuartel de Cabaleiría.

Posteriormente, na sesión de 7 de xuño, acórdase a compra da finca, e o 28 de xuño, procédese a aprobar as obras de habilitación da mesma, adxudicando a obra da cruxía oeste por un presuposto de 55.380 pesetas a don Manuel Reboredo.

Unha vez aprobado o proxecto de escritura de compra e venda de terreos na sesión de 17 de agosto, procédese, posteriormente, en 2 de novembro de 1886 a adxu-

dicar as obras da cruxía norte a don Jacobo Anido por 81.312 pesetas.

O proxecto que sirve de base para as diferentes obras estaba redactado por Juan de Ciórraga e datado en 31 de maio de 1886.



Titúlase "para aloxamento provisional de forzas de Cabaleiría" e nel, vése perfectamente a situación do e-

dificio con respecto ás rúas colindantes.

Adosado a el, polo oeste e, polo tanto, dando frente á Rúa do Rastro, levantaránse toda unha serie de vivendas obreiras.

1894: ESCOLAS POPULARES GRATUITAS.

Outro expediente, tramitado na Rúa do Socorro, sería o das "Escolas Populares Gratuitas".

O primeiro expediente preséntase no ano 1894.

O proxecto está realizado por Juan de Ciórraga.

Ten 42,00 metros de lonxitude ou frente á Rúa da Cancela e 10,20 metros ás Rúas do Socorro e da Cordelería, ocupando, polo tanto, un solar duns 500,00 m2



O edificio de planta baixa e piso, dispón de dous ocos por planta ás Rúas do Socorro e da Cordelería, e sete ocos á Rúa da Cancela dos que tres son grandes portalóns de 2,00 metros de anchura, o que nos fai pensar na posibilidade de que sexa ésta outra experiencia industrial frustrada que remata como equipamento benéfico, neste caso para a docencia.

Posteriormente, no ano 1915, o Marqués da San Martín, como presidente da "Escola Popular Gratuita", solicita elevar un segundo piso na parte central co obxecto de habilitar o espacio necesario para que se instalen as "Irmanciñas da Caridade" encargadas da sección de nenas.



Os planos corresponden tamén a Juan de Ciórraga e datados en maio de 1915 ocupando o segundo piso uns 168,00 m2.

O Areal do Orzán vaise configurando como uha zona de industrias e equipamentos marxinais.

V.II.1.C AS CONSECUENCIAS URBANISTICAS NA TRAMA VIARIA DA PESCADERIA.

Un dos problemas que plantexaba a área industrial creada no Areal do Orzán en 1853 cuias primeiras licencias de construcción se empezaran a conceder a partir do 14 de abril do mesmo ano, era a da súa falla de accesibilidade desde a beira da baía na que ubicaba a zona portuaria.

De aí que un dos temas a resolver era o de dotar

ás estreitas vías existentes que conectaban coa zona, dunha anchura que as fixera eficaces ao transporte de mercancías e elementos necesarios para o funcionamento das industrias e almacéns alí instalados.

Estas operacións de ensanchamento só se podían realizar en toda a lonxitude ou ancho do istmo a través dunha penetración que atravesara a Pescadería transversalmente na súa parte máis estreita.



A zona máis estreita situábase no remate da Rúa Real no seu encontro co Cantón Grande, ponto no que se

iniciaba a chamada RUA NOVA que, atravesando a Rúa de San Andrés, prolongábase na RUA ALTA que á súa vez cruzaba as Rúas do Orzán e da Cordelería.

Esta operación implicaría o derribo de varias edificacións que limitaban o ancho destas reducidas vías polo que sería imprescindible utilizar a Lei de Expropiación Forzosa co obxecto de proceder a expropialas.



Outro punto no que era posible a conexión, pero só nun primeiro tramo, sería a partir da Rúa do Socorro proceder á apertura da RUA DO SOL que, atravesando a RUA DO ORZAN, alcanzaría á RUA DE ESPOZ E MINA, actual Rúa de San Andrés.

Estas dúas alternativas:

-- APERTURA RUA NOVA - RUA ALTA (1859)

-- APERTURA RUA DO SOL (1864 - 1865),

tramitaránse de xeito ben diferente. A primeira, como un expediente de expropiación de casas, a segunda, como un "PROXECTO DE ALIÑAMENTO PARA A RUA DO SOL E A SUA PROLONGACION ATA A RUA DE ESPOZ E MINA".

1859: A APERTURA RUA NOVA - RUA ALTA.

A conexión entre a beira da baía (na que se asentaba o peirao e a zona portuaria) e a Enseada do Orzán (na que se atopaba a "área industrial" coa Rúa do Socorro como eixo) tiña o seu ponto máis favorable da desembocadura da Rúa Real no Cantón Grande. Alí iniciábase a Rúa Nova que conectaba coa Rúa Espoz e Mina e polongábase na Rúa Alta ata a Rúa do Orzán. Ambolosdous tramos, Rúa Nova e Rúa Alta cunha lonxitude total de 150,00 metros, eran sen embargo, rúas estreitas que respostaban ás características das venelas transversais que cruzaban a Pescadería.

A necesidade de ampliación da Rúa Nova - Rúa Alta, entronca así do "porqué" da decisión do Concello da sesión de 7 de febreiro de 1859.

Nesta sesión proponse a expropiación de once casas que será refrendada na sesión de 18 de maio de 1859 na que se amplia a dazasete casas.

Pois ben, das dazasete casas expropiadas, sete están en relación directa coa necesidade de dar accesibilidade á área das industrias do Areal do Orzán, e é máis, as UNICAS DUAS VIAS TRANSVERSAIS que se pretenden ensanchar no conxunto da Pescadería, serán precisamente as formadas pola RUA NOVA - RUA ALTA e a RUA DO PORTICO DE SAN ANDRES - RUA DO SOL. Estamos pois, ante un efecto urbanístico claro da decisión de parcelar o Areal do Orzán e convertilo en lugar de asentamento de almacéns e industrias.

Na sesión de 7 de febreiro de 1859, polos Tenentes Alcaldes, Abella e García de la Torres, se presenta a seguinte proposición: "...os que suscriben teñen o honor de propor á Corporación de que son individuos, un proxecto de melloras que cren, desde logo, merecerá o asentamento dela polos beneficios que ha de reportar a poboación, tanto no seu embelecemento, como na súa comodidade e ata seguridade. Tal é a demolición das once casas que marca o adxunto estudio coas súas numeracións e rúas

As casas, das que se propón a súa demolición, serán:

-- Rúa Nova esquina á da Rúa da Estrela número 9

-- Rúa Nova que vai á Rúa dos Olmos número 34

-- Olmos contiguas á anterior números 13, 14 e 15

-- Espoz e Mina esquina á Rúa Alta número 153

-- San Nicolás número 44

-- Franxa sen número, martelo que forma a número 43 da Rúa de San Nicolás

-- Idem número 1º

-- Rego de Auga contigua ao Teatro número 33

-- Orzán subindo do Pórtico de San Andrés número 159..."

É dicir, sete teñen que ver directamente coa necesidade de ensanchar as vías transversais que conectan co Areal do Orzán. Concretamente as da Rúa Nova esquina Rúa da Estrela número 9, a da Rúa Nova esquina Rúa dos Olmos 34, as contiguas á anterior números 13, 14 e 15, a da Rúa Espoz e Mina número 153 esquina á Rúa Alta, e por último, aínda que noutra zona, a da Rúa do Orzán subindo

á Rúa do Pórtico de San Andrés 159.

Esta proposta pasa ao estudio dunha Comisión para o seu informe.

O informe da Comisión Especial é tratado na sesión de 18 de maio de 1859 ampliando as once casas a dazasete na zona de ensanche da Rúa Estreita de San Andrés (cinco casas) e Praciña dos Anxos (unha casa).



Lamina 50. Primeros planos de alineaciones sobre calles de la Ciudad. Jose M.ª Noya. 1861

Co obxecto de proceder á expropiación destas casas o arquitecto municipal, José María Noya, redactaría un conxunto de planos, publicados por José González-Cebrián no seu libro "La ciudad a través de su plano", nos que

aparece o "... levantamento de planos para demostrar a posición topográfica, estado e extensión das fincas cuia demolición se proxecta, a forma das rúas en que se achan situadas, as que terán éstas despois de demolidas aquelas, e os valores indemnizables aos propietarios para, deste xeito, ilustrar debidamente o expediente...".

O expediente a que se refire non é outro que o previsto na Lei de Expropiación Forzosa de 14 de xullo de 1836.

Na sesión de 16 de xuño de 1862, procédese á execución da expropiación e da aprobación da demolición de varias das casas relacionadas anteriormente.

Polo que atinxe á operación que nos ocupa, as casas que se inclúen para a execución do acordo son:

- Rúa Nova 9 esquina Rúa da Estrela..... 46.652,52 reais
- Rúa Espoz e Mina 153 esquina Rúa Alta. 46.980,36 reais
- Rúa dos Olmos 14 ..... 48.302,88 reais
- Rúa dos Olmos 15 ..... 31.602,46 reais

o que totaliza 173.537,92 reais, que representa o 70% da

cantidade presupostada total de 256.768,40 reais para demolición e expropiación de casas, o que nos dá unha idea da importancia da conexión.



Dispoñemos tamén do trazado da vía prevista no plano que utiliza o arquitecto municipal, Juan de Ciórraga, no expediente aberto a consecuencia da construcción por

José Cervigón dun edificio anexo á nova fábrica ocupando parte do Areal do Orzán.

No plano obsérvase, nun extremo, a Rúa do Socorro con 10,50 metros de anchura iniciándose no "Areal do Orzán".

No outro extremo, a 260,00 metros, o Cantón Grande ou de Porlier no seu encontro coa Rúa Real ou de Acevedo e a Rúa Nova que xa aparece ensanchada en toda a súa lonxitude como resultado da aplicación da Lei de Expropiación ás casas afectadas.

A Rúa Alta que arrancaba da Rúa de San Andrés (antes Rúa de Espoz e Mina), remataba na Rúa da Cordelería cun ancho non superior aos 7,00 metros e nela desaparecera, tamén, a casa que formaba a esquina (Rúa de Espoz e Mina 153). Entre a Rúa da Cordelería de Marzal e a Rúa do Socorro establecíase o maior obstáculo ao ter que proceder a expropiar e derribar varias edificacións nunha mazá de 38,00 metros de profundidade, tema éste que tardaría moitos anos en executarse.

1864 - 1865: A APERTURA DA RUA DO SOL.

O expediente de apertura da Rúa do Sol alcanza o seu máximo interese nas diferentes alternativas propostas polo arquitecto municipal, Juan de Ciórraga, no ano 1864 que completará posteriormente unha vez aprobado no ano 1865.

1864: O "PLANO DE ALIÑAMENTO PARA A RUA DO SOL E A SUA PROLONGACION ATA A RUA DE ESPOZ E MINA"

Neste plano, datado en 17 de xullo de 1864, Juan de Ciórraga plantexa tres alternativas diferentes cara a dar continuidade á Rúa do Sol para enlazala coa Rúa de Espoz e Mina.



O primeiro trazado consiste na prolongación en liña recta da Rúa do Sol ata á Rúa de Espoz e Mina co que a conexión tería unha anchura de 8,50 metros e sería necesario afectar a catro edificacións e un solar nunha lonxitude de 50,00 metros.

O segundo trazado plantexa unha variante na que a rúa prolongada se despraza cara a dereita, tomando como referencia as esquinas das embocaduras da Rúa de Patíns na zona de contacto coa Rúa de Espoz e Mina e a Rúa do Orzán.



Un terceiro trazado realízase a partir do desprazamento cara a esquerda da rúa ampliada e toma como referencia a esquina coa casa número 185 de San Andrés e a esquina da casa número 168 da Rúa do Orzán coa Rúa do Socorro.

O tema foi tratado na sesión de 2 de agosto de 1864 aprobándose o trazado de prolongación recta na sesión de 5 de decembro de 1864.



Nesta mesma data procédese a conceder a licencia a casa correspondente á Rúa de Espoz e Mina número 188 (hoxe 30) esquina á Rúa do Sol.

1865: O PLANO DEFINITIVO.

O plano definitivo foi redactado en maio de 1865 polo propio Juan de Ciórraga e correspóndese co proxecto aprobado en decembro do ano anterior.



O "Plano de alinamento para a Rúa do Sol e a súa prolongación ata a Rúa de Espoz e Mina", móstranos os

debuxos do "Estado actual" a da reforma aprobada. Nel obsérvase o trazado en liña recta da prolongación e sinálase o estado no que se atopan as edificacións afectadas e as do entorno.

V.III A PENINSULA DA TORRE.



V.III A PENINSULA DA TORRE



V.III.1 A SITUACION PREVIA E O PROCESO DE OCUPACION.

O proceso de ocupación da Península da Torre con FORMAS DE CRECEMENTO, USOS E TIPOS de características especificamente URBANAS, abrangue, nas súas liñas fundamentais, un período duns 50 anos que se extenden ao longo de toda a segunda metade do século XIX.

Non imos, neste traballo, a enumerar todas as iniciativas, pero sí recollemos as máis salientables, é dicir, aquelas cuia implantación no territorio produxo modificacións importantes no seu USO e influiron decisivamente na creación de TRAZADOS VIARIOS sobre os que se foron desenrolando operacións ailladas de PARCELACION das fincas agrícolas e posterior EDIFICACION DE VIVENDA OBREIRA.

Neste sentido a Península da Torre ofrece TRES ZONAS ben diferenciadas:



1.- Unha zona que corresponde co trazado da actual RUA DA TORRE.

E ésta unha RUA que desde fíns d século XVIII tiña servido de soporte a desenrolos urbanos, tanto de

vivendas, como de establecementos industriais.

A Estrada da Torre que, desde o Campo da Leña (hoxe Praza de España) subía cara a Torre de Hércules na parte máis septentrional da península, será un eixo de desenrolo urbano no que se apoiarán importantes iniciativas, ben individuais (promoción dun único edificio), como de operacións de PARCELACION e EDIFICACION en grandes fincas alí existentes.

2.- A LADEIRA OESTE: AGRA DE MONTE ALTO - CAMPO DE MARTE - CAMPO DE ARTILLERIA - ESCOLA PRACTICA DE ARTILLERIA.

Unha zona que corresponde coa vertente cara á Ensenada do Orzán da Península da Torre.

Totalmente vacante ata o último tercio do século XIX, converteuse, por mor da operación de parcelación do Areal do Orzán e da consolidación das Rúas Hospital-Zalaeta en zona de contacto co "continuum" edificado da cidade.

O acceso a esta zona producíase a través de dúas

Rúas: A RUA DA TORRE e a RUA DE ZALAETA. Será, tomando como referencia a estas rúas, como se produzan as primeiras decisións "urbanísticas" na área (TRAZADO DE ALIÑAMENTOS).

As veredas agrícolas á Fonte de Monte Alto e ao Polvorín servirán, tamén outros dous elementos, de referencia para as primeiras edificacións de vivendas obreiras que fixarán os aliñamentos das actuais Rúas de Ramón del Cueto, Adelaida Muro e Avenida de Hércules.

A instalación de equipamentos urbanos de carácter marxinal (Asilo de Ancianos Desamparados, Matadeiro, Secadeiro de Peles,...) iría acompañado de promocións de grupos de vivendas tipoloxicamente ligadas ao concepto de "casa para obreiros" e cuia construcción estaba prohibida nas rúas principais da cidade.

3.- A LADEIRA LESTE: A ESTRADA DE ORILLAMAR.

O Campo da Estrada no que en 1859 iniciárase a

construcción do Cuartel do Príncipe Alfonso por encima dos terreos da Praza de María Pita é o punto de saída da ESTRADA DE ORILLAMAR cara a Torre de Hércules.

Apenas a 500,00 metros da fachada lateral norte do Cuartel, situábase os cimeterios (católico e protestante) construido en 1812. Con este condicionante previo, é fácil entender o motivo que fai da Estrada de Orillamar un dos eixos principais de desenrolo das promocións de vivenda obreira. Nuns casos a partir da simple parcelación con frente a esta vía e posterior edificación, noutros como rúa de acceso na que se apoian novas vías perpendiculares a ela que abren a posibilidade de novas parcelacións. En todo caso, operacións que chocan frontalmente coa lexislación que impedía a construcción de vivendas a menos de 500,00 metros dos cimeterios.

V.III.2.1 A RUA DA TORRE.

V.III.2.1.A DE FABRICA DE SOMBREIROS A PARCELACION DE VIVENDAS PARA OBREIROS: 1863

Segundo Lucas Labrada na súa "Descripción económica do Reino de Galicia" impresa no ano 1804, un dos sectores de importancia na cidade de A Coruña era o da lencería, sobresaíndo entre tódalas fábricas a "... Real Maestranza de Mantelería de que se surte a Real Casa establecida hai máis de cen anos...", sita na Rúa de San Andrés, e unha Fábrica de Sombreiros Finos, creada e dirixida por don Juan Francisco Barrié "... ocupándose nela no día de 135 a 140 operarios de ambos sexos, ademais duns 40 aprendices e se fan anualmente de 21.000 a 22.000 sombreiros...", que estaba situada na Rúa da Torre esquina co actual Campo de Marte. Desta Fábrica dicía Bernardo del Río na súa descripción sobre A Coruña durante o século XVIII "... de sombreiros tamén se contan varias pequenas fábricas onde se fan ordinarios e

entrefinos, E UNHA GRANDE FUNDADA POR UN FRANCÉS ESTABLECIDO EN PORTUGAL QUE TENDO SIDO OBRIGADO A REGRESAR A AQUEL REINO, TIVO QUE VENDELA A OUTRO FRANCES QUE CORRE HOXE CON ELA FABRICANDOSE NESTA TODO XENERO DE SOMBREIROS COAS MIRAS DE FACER REMESAS A AMERICA VIDA, SEXA, A PAZ..." que eran exportados ás cidades españolas e, sobre todo, ás Américas.

Era ésta pois, unha das empresas de maior incidencia na cidade, tanto polo número de traballadores que empregaba, como polos altos índices de productos de exportación que xeraba.

Como o propio Vedía indica, o avance das artes industriais debidas aos "... prodixiosos descubrementos da mecánica..." era importante naquela época "... sen que poidamos dicir que estos principios teñan recibido aplicación en grande neste país...". Unha liña máis adiante nos informa como en 1845 xa tiña desaparecida a Maestranza de Mantelería "... e a mesma sorte cupo ao outro establecemento de igual clase pertencente a un particu-

lar...".

Estase a referir á Fábrica de Sombreiros do entón xa grupo financeiro, Barrié-Pastor, cuios terreos van ser o soporte dunha promoción sen precedenetes na Historia Urbana da Cidade de A Coruña. Trátase da construcción no ano 1863 de dez casas para un total de trinta vivendas para obreiros.



A obra, se ben dunha única promoción, tramítase en dous expedientes diferentes:



-- O primeiro, iniciado en xaneiro de 1863 por don José Pastor, solicitando a licencia de construcción para catro casas nos números 21, 22, 23 e 24 da Rúa da Torre, segundo os planos redactados por Faustino Domínguez, que será encargado tamén da dirección de obra, e que se lle concede licencia na sesión de 5 de febreiro de 1863.

Proyecto de las fachadas de seis casas que intenta construir el Sr. Don José Pastor en la calle de la Torre; que llevarán los número desde el 25 al 30 inclusives



Coruña 12 de Dbre 1853.

Faustino Domínguez

-- O segundo expediente, tramítase a partir da solicitude de licencia de data 13 de decembro para a construcción doutras seis casas nos números 25 ao 30, segundo plano de fachadas, tamén de Faustino Domínguez, "... nun todo iguais ás catro dos números 21 ao 24 da Rúa da Torre por él recentemente fabricadas para completar, deste xeito, unha acera de dez edificios iguais que fermosearán notable-

mente aquel apartado barrio..." ao que se refire máis adiante como "... un barrio extraviado e pobre, e cando é tanto a carencia de hàbitacións salubres e decentes ao alcance da clase obreira ou pouco acomodada...". A licencia de construcción deste segundo paquete de seis casas e concedida na sesión de 28 de decembro de 1863.



Nun plano sen data, asinado por Faustino Domínguez, e que nos foi amablemente cedido por don Antonio

Tenreiro Brochón, aparece o conxunto da promoción baixo o título "PROXECTO DAS CASAS QUE INTENTA CONSTRUIR DON JOSE PASTOR NA RUA DA TORRE", figurando debuxados o alzado á Rúa da Torre e as plantas baixas e principal. E dicir, que se pode deducir que desde un principio estaba proxectada a parcelación dos 46,60 metros de frente da finca á Rúa da Torre para a posterior construcción das dez edificacións se ben ésta desenvolveuse en dúas fases

Se de interese é a promoción simultánea de tal número de edificios nunha peza única procedente dunha antiga instalación fabril que é parcelada en dez trozos iguais, un segundo aspecto cómprenos valorar, o TIPO da vivenda que se dirixe á "... CLASE OBREIRA OU POUCO ACOMODADA...". Consiste a operación na construcción de dez casas exactamente iguais de planta baixa, principal e bufarda dispostas nunha parcela inicial de 46,60 metros de frente e 19,00 metros de fondo.

O frente teórico de cada parcela é, pois, de 4,60 metros inter-eixos dos muros medianís de mampostería que

corren ao longo de toda a profundidade desde o muro de fachada, ata o fondal da finca cunha anchura duns 60,00 cm., o que quere dicir que, o espacio libre entre os dous muros de carga, queda limitado a uns 4,00 metros.

A superficie bruta de cada parcela é de 4,60 metros por 19,00 metros, é dicir, de 87,40 m2, non está ocupada no 100% da súa superficie, senón que dos 19,00 metros de fondo total, ocúpanse os 15,50 metros do frente deixando na parte posterior un pequeno patio de 3,50 metros de fondo e 12,00 m2 de superficie no que se ubica o inodoro, resultando polo tanto, unha superficie ocupada en planta de 71,30 m2, que ven a representar o 81,50% de ocupación da parcela bruta.

E dicir, nunha superficie de 893,00 m2, levántanse dez casas que poden dispor de tres vivendas en cada casa, unha na planta baixa, que na planta dianteira ten unha tenda, outra vivenda na segunda planta e, por último, un espacio abufardado que normalmente era tamén utilizado para vivenda ao alcanzar o cumio unha altura de



3,50 metros e levantar a cuberta sobre a liña da fachada posterior.

Atopámonos aquí cun dos dous exemplos de dimensións máis exiguas no que se refire ao frente de fachada das vivendas obreiras promovidas en A Coruña no século XIX: 4,60 metros de frente entre eixos, deixan apenas 4,00 metros de ancho libre ao longo de 15,00 metros de fondo (14,00 metros libres) nos que se dispón pegada a unha medianería na zona central a escaleira de tres tramos pola que se accede ás plantas superiores. Esta escaleira rompe o volume en dúas partes, unha dianteira con dous cuartos en cada planta e outra traseira cunha habi-

tación no baixo e dúas no principal no proxecto inicial. Un longo pasillo, pegado a outra medianería, conecta tódolas pezas de cada planta ao tempo que dá acceso á escaleira desde a rúa e ao patio posterior. Este permite a ventilación e iluminación directa das habitacións que dan á fachada traseira, ao tempo que sirve para ubicar pegado ao edificio, un pequeno retrete, en cada planta, ao que se accede desde o propio patio no baixo, e a través dun pequeno corredor que abrangue a fachada posterior na planta primeira.



Son casas de dous ocos por planta con fachada formalizada na que ao criterio de "... oco sobre oco, maci-

zo sobre macizo,..." engádese á utilización da cantería nos zócalos, xambas e dinteis de portas e ventás, e imposta á altura do forxado de acordo cos criterios compositivos deseñados nas Ordenanzas Municipais de 1854. O abufardado, a tres augas, sitúase simetricamente no centro de cada unha das parcelas, sinalizando cada unha delas, seguindo a liña da vivenda obreira, non dispón nin de balcóns na primeira planta nin, por suposto, galería na segunda.

V.III.2.1.B O ALIÑAMENTO DA RUA DA TORRE: 1864

Ata 1850 a Rúa da Torre constituía unha das saídas da cidade pola Avenida de Porta de Aires cara a zona máis septentrional da Península na que se erguía a Torre de Hércules e onde no século XVIII se tiña construido a antiga Granxa dos Xesuitas que, cando foron expulsados, pasou a ser Parque de Artillería.

A súa dereita, un antigo rueiro de carácter agrícola, Atocha Alta, apiñaba arredor dunha illa de forma triangular, unha cincuentena de pequenas casas de labregos que a bon seguro, adicábanse a faenas de explotación do solo agrícola da zona. Dada a ausencia de corrientes de auga na Península, no alto da estrada da Torre tíñase instalado varios muiños de vento co obxecto de proceder a moer o trigo con vistas á fabricación de pan.

O lado esquerdo da Rúa da Torre, dispoñía dun parcelario máis esponxoso, habendo grandes fincas sen edificar.









O proceso de ocupación de solo vacante e de reno-

vación urbana na Rúa a Torre, iníciase na década de

1850, se ben nestes dez primeiros anos, so se tramitan

CINCO EXPEDIENTES nos números 18 (licencia 14 de abril

de 1851), 72 (licencia de 19 de marzo de 1852), 71 (licencia 10 de decembro de 1852) número 80 (licencia de 3 de novembro de 1856) e número 86 (licencia 26 de abril de 1856).



Sería a partir da década dos anos 60 cando a actividade constructora acelerarías e, e así o número 10 é obxecto dun expediente de elevación dun piso e bufardón, segundo proxecto de José María Noya, ao que se lle concede licencia en 27 de xuño de 1860.



Unha elevación será tamén tramitada en 1861 no número 87, segundo proxecto de Faustino Domínguez, que ten licencia en 8 de maio.

Sería no ano 1863 cando as dez casas promovidas por don José Pastor, nos solares números 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 30 na esquina co Campo de Marte van iniciar unha nova etapa xerando expectativas de crecemento ás que non son alleas os expedientes dos números 78 (proxecto de Juan B. Aguirre con licencia en 8 de Agosto de 1863), número 1 (promovida por don Ramón Outón con proxecto de José María Noya, que obtén licencia o 2 de xuño de 1864), o número 92 (promoción de tres casas

para doce vivendas promovidas, tamén por don Ramón Outón con proxecto de Juan de Ciórraga e que se lle concede a licencia o 24 de outubro de 1864).

Está claro como en apenas quince anos se tiñan promovido un total de dez expedientes que totalizan 61 vivendas, ocupando na súa maioría, terreos que, ata ese momento, estiveran vacantes.



Quizais como consecuencia desta actividade, e diante da solicitude de licencia do número 1 da Rúa da

Torre, do que era promotor Ramón Outón, vaise proceder no mes de maio de 1864 por parte de Juan de Ciórraga que exercía o cargo de arquitecto municipal do que tomara posesión no mes de decembro de 1863 a redactar un "CROQUIS DA RUA DA TORRE" con data de 4 de maio de 1864.



Neste croquis, a escala 1:1.000, plantexa a rectificación da Rúa da Torre na súa embocadura do Campo da Leña, co obxecto de que adopte un paralelismo entre as súas dúas fachadas cunha anchura total de 10,20 metros, criterio éste que vai ser asumido pola administración municipal.

V.III.2.1.C A PROMOCION DE JOAQUIN REY CALVO

1880: A APERTURA DE TRES RUAS ENTRE A RUA DA TORRE E ORILLAMAR, RUA DE MARCONI

Esta iniciativa desenrólase no terreo comprendido entre o Camiño do Cimeterio, das Rúas de Orillamar, da Torre e de Atocha Alta a requerimento do propietario - dunha gran finca na que se ubicaba un dos muiños de vento que había na península da Torre. Unha finca de forma irregular en cuio centro dispoñíase o muiño que tiña acceso directo desde a Rúa da Torre.

O expediente tramítase na sesión de 10 de maio de 1880, no que solicita o sinalamento das liñas e rasantes para edificar nun terreo da súa propiedade no lugar do muiño que dá frente á Rúa da Torre, Camiño do Cimiterio e Orillamar, unha vez que se fagan desaparecer as barracas que hai na finca para a cría de cochos, e consiste na apertura de tres novas rúas para o que o arquitecto municipal realiza un informe ao que acompaña un

plano "... do terreo valdío denominado "As Covas" e propiedades contiguas comprendidas entre as Rúas da Torre, Hortas, Orillamar e Atocha Alta..." no que se trazan as novas vías con carmín ofrecendo Joaquín Rey Calvo a cesión gratuita ao Concello de todo o terreo que se precise da súa pertencia para a apertura da rúa central representada no plano. Estamos, pois, ante o caso dunha cesión gratuita de solo para viais nunha finca de gran superficie "... que ningún desembolso ocasiona á Corporación...".

Esta proposta permite a conexión directa co Camiño do Cimeterio e a Rúa da Atocha Alta coas da Torre e Campo de Marte cun ancho de 8,00 metros e unha lonxitude de 196,00 metros cunha pendente uniforme dun 3,50 %.

Nesta sesión de 10 de maio de 1880 apróbase o PLANO DO PROXECTO DE APERTURA DAS NOVAS RUAS E OS ALIÑAMENTOS QUE NEL SE REPRESENTAN como a apertura das mesmas "... a medida que os recursos municipais o permitan e as edificacións particulares o demanden e que se ceda gra-

tuitamente ao propio recurrente o terreo que poida ser do municipio dentro das liñas determinadas en xusta compensación do que, co seu consentemento, se lle toma e do valor do xardín con glorieta e pozo e o muiño contiguo na parte que se lle ocupa.

V.III.2.1.D AS PROMOCIONS DE JOAQUIN ALMOYNA: A ESTRADA DA TORRE - RUA DO PARQUE: 1888-1914.

Unha das iniciativas máis importantes a nivel - cuantitativo, no que se refire á promoción de vivenda o- breira durante a segunda metade do século XIX coruñés - foi a levada adiante polo farmacéutico, promotor e Con- cellal, Julio Almoyna Camba.

Trátase da promoción de "... vinte ranchos dun só piso terreo...", nunha finca da súa propiedade de 80,00 metros de lonxitude que daba frente á estrada que ía desde o final da Rúa da Torre cara a Torre de Hercúles, e polas costas lindaba cun camiño que a separaba do Par- que de San Amaro.

O TRAMITE ADMINISTRATIVO:

O inicio do expediente ten lugar o 25 de xuño de 1888 cando o promotor solicita liña para a construcción "dun rancho" no extremo que mellor lle conveña da devan- dita finca e proceder a pechar o resto con muralla.

O informe do arquitecto municipal, Juan de Ciórraga, refírese ás dadas en 15 de maio de 1878 ao entón propietario, que eran para o frente principal de trazar "... unha paralela ao eixo da Estrada da Torre a 2,00 metros de distancia da arista da mesma para a posterior unha paralela á fachada do parque á distancia de 13,00 metros normal a primeira...". Este informe foi asumido polo Concello que na sesión de 3 de xullo de 1888 acordou aprobalo.



No 12 de xullo solicita, Julio Almoyna, licencia

para construir "... vinte ranchos dun só piso terreo metade deles con frente á estrada e a outra metade ao devandito parque todos iguais e das mesmas dimensións que o plano dun só que acompaña que serán as de 7,50 metros de frente por 6,70 metros de fondo...", é dicir, 50,00 m2 de superficie construida, licencia esta que lle é concedida na sesión de 19 de xullo, se ben para cada rancho debera dar coñecemento do inicio de cada un deles segundo os vaia iniciar. O plano redactado por Faustino Domínguez Coumes-Gay e datado en xullo de 1888.

O 17 de setembro de 1888, plantexa a iniciación do segundo rancho, e o 20 de maio de 1889 inicia o terceiro que terá 7,35 metros de frente e 8,70 metros de profundidade, é dicir, 63,00 m2.

Cando remata este terceiro rancho "... observou que non era viable a construcción a costas deles doutras tres correspondentes, xa por falla de espacio, xa porque unhas e outras quedarían sen luz pola súa parte posterior e xa tamén polo moi apartado e pouco transitable

que é o camiño do frente de San Amaro, non habería habitantes que queisesen ocupalas..." polo que plantexa sustituir a promoción das dez casas que darían frente ao parque de San Amaro por un patio para as dez restantes que daban frente á Rúa da Torre. Este patio pecharíase por unha muralla de mampostería de 3,00 metros de altura en todo o frente da rúa traseira cunha porta no centro de cada parcela. Esta licencia que se lle concede na sesión de 17 de novembro de 1890.

En 3 de febreiro de 1892 solicita licencia para o cuarto rancho de iguais dimensións que os iniciais (7,50 metros de frente por 6,75 metros de fondo) que se lle concede en 14 de marzo de 1892.



Temas relacionados coa titularidade dos terreos retrasan durante varios anos os expedientes que se reanudan en 1902 no que solicita licencia "PARA CATORCE CASAS IGUAIS PARA OBREIROS".



Posteriormente, no ano 1909, preséntase en febriro a solicitude de licencia dunha casa, en xuño para sete casas, en 1911 outras oito casas e en 1914 para cinco casas.

Os diferentes proxectos son de Juan de Ciórraga (1909 e 1911) e de Antonio de Mesa (1902).

O orixinal desta iniciativa, cuias dificultades de tramitación estaban provocadas por temas ligados á propiedade dos terreos e que se decidiron en 1909 a favor do promotor, estriba na aparición na última fase dun tipo de edificación composto de planta baixa e ático que contén catro vivendas destinados a "... proporcionar vivendas comodas e hixiénicas ás clases menos acomodadas..." con vistas a un reducido aluguer, por eso "... redúcese a extensión do edificio de tal sorte que proporcionando a cada vivenda os servicios estrictamente indispensables, pero en condicións de ventilación, luz e comodidade suficiente se procure o benestar dos inquilinos ao mesmo tempo que se fan imposibles os abusos do subarrendo das habitacións, aglomeración de persoas e comunidade de servicios que tanto perxudican a esta clase de construcción...".

No proxecto de Antonio de Mesa de 1902 as medidas

eran de 9,00 metros de fachada por 8,60 metros ou sexa 77,40 m2 que nos de Juan de Ciórraga de 1909 e 1911 quedarían reducidas a 8,60 metros de fachada entre eixos de medianís e 8,70 metros de fondo alcanzando unha superficie de 74,82 m2, superficie esta en planta na que se dispoñían dúas vivendas no baixo e dúas vivendas no ático, deixando na parte posterior do solar un patio do mesmo ancho que a casa e dun fondo de 4,00 metros

A vivenda tipo tiña tres pezas (estancia, dormitorio e cociña) e un pequeno retrete, situando a estancia e a cociña ás fachadas principal e posterior e o dormitorio ventilaba "á italiana". De acordo con este programa, a composición da "... familia obreira de poucos recursos..." que era destinataria, debía ser ao mesmo tempo reducida de membros algo non habitual en aqueles anos

Pero se a composición do programa contrasta co número de membros habituais nas familias obreiras de poucos recursos de fíns do século XIX, non é menos curioso a xustificación que tanto na memoria de Antonio de Mesa

(1902), como nas de Juan de Ciórraga (1909 e 1911) se fai de elección do emprazamento para este tipo de edificación.

Dí Juan de Ciórraga no expediente do ano 1911 "...o emprazamento elexido para as novas casas, en sitio elevado e despexado, recibindo as brisas do mar e do campo é do máis ventilado e san da poboación, as habitacións de cada vivenda, aínda que poucas, son espaciosas e con luz e ventilación abundantes...".



Na década dos anos vinte, e concretamente en 1923

e 1925, tramitaríanse novos expedientes para elevación do 1º piso (Rúa da Torre 99-101-103-105 e 107) e incluso para 1º piso e ático (números 87-89-91 e 93) alcanzando as cinco vivendas e cada unha das edificacións.

Un aspecto de interese a suliñar nesta iniciativa, é a repetición que se produce da planta de distribución desde 1902 ata 1930 por arquitectos como Antonio de Mesa Juan de Ciórraga, Eduardo Rodríguez Losada, e que queda reducida á máis mínima expresión.

Apenas 37,00 m2 construidos e 26,25 m2 útiles en cada vivenda, dános unha idea dos niveis especulativos que se alcanzan na Península da Torre no tema da vivenda obreira, nunha zona que non contaba nese momento co necesario sistema de alcantarillado para as densidades que se realizan, polo que cada edificio de catro vivendas deberían dispor dun pozo negro no pequeno patio posterior e de aí a necesidade de conexión directa desde a rúa a través dun pasillo para o seu valeirado.

V.III.2.2 A LADEIRA OESTE DA PENINSULA DA TORRE.

V.III.2.2 A LADEIRA OESTE DA PENINSULA DA TORRE: DO MONTE ALTO A PRAIA DA BERBIRIANA.

Outro exemplo característico de "enclave obreiro" no que se van misturar equipamentos marxinais e promocións de vivenda obreira, é o situado no lado norte do Campo de Marte na zona que corresponde coa ladeira oeste da Península da Torre e que se extende desde o outeiro de Monte Alto abranguendo as agras do mesmo nome ata á Praia da Berbiriana.



Ata a segunda metade do século XIX era ésta unha zona totalmente deshabitada sen ningún asentamento de poboación, nin siquera un pequeno rueiro.

Tres camiños de carácter agrícola (VEREDA DE MONTE ALTO, VEREDA DE POLVORIN e un sendeiro de BEIRAMAR) servirán de SOPORTE E EIXOS DE DESENROLO da actividade edificatoria de carácter SUBURBANO.

1. A "VEREDA DE MONTE ALTO", era un estreito sendeiro a a media ladeira que conducía á FONTE DE MONTE ALTO sita na chamada "AGRA DE MONTE ALTO NO BARRIO DE SANTO TOMAS" como expresa Ciórraga no informe preceptivo para a construcción do Asilo.
2. A "VEREDA DO POLVORIN", prolongación da Rúa da Torre, era un sendeiro que na parte alta da ladeira, abríase paso cara o POLVORIN existente nos altos da Península
3. Por último, un camiño de BEIRAMAR percorría o alto dos acantilados sobre a Praia da Berbiriana.

A Agra de Monte Alto estaba, ata mediados do século XIX, destinada a usos agrícolas nas fincas rústicas que se atopaban protexidas dos ventos do norte e cunha excepcional orientación ao sur.

Entre elas e a cidade, erguíanse as instalacións industriais (Fábrica de Vidros, Fábrica de Gas,...), os Cuarteis (de Cabaleiría en Zalaeta, e a Escola Práctica de Artillería) e o Hospital da Caridade que se apoiaban no gran eixo da Rúa do Hospital. Na zona de contacto coa cidade, se situaban tamén as diferentes instalacións de almacéns e industrias erguidas na zona máis septentrional da Rúa do Socorro (Fábrica de Marcos e Molduras, Fábrica de Gas).

Para chegar a esta zona só era posible facelo a través da RUA DA TORRE baixando cara o Campo de Marte ou a través da RUA DE ZALAETA que desembocaba tamén no citado Campo, pero na parte baixa.

Os aliñamentos que conforman e delimitan o actual CAMPO DE MARTE (Rúa de Ramón del Cueto e Rúa de Curros

Enríquez), tomarán como REFERENCIA estas dúas RUAS: TORRE e ZALAETA. Os aliñamentos que se abren camiño nas Agras de Monte Alto (Rúa do Polvorín-Hércules, Rúa de Adelaida Muro e Estrada do Matadeiro), apoiaránse na rede de camiños agrícolas existentes.

O INICIO: 1869

O proceso de ocupación edificatoria da zona e, polo tanto, a súa utilización como soporte de estructuras urbanas, realízase a partir de 1869 coa construcción de toda unha serie de edificios de planta baixa ou planta baixa e piso no lado oeste do chamado Campo de Marte (hoxe Rúa de Ramón del Cueto).

O Campo de Marte era un terreo vacante que estivera afectado por usos de carácter militar ata mediados do século XIX. Nun informe do "Comisionado principal de investigación e vendas de bens nacionais" de data de 30 de xaneiro de 1886 faise referencia á titularidade e usos do terreo:

"... Antes de ser derribadas as murallas e fortificacións de guerra que existían entre as antigas e modernas poboacións (...). O Cuarto Rexemento de Artillería a Pé tiña un cuartel de baterías para Escola Práctica nas casas e locais coñecidos por Corralón, de propiedade particular, lindante polo norte co Campo chamado de Marte e Bolante sobre o que facía os seus disparos a Artillería en dirección ao sitio de puntería colocada máis aló en terreos coñecidos por Monte Alto. Entón e ata que desapareceron as indicadas fortificacións e se construiu o referido Cuartel de Alfonso XII e aplanou o Campo chamado da Estrada, estivo o de Marte como de dominio e propiedade do Estado adicado exclusivamente a exercicios e manobras militares, para o que despois de acuartelada a Artillería e máis forza do Exército no de Alfonso XII, concedeuse o da Estrada no que veñen efectuándose aquelas operacións...".

Vemos, pois, como por efecto indirecto do fenómeno Desamortizador o "Campo de Marte ou Bolante" vai pasar

de ser campo de tiro a campo de exercicios e manobras militares.

No seu entorno, no último cuarto de século, xurdirán toda unha serie de iniciativas de parcelación de terreos, tanto oficiais, como privadas que teñen en común o ser destinadas a promocións de vivendas obreiras.

A EDIFICACION: 1869 - 1883

O proceso de ocupación da chamada "Agra de Monte Alto", na ladeira oeste da Península da Torre, non se iniciará ata o ano 1869.

Ata ese momento a explotación agrícola do territorio queda de manifesto non só no seu nome de "AGRA", término referido en Galicia aos terreos destinados a tales usos, senón na documentación gráfica que reproducen os planos da época.

Pero se esto non chegase, nada tan expresivo como o informe do técnico municipal, Juan de Ciórraga, no expediente de tramitación da licencia de obra "... para a construcción dunha casa no Campo de Marte contigua á Vereda do Polvorín..." datado en novembro de 1870. Os términos que Juan de Ciórraga utiliza son elocuentes: "... sendo dentro de propiedade particular e a máis de 20,00 metros de distancia da Vereda do Polvorín, a construcción rural que o recorrente pretende edificar nun

sitio tan extraviado e apartado da poboación, o arquitecto municipal non considera indispensable o sinalamento de liña, pero indicará como conveniente unha paralela ao eixo xeral da expresada Vereda...".

A Vereda do Polvorín, que desembocaba no Campo de Marte, aparece, pois, como lugar "... extraviado e apartado da poboación..." en tal medida que a casa terrea de planta baixa é referida como "... construcción rural..."

1869: O ALIÑAMENTO DA ACERA NORTE DO CAMPO DE MARTE.

RUA DE RAMON DEL CUETO

Sen embargo non foi este o primeiro expediente tramitado no Campo de Marte. No ano anterior de 1869 xa se tiña producido a primeira solicitude de licencia de obra nun solar que daba frente ao propio Campo e formando esquina precisamente coa Vereda do Polvorín.



A instancia tramitada por don Antonio Corral no mes de xullo de 1869 estaba acompañada dun plano dunha casa

de planta baixa, piso e bufarda, asinado por Agustin Gómez Santamaría. O seu interese vai moito máis aló da simple tramitación dunha licencia de obra, xa que no proceso quedará fixada a LIÑA DA ACERA NORTE DO CAMPO DE MARTE, actual acera dos números impares da Rúa de Ramón del Cueto. Xurde o tema do lugar e do tipo "... tratándose dunha construcción rural que intenta elevarse nun sitio apartado e aillado completamente do resto das edificacións...", entendía o arquitecto que non había que por tachas á súa realización a pesar de que "... no segundo (corpo de fachada) aparecen dúas ventás antepeitadas cuio emprego non está permitido nas rúas públicas da poboación...".

A liña que debía observar a construcción sería polo lado leste, é dicir, polo Camiño do Polvorín, a fixada polo peche ou murado do límite da propiedade "... E POLO FRENTE QUE DI AO CAMPO DE MARTE A QUE PARTINDO DO DEVANDITO PUNTO (a esquina do peche) VAIA MORRER AO ESQUINAL DEREITO OU ANGULO DE ENTRADA DA RUA DE ZALAETA



POLO LADO DO MATADEIRO...". O trazado do aliñamento toma, pois, como punto de referencia, a RUA DE ZALAETA e sube en liña recta ata o esquinal da finca en cuestión.

A licencia de obra e, polo tanto, o ALIÑAMENTO do lado norte do Campo de Marte, foi tramitada e aprobada na sesión de 5 de agosto de 1869.

Poucos meses despois, en maio de 1870, tería lugar a tramitación do segundo expediente. Este, ao igual que o anterior, situábase nun solar en esquina, pero se no primeiro caso era na Vereda do Polvorín, neste caso é na esquina coa Vereda de Monte Alto.



A instancia a nome de don José Vázquez, está acompañada por un plano datado en maio de 1870 e asinado tamén por Agustín Gómez Santamaría. Neste expediente o informe de Juan de Ciórraga fai referencia "... á construcción de dúas casas terreas no Campo de Marte polo

lado do camiño que conduce á Fonte de Monte Alto trazando a liña da parede deste costado paralela ao eixo do expresado camiño e a distancia de 2,00 metros do mesmo para que quede cun ancho total de 4,00 metros, e para a liña da fachada principal a prolongación da correspondente á casa que no mencionado Campo acaba de construir don Antonio Corral...", é dicir, o expediente que vimos anteriormente.

A licencia, concedida o 25 de maio de 1870, confirma, pois, o aliñamento do marcado en 5 de agosto de 1869 ao tempo que abre a posibilidade de apertura da actual Rúa de Adaleida Muro que non é outra que a antiga Vereda de Monte Alto.

Sen embargo, das dúas casas terreas debuxadas no plano, só se debeu edificar unha delas, xa que en 1880 tramitaríase un expediente no "... solar número 22 do Campo de Marte esquina á Vereda de Monte Alto..." na que figuran claramente os planos da casa actualmente existente.



Neste caso, un plano de Marcelino Sors Martí coa fachada principal ao Campo e a lateral á Vereda de Monte Alto, acompaña a instancia de solicitude de licencia presentada polo novo propietario, don Manuel Fontenla, o aliñamento da fachada principal queda fixada "... na rasante e liña das elevadas dos números 23 e sucesivos e a lateral nunha paralela ao medianil da número 23...". A casa tiña un ancho de 6,69 metros e un fondo de 12,00 metros e obtén a licencia na sesión de 9 de agosto de 1880.

Está claro que nesta época xa se tiñan levantadas máis casas desde aqueles primeiros expedientes de 1869 e 1870.



Concretamente, no ano 1875, realizaríanse novas demandas de licencias de obra, sendo a primeira tramitada en febreiro por don Raimundo Castro. Acompaña un plano dunha casa de planta baixa e bufarda que está "...inmediata á casa do señor Vázquez...", (é dicir, o anterior peticionario). A licencia concédeselle na sesión de 22 de febreiro de 1875, tendo a casa 6,87 metros de ancho na fachada principal, 5,85 metros na posterior e 10,40 metros de fondo cunha superficie aproximadas de 64,00 m2.



Uns meses despois, en decembro do mesmo ano, tramitaríase o expediente da casa colindante "... polo lado norte..." á anterior a iniciativa de don Serafín Rivero e segundo plano de Faustino Domínguez. Obtería a licencia na sesión de 27 de decembro de 1875.



En maio de 1876 será a número 25, colindante "... polo lado sur..." á de don Raimundo Castro a que

solicite a correspondente licencia segundo plano tamén de Faustino Domínguez. A licencia é concedida en 12 de maio.



No ano 1877 e nun único expediente, don Bernardo Parga, tramita a construcción de tres casas (número 28, 29 e 30) de planta baixa e piso con proxecto de Faustino Domínguez que obtén licencia na sesión de 20 de xullo.

Todo un frente cunha lonxitude de 115,00 metros elévase entre 1870 e 1877. Nove edificacións das que cinco son de planta baixa e bufarda e catro de planta baixa e piso. Son casas que oscilan entre os 5,50 metros e os

7,00 metros de lonxitude de fachada con fondos que non superan os 15,00 metros.

Superficies, polo tanto, cun máximo de 100,00 m2 por planta nas que se distribúe unha "vivenda obreira" cuia superficie útil non sobrepasa os 70,00 m2 dado a necesidade de dispor dun portal de acceso e núcleo de escaleira de comunicación coa vivenda da primeira planta ou do baixo-cuberta abufardado.

A construcción destas nove edificacións plantexaba xa serios problemas de saneamento polo que en 1877 os seus donos se dirixen ao Concello pedindo que se constrúa a alcantarilla xeral por cuestións de salubridade, así como que se dote de faroles á zona. Esta iniciativa non chegará a ser asumida polo Concello debido "... á carencia de fondos para executalas...".

O proceso de edificación continuaría nos anos seguintes.

O CAMPO DE MARTE: 1863-1925

A fixación dos límites actuais do Campo de Marte, produciuse a partir de decisións ailladas sen un modelo previo de referencia.

Os aliñamentos da actual Rúa de Curros Enríquez e da Rúa de Ramón del Cueto, que conforman os lados maiores do gran rombo que é o Campo de Marte, son decisións adoptadas en anos diferentes e sen ningún tipo de intencionalidade urbanística que vaia máis aló da súa condición de liñas rectas e de conexión coas embocaduras das últimas rúas existentes (Rúa de Zalaeta e Rúa da Torre).

Así no ano 1863, cando don José Pastor promove o segundo grupo de seis casas no solar ocupado pola antiga fábrica de sombreiros, a liña do costado lateral da casa esquina ao Campo de Marte, mantense na situación do cerramento da antiga instalación fabril e así aparece no "croquis da Rúa da Torre" de maio de 1864 realizado por Juan de Ciórraga e no expediente para a "...construcción

e decoración simétrica da muralla de peche da fábrica de xabrón..." solicitada polo seu propietario don José Pastor en xuño de 1864. Era unha beira perfectamete recta e aliñada desde antigo nos seus 225,00 metros de lonxitude que tomaba como referencia os muros de peche da antiga fábrica de sombreiros e da antiga fábrica de xabrón, ambalasdúas dos Herdeiros de J. Pastor e, por último, os terreos da Escola Práctica de Artillería.

En canto ao lado norte, na actual Rúa de Curros Enríquez, a liña fora fixada na sesión de agosto de 1869 cando se procedera a solicitar a licencia dunha pequena casa terrea no solar que daba frente ao Campo e facía esquina coa Vereda do Polvorín: "... en canto as liñas que deben observarse entende que a máis conveniente polo lado leste, ou sexa do Camiño do Polvorín, é a determinada polo pilar da cerca ou valado que limita a propiedade de recorrente e o punto que queda sinalado a pico na roca contigua, e polo frente a que partindo do devandito punto sinalado vaia morrer ao esquinal dereito ou

ángulo de entrada na Rúa de Zalaeta polo lado do Matadeiro..." (Informe do arquitecto municipal de 2 de agosto de 1869).



SUP. APROXIMADA 3 Ha

Estas dúas beiras ou lados perfectamente aliñados, formaban un ángulo agudo de 42,5º graos cuio vértice estaba na embocadura da Rúa de Zalaeta, rúa esta que, como vimos, é o punto común de referencia ao seu trazado.

Os outros dous lados máis pequenos corresponden á parte máis alta no en torno da Rúa da Torre con orienta-

ción nordeste e sudeste. O lado sudeste é unha prolongación da Rúa da Torre dos números 82 ao 126 que, en liña recta, chegaba ata a actual Rúa de Orillamar despois de deixar á súa dereita un muiño de vento e a Rúa do Cimeterio na que se situ aa unha antiga fábrica de xabrón. A Rúa do Cimeterio pola súa posición frente por frente da porta de acceso ao ao Cimeterio Católico e perfectamente aliñada con él debeu de abrirse na época de construcción do mesmo en torno ao ano de 1812.

Po último, a beira N.E. era a menos ocupada por edificacións e tamén a máis irregular ao se situar nel predios de carácter agrícola, muiños de vento, etc...

Todo este espacio era, pois, un gran espacio vacante, un enorme baldío que non ía estar exento de disputas sobre a súa propiedade. A súa superficie alcanzaba as 3 Hectáreas e as diagonais do rombo a xeito de cometa, tiñan 325,00 metros a máis longa e 175,00 metros a máis estreita.

O proceso de edificación da beira norte desenróla-se fundamentalmente entre 1869 e 1879, e os propietarios das casas construidas dirixíronse ao Concello xa en 1877 para que dotase á zona dunha alcantarilla xeral por cuestións de salubridade asi como de faroles.

1883: O PROXECTO DUNHA PRAZA CIRCULAR.

Esta demanda de infraestructuras será o preludio dunha iniciativa municipal que ten por obxecto a FORMALIZACION DO ESPACIO DO CAMPO DE MARTE cara a súa urbanización: Trátase do "PLANO DO CAMPO DE MARTE CO TRAZADO DUNHA PRAZA CIRCULAR, VIAS AFLUENTES E DE CIRCUNVALACION E ALCANTARILLAS" documento datado en 14 de decembro de 1883 e realizado polo arquitecto municipal, Juan de Ciórraga, no que se formaliza por primeira vez a actual praza.



Consiste o proxecto no trazado dunha gran praza

circular horizontal de 90,00 metros de diámetro cuio centro se sitúa na bisectriz do ángulo que forman os lados maiores do rombo e a 175,00 metros do vértice na embocadura da Rúa de Zalaeta. Entorno a esta "... Praza circular nun plano horizontal..." e rodeándoa a base de rampas, sitúase unhas "...vías de circunvalación..." que conectan a "... vía alta..." (20,00 metros de ancho mínimo) na zona da Rúa da Torre coa vía central (37,00 metros de ancho).

Dúas vías, norte e sur, de 10,00 metros de ancho, corren ao longo das fachadas dos lados maiores (actuais Rúas de Curros Enríquez e de Ramón del Cueto) adaptándose, polo tanto, aos aliñamentos dos edificios xa existentes.

Uns "... terreos para edificar..." se ubican apoiándose na Rúa da Torre e na "nova vía" de prolongacón da Rúa do Cimeterio e tamén na parte baixa no frente da Vereda de Monte Alto (hoxe Rúa de Adelaida Muro).

Este plano foi aprobado na sesión de 17 de decem-

bro de 1883, momento a partir do que se iniciarían as discusións sobre a propiedade do terreo que a Comisión Provincial de Bens Nacionais considera que "... corresponde ao estado polas Leis de Desamortización...".

A superficie do terreo en litixio alcanza os 22.251,50 m2 e nel "... antes de ser derribadas as murallas e fortificacións de guerra (...) o Cuarto Rexemento de Artillería tiña un cuartel con baterías para Escola Práctica nas casas e locais coñecidas polo Corralón de propiedade particular, lindante polo norte co Campo de Marte e Bolante sobre o que facía os seus disparos a Artillería en dirección ao sitio de puntería colocado máis aló en terreos coñecidos por Monte Alto. Entón e ata que desapareceron as indicadas fortificacións e se construiu o referido cuartel de Alfonso XII e achanou o Campo chamado da Estrada, estivo o Campo de Marte como dominio e propiedade do Estado adicado exclusivamente a exercicios e manobras militares para o que despois de acuartelada a artillería e máis forza do Exército no de Alfonso XII,

concedeuse o da Estrada no que veñen efectuándose aquelas operacións...".

E dicir, usos fundamentalmente militares: primeiro como campo de tiro "...sobre o que facía os seus disparos a artillería...", logo como "... campo de exercicios e manobras..." ata 1860 ano en que se traslada para o Campo da Estrada.

O SEGUNDO PROXECTO: 1914

O debate sobre a propiedade dos terreos alongouse durante anos recoñecéndose ao fín ao Concello como propietarios dos mesmos.

No ano 1914 realízase o que sería Segundo Proxecto de Urbanización formado polo arquitecto municipal, Pedro Mariño.



O Proxecto consiste na formalización do Campo e na determinación dos emprazamentos do "Grupo Escolar Curros Enríquez" e da "Gota de Leite-Casa Cuna", ao tempo que

se sinalan unhas parcelas de "... solares para edificar...".

Dúas filas de árbores que corren ao longo dos lados máis grandes cun trazado de vías paralelas ás fachadas dos devanditos lados.

Sobre este proxecto encargaráse, na sesión de 11 de outubro de 1916 a realización dun "Proxecto de obras de urbanización do Campo de Marte" ao enxeñeiro municipal José de Pontes.



Un ano despois, o 17 de setembro, o enxeñeiro re-

mite o plano adxunto que é aprobado na sesión de 13 de novembro de 1918.

O primitivo eixo da bisectriz do ángulo que partía da Rúa de Zalaeta, servirá de elemento ordenador sobre o que se situará unha fonte, o acceso a un edificio destinado a "Gota de Leite" e Casa Cuna, e a esquina do solar para o Grupo Escolar Curros Enríquez.

A vía norte limítase a 6,00 metros de calzada cunha acera de 2,00 metros no frente das casas, e outra de 7,00 metros ata unha fila de árbores xa no límite interior do Campo.

A vía sur, sen embargo, ten unhas maiores dimensións con 2,00 metros de acera, 11,00 metros de calzada e 2,00 metros de acera ata a fila de árbores simétrica coa outra respecto da bisectriz.

Na parte superior trázase unha vía de 12,00 metros de ancho (2,00 metros de aceras a cada lado e 8,00 metros de calzada) que toma como aliñamento a da Rúa da Torre ata a bisectriz, e a partir desta desenrólase si-

metricamente ao primeiro tramo.

Na parte superior queda un trapecio duns 50,00 metros por 19,00 metros de "... solares para edificar...".

O TERCEIRO PROXECTO: 1920-1925

A experiencia realizada entre 1892 e 1912 no Campo de Artillería a partir da creación dun "Patronato de casas para obreiros" que impulsou a construcción de vivendas económicas, sería o precedente inmediato da iniciativa de construcción de "Casas Baratas" no Campo de Marte.

En ambolos dous casos trátase de actuar sobre terreos públicos de propiedade municipal, Campo de Artillería e Campo de Marte, destinados no seus orixes a usos de carácter militar e que por mor das Leis Desamortizadoras e do importante proceso de acuartelamentos dos exércitos (construcción dos Cuarteis de Zalaeta, do Príncipe Alfonso, etc...) quedaron a baldío.

As iniciativas xurden co obxecto, en ambolosdous casos, de paliar o problema da vivenda "...de tan urxente e difícil solución (...) pero terriblemente insoluble en A Coruña...".

Sen embargo o axente que ten a iniciativa é diferente:

-- No Campo de Artillería son elementos salientables da burguesía local os que nunha "filantrópica" iniciativa buscan o convertir en propietarios aos "obreiros pobres". Quizais a burguesía local considerou xa cuberta a súa cuota de responsabilidade no gravísimo problema da vivenda, quizais tamén o proceso de autoorganización da clase obreira e a aparición de mecanismos de participación desta no proceso de construcción da cidade, fixeron que a iniciativa do Patronato fose a única.

-- No Campo de Marte e coa cobertura da "LEI DE CASAS BARATAS" de 12 de xuño de 1911, aparece un novo axente que non é nin o promotor aillado, nin a burguesía filántropa: Trátase dunha "SOCIEDADE COOPERATIVA DE CASAS BARATAS DE A CORUÑA" que formada por vintecatro conveciños dirixen un escrito en 10 de decembro de 1920 ao Alcalde de A Coruña solicitándolle a ce-

sión gratuita dos terreos necesarios no Campo de Marte para que sirvan de solares para a construcción de 24 casas.

A idea de destinar o Campo de Marte a construcción de "casas baratas" fora xa plantexada o 9 de xuño de 1920, é dicir, meses antes polo concellal Francisco Fontenla que propuxo que o Concello promovese unha iniciativa de edificación de casas económicas. Na sesión de 14 de xuño a Comisión de Obras e Facenda considera positivamente a proposta e encarga a Pedro Mariño, arquitecto municipal, "... a formación dun proxecto de urbanización dos terreos do Campo de Marte coa distribución de casas que poidan construirse...".

No "Plano de anteproxecto de urbanización do Campo de marte para a construcción de casas económicas" de data 30 de xullo de 1920 de Padro Mariño, refléxase a distribución de vintecatro solares de 116,50 m2 cada un que seguen as liñas paralelas aos respectivos lados norte e sur que limitaban o Campo deixando rúas de 15,00 metros



de ancho e unha zona central para parque e xardín. A zona alta do Campo complétase cunha pequena mazá na que puideran construirse catro casas máis, reservándose outra mazá para a edificación do Grupo Escolar Curros Enríquez.

Sen embargo esta iniciativa na que o Concello asumía o protagonismo sería desbotada na sesión de 29 de decembro de 1920, é dicir, uns días despois da entrada do escrito de Ramón Maseda Martínez e vintetres convecinos máis ao que fixemos referencia anteriormente.

Na sesión de 9 de febreiro de 1921, o Concello acorda ceder á Sociedade Cooperativa os terreos que o arquitecto municipal adica a novas edificacións no plano de urbanización, plano que tamén foi aprobado na devandita sesión.



Os vintecatro solares dividíanse en catro filas de tres solares cada un prevéndose a construcción de dúas casas adosadas en cada un dese tres solares.



Cada casa tería 8,90 metros de frente e 9,20 metros de fondo, se ben pola parte interior que daba á gran praza e xardín saía un volume adosado no seu centro con 5,00 metros de ancho e 2,50 metros de profundidade que actuaba como porche cuberto e galería-costureiro en planta baixa, e terraza en planta primeira.



Eran casas de planta baixa e piso con tres fachadas e una medianería, de 190,00 m2 construidos distribuidos en planta baixa (vestíbulo, salón, comedor, cociña, aseo, galería-costureiro) e planta primeira (cinco dormitorios, un aseo e unha terraza) nas que todas as habitacións eran exteriores con luz e iluminación directas, incluidos os aseos.

O proxecto para a construcción de 24 casas foi redactado por Pedro Mariño en 1 de xaneiro de 1923 e obtivo a licencia na sesión de 26 de marzo de 1925.

O Proxecto de Urbanización do Campo de Marte aprobado polo Concello en decembro de 1883, non representou unha modificación sustancial do "status espacial" da zona dentro da estructura urbana da cidade.

Nos anos seguintes dous equipamentos ían reforzar o carácter marxinal da área:

- En 1888: O Asilo dos Pobres Desamparados que se apoiará na Vereda de Monte Alto e fixará ao longo de 150,00 metros o trazado da actual Rúa de Adelaida Muro.
- En 1894: O Matadeiro Municipal que se apoiará nun sendeiro da beiramar sobre a Praia da Berbiriana dando lugar ao último tramo da actual Avenida Barrié de la Maza.

No en torno destes elementos, que actuarán como auténticos polos de atracción, promoveranse diversas iniciativas de vivendas adosadas que respostan ao tipo de "casas terreas" e "vivenda obreira" para o que se procederá á parcelación das grandes fincas agrícolas alí existentes que serán troceadas en pequenos solares.

1883-1888: DE VEREDA DE MONTE ALTO A RUA DE ADELAIDA MURO.

A actual Rúa de Adelaida Muro á que dá frente o Asilo de Ancianos nunha lonxitude de 150,00 metros, non é senón a antiga VEREDA DE MONTE ALTO que, atravesando o Campo de Marte, conducía á Fonte de Monte Alto situada a uns 400,00 metros sobre os terreos que anos máis tarde ocuparía o secadeiro de peles.

1888: A "CASA ASILO DAS IRMANCIÑAS DOS ANCIANOS DESAMPARADOS".



A institución benéfica das "Irmanciñas dos Ancianos Desamparados", instalouse na cidade de A Coruña no mes de outubro de 1882, ocupando entre 1888 e 1891 di-

versas edificacións da cidade.

A iniciativa de construcción do Asilo actual foi realizada por diversas familias da burguesía coruñesa, sendo o arquitecto municipal, Juan de Ciórraga, un dos que adquiriu os terreos xunto con outras persoas, segundo refire Juan Naya Pérez no seu artigo "Centenario da Institución das Irmanciñas dos Ancianos" (La Voz de Galicia, 21-X-1983) a quen seguimos nestas liñas.

O proxecto inicial foi redactado polo propio Juan de Ciórraga colocándose a primeira pedra en 1888.

Ao morrer en Madrid Adelaida Muro y Barbeito en xaneiro de 1892, legou 2.000.000 de pesetas que deberían investirse na creación e sostemento dun asilo para pobres e ancianos na cidade de A Coruña de onde era orixinaria. De aí que, polos testamentarios, decidiuse que este legado pasara á Institución das "Irmanciñas dos Desamparados", ás que en 1895 tamén sería donado outra importante aportación da irmá política de Adelaida Muro, Elvira de Arévalo.

A APERTURA DA RUA DE ADELAIDA MURO.

Se ben no ano 1883 no "Plan do Campo de Marte co trazado dunha Praza Central Circular, vías afluentes e de circunvalación", aparece iniciada a "Vereda de Monte Alto" cun ancho de 10,00 metros, non sería ata a construcción do asilo de Ancianos cando se materializaría a execución da apertura.

Esta se inicia coa solicitude da Superiora da Institución en 3 de agosto de 1888 para dar inicio ás obras de construcción do edificio dunha "...casa asilo para os pobres..." no terreo que lles foi cedido na Vereda de Monte Alto.

O informe de Juan de Ciórraga fai mención a que "... a Vereda de Monte Alto que conduce á fonte do mesmo nome, está proxectado convertila en rúa de 10,00 metros de lonxitude ou ancho segundo se indica no Plano do Campo de Marte presentado polo que suscribe en 14 de decembro de 1883...".

Juan de Ciórraga fai fincapé nos efectos beneficiosos que pode ter para a zona a edificación do Asilo, "... esta vía tomará un rápido incremento en canto se efectúe a apertura que se proxecta e constrúa o Asilo..." polo que plantexa que se debe "...acordar xa apertura da nova rúa en sustitución da Vereda de Monte Alto, tal e como se traza no croquis de referencia...".



O croquis é este "Plano da nova rúa que se proxecta abrir en sustitución da Vereda de Monte Alto" no que

aparece debuxado o aliñamento da nova rúa de 10,00 metros de ancho a partir das fachadas das casas xa construidas en 1881 e 1882 ao comezo da mesma.

O trazado e apertura da nova vía nun frente de 150,00 metros de lonxitude diante do solar do Asilo, foi aprobado na sesión de 10 de agosto de 1888, sendo prolongado outros 50,00 metros máis en 1894.



Desta segunda fase existen estes dous planos datados en novembro de 1893 e febreiro de 1894, onde se a-

de los terrenos denominados Fonte Nova.
donde se ha construido
el
Asilo de las Hermanitas de los pobres.

Superficie total: 5345,68 m²

Campo de Marte

precia con claridade o primitivo trazado da Vereda de Monte Alto, así como os terreos que foron obxecto de expropiación para a apertura da nova vía que tomaría o nome de Adelaida Muro, benefactora do Asilo

O MATADEIRO: 1894-1896



Outras instalacións que marcarían o carácter da zona serían as relacionadas coa matanza do gando e o posterior secado das dúas peles.

O Matadeiro e o Secadeiro de Peles situados na ladeira oeste da Península da Torre, serían dous edificios que desde a última década do século XIX, ata fíns do século XX, fortalecerían ese carácter de área marxinal.

No seu en torno só se desenrolarían operacións de promocións de vivenda obreira como veremos posteriormente.

Alto que serviría de referencia e soporte en 1888 á construcción do Asilo e ao trazado da actual Rúa de Adelaida Muro desde o Campo de Marte.

A carón mesmo da Fonte de Monte Alto, entre a Vereda e o mar, tíñanse pechado, xa desde había moitos anos uns terreos que, segundo o plano de situación do Matadeiro, estaban destinados a "cochiqueras" e hortas.

Entre éstes e o mar, máis terreos de usos agrícolas propiedade do Sr. Paz. Un camiño á beira mesma do acantilado completaba a zona.

Aí sitúa Pedro mariño o seu proxecto de forma rectangular cun frente de 59,20 metros dando ao mar e un fondo de 49,05 metros.

A pesar de xa se ter iniciado a Rúa de Adelaida Muro e, polo tanto, o único indicio de urbanización se apoiaba na vereda que conducía á fonte, é interesante observar como a fachada principal se sitúa mirando ao mar e dando a espalda, polo tanto, á vereda e ao posible trazado de prolongación da Rúa de Adelaida Muro. Esta

O PRIMEIRO EMPRAZAMENTO: 1894

O proxecto inicial do Matadeiro Municipal data de 1894 e está redactado polo entón arquitecto municipal, Pedro Mariño.



O seu emprazamento situábase a carón mesmo da FONTE DE MONTE ALTO, fonte á que conducía a Vereda de Monte

actitude implicaría, de terse executada a obra, a apertura dunha nova vía na beiramar, á actual Estrada de Orillamar, polo menos ata o lugar onde se pretendía a construcción do edificio, tema este que, como veremos posteriormente, sería barallado como inconveniente polos custes económicos en relación co emprazamento definitivo



Os planos do edifico, datados en agosto de 1894,

poñen de manifesto o interese do arquitecto Pedro Mariño por unha obra como era a do Matadeiro un establecemento industrial.

Recén rematada a carreira no ano 1892, Pedro Mariño elabora un proxecto no que o "TIPO" do edificio de desenrola en torno a grandes patios e nos que é interesante observar sinalados con flechas os percorridos dos distintos tipos de gando vacuno, ovino e porcino.

No frente, e separados a través de patios, dispóñense tres volumes, un central e dous laterais, nos que se distribúe a zona de acceso (portería, oficinas) e dúas vivendas respectivamente, se ben estas últimas non deberon se construir a tenor das fotografías existentes.

En fín, é de interese salientar a gran ventilación e iluminación que teñen todas as dependencias internas, para o que os patios vanse dispondo a xeito de dameiro.



A fachada principal denota claramente a adscripción ecléctica de Pedro Mariño nun traballo no que é de salientar o deseño das verxas e gran simbolismo do corpo central no que se sitúa o escudo da cidade.

O EMPRAZAMENTO DEFINITIVO: 1896

O Emprazamento Definitivo realizaríase sen embargo sobre a Praia da Berbiriana, chamada hoxe Praia do Matadeiro, en agosto de 1896.



O terreo era propiedade da Viuda de Pieltain (superficie de 4.043,44 m2) e Manuela Gantes (superficie de

3.035,73 m2), e situábase na parte posterior do Asilo con cuia muralla era medianeira polo linde norte nunha lonxitude de 112,00 metros. A superficie total a expropiar totalizaban 7.079,17 m2 m2 que foron valorados para a súa expropiación a 1 pta/m2 no ano 1896.

As razóns que o arquitecto municipal, Pedro Mariño, expón en 12 de agosto de 1896 para preferir este emprazamento están nos valores de expropiación xa que se no primeiro caso acadaban as 15.000 pesetas, neste eran de 7.262,64 pesetas unha vez que se lle engadiu o 3% de afección ao valor de 1 pta/m2. Un segundo argumento se cifraba na "...economía polo que a vías de acceso se refire, pois desde logo co novo emprazamento evitaráse a estrada que habería de unir este punto co primeiramente elexido...".



No ano 1898 realizouse a prolongación da alcantarilla segundo o plano adxunto ao tempo que na sesión de 7 de decembro deste mesmo ano se procedeu a adoptar o acordo de expropiar o terreo "... pertencente á Comisión liquidadora da fábrica de vidros "La Coruñesa" para a estrada de acceso ao Matadeiro...".

O PROXECTO DE 13 CASAS PARA OBREIROS: 1898

Se en agosto de 1896 Pedro Mariño realiza o informe valorando as condicións do novo emprazamento do Matadeiro, a bon seguro o ano 1897 e 1898 foron anos de construcción do edificio do Matadeiro



Polo tanto, a construcción estaba executándose cando en 26 de maio de 1898 Enrique G. de las Heras, en

representación de "Escudero y Cía." solicita licencia para construir 13 casas "... na Berbiriana, nas inmediacións do novo matadeiro...".

Segundo o informe do arquitecto municipal as casas totalizarían 645,00 m2 de superficie, é dicir, uns 50,00 m2 cada unha delas.

As casas formando un ángulo agudo dispóñense entre medianeiras.

Os solares teñen 6,00 metros de ancho e 12,50 metros de fondo, é dicir, uns 75,00 m2.

As casas ocupan a parte dianteira con 6,00 metros de ancho e 8,50 metros de fondo, é dicir, uns 51,00 m2 en planta deixando na parte traseira un pequeno patio de 6,00 metros por 4,00 metros.

Separábase o conxunto do edificio do matadeiro por unha rúa de 9,00 metros de ancho, medida esta que tamén se adoptaba no frente á praia por onde estaba a "... estrada nova do matadeiro..." de acordo cos aliñamentos e rasantes sinalados polo Concello na sesión de 4 de maio

de 1898.

Neste frente e por mor da curvartura da estrada, as cinco casas que nel se situaban, se adaptaban á liña curva do aliñamento da estrada cunha casa en esquina que servía de unión entre os dous aliñamentos.



Casas de planta baixa con tres ocos: un oco central que corresponde á porta de acceso cun longo pasillo que atravesa os 8,50 metros de profundidade da casas; a

dereita e á esquerda deste pasillo dispóñense tres cuartos dos que dous teñen luz directa (á rúa e ao patio) e un terceiro sería unha habitación a segundas luces.

A licencia é concedida na sesión de 15 de xaneiro de 1898.



No ano 1900, e por José Escudero, solicítase unha nova licencia para novas edificacións. O proxecto está redactado por Florián Calvo e datado en agosto de 1900 para "... dúas casas dunha soa planta en todo iguais ás xa existentes...".



E dicir, en apenas dous anos constrúense frente por frente do Matadeiro, e tras as fincas do Asilo, un total de 15 casas cuias dimensións andan maioritariamente polos 50,00 m2 en planta baixa.

Instalacións industriais-promocións de vivenda obreira aparecen ligadas con claridade no espacio: Os barrios do proletariado xurden no en torno de industrias que van ocupando o frente do Orzán alí onde o artigo 171 das O. M. 1858 dicía "... os animais mortos nas casas levaranse á Estrada e ao Orzán, sitios das esterqueiras da limpeza pública...". Nestas áreas xurdirán as "casas terreas" ou dun só corpo, que como esta poboación promoción dun total de 15 vivendas estaba prohibido construilas nas rúas principais (artigo 83 das O.M. de 1854).

Neste caso nunha posición en contacto co que o artigo 121 das Ordenanzas Municipais de 1854, define como establecementos que producen gran ruido e incomodidade ao vecindario polo que "...se situarán en adiante en lugares distantes da poboación...".

O CAMPO DE ARTILLERIA E A ESCOLA PRACTICA DE ARTILLERIA.

Dúas operacións de diferente iniciativa, pero coa mesma característica de estar destinadadas á promocións de vivenda obreira, desenrólanse nos últimos anos do século XIX, nos terreos ocupados polos Rexementos de Artillería: Nos anos 1892-1912 procederáse á parcelación e edificación de casas para obreiros no "Campo de Artillería". No ano 1898 realizaráse unha parcelación con apertura de dúas novas vías nos terreos do "CORRALON DO CAMPO DE ARTILLERIA".



Campo de Artillería e Escola Práctica de Artille-

ría, aparecen reflexados nos planos da segunda metade do século XVIII e primeira metade do século XIX conformando dúas grandes pezas cunha gran superficie de solo vacante e conectadas entre sí.

Neste plano da década de 1830 anterior á Desamortización de Mendizábal (1836) asinado por José María Noya, aparecen sinalados co número 22 figurando na lenda coa referencia de "Campo, Cuartel e Escola Práctica de Artillería".



Neste outro plano en torno a 1865, aparecen sinalados os terreos do "Campo de Artillería" así como a "Batería de Escola Práctica" que se sitúa na zona de contacto do Corralón co actual Campo de Marte.

A utilización de ambalasdúas pezas para usos de carácter militar quedan patentes nesta documentación gráfica e se aclaran no informe do Comisionado Principal de Investigación e Venda de Bens Nacionais de 30 de xaneiro de 1886 co motivo da discusión co Concello de A Coruña sobre a titularidade do Campo de Marte e no que

expresa que "... antes de ser derribadas as murallas e fortificacións de guerra que existían entre as antigas e modernas poboacións (...) o Cuarto Rexemento de Artillería a Pé tiña un cuartel con baterías para Escola Práctica nas casas e locais coñecidas por CORRALON de propiedade particular lindante polo norte co Campo de Marte e Bolante...".



Ambolos dous terreos, o Campo de Artillería e o Corralón, serían obxecto de dúas operacións de parcela-

cións nos últimos anos do século XIX:

- O Campo de Artillería: 1892-1912

- O Corralón ou Escola Práctica de Artillería: 1898

A primeira consistirá na realización dun proxecto unitario de seis grupos de casas cun total de 37 casas cuios terreos, unha vez parcelados polo Concello, son cedidos a un Patronato para a súa edificación e posterior destino a "... casas para obreiros pobres..." de acordo cuns tipos ou proxectos definidos polo arquitecto Juan de Ciórraga.

A segunda operación de iniciativa totalmente privada, xurde coa apertura de dúas rúas (actuais Independencia e Progreso) a través da finca e posterior parcelación en 75 solares, nuns casos para edificar o propio promotor da iniciativa, noutros para a venda das parcelas aos particulares que realizarían a edificación posteriormente.

O CAMPO DE ARTILLERIA: 1892-1912

As iniciativas da burguesía coruñesa cara a construcción de vivenda obreira en terreos públicos, adoptará, no caso do Campo de Artillería, unha nova forma.

Trátase da constitución dunha Asociación, "Patronato de casas para obreiros" nos que figurarán importantes personaxes da vida pública local como é o caso de José Marchesi Dalmau (que ocupara o cargo de Alcalde de A Coruña), Pedro Barrié y Pastor (da Banca), Juan de Ciórraga (Arquitecto Municipal), Ramón Bernárdez, Pedro Sanjurjo, Antonio Rodríguez Maceiras e Enrique Ruibal promotores da idea. Todos eles dirixen un escrito o 30 de xaneiro de 1892 co obxecto de constituir unha Asociación que teña como fín "... a construcción de casas económicas para obreiros convertindo a éstes en propietarios, non por vía da donación graciosa da finca, senón pola súa adquisición mediante un suplemento do aluguer módico que se lle asigne...". Con este obxectivo solici-

tan ao Concello que lles ceda ou lles venda "... os terreos sobrantes de vía pública no Campo de Artillería..." para proceder a "... construir unha barriada de casas económicas para xornaleiros...", pensamento éste que se remontaba xa á formación do Plan de Aliñamento de Yáñez e Barón en 1882.

A "Sociedade Constructora de Casas para Obreiros" que realiza a xunta xeral de accionistas o 23 de abril de 1892, nomea Presidente de Honor ao Alcalde de A Coruña, Antonio Pérez Davila, e Presidente ao Gobernador Civil, Maximiliano Linares Rivas.

Nos meses seguintes de maio (sesión do día 9) e xuño (sesión do día 9), trátanse temas relacionados coa iniciativa acordándose que, polo arquitecto municipal, Antonio de Mesa, "... contribúase á formación do proxecto e planos para a construcción da barriada de casas para obreiros pobres..." para o que, xunto con Juan de Ciórraga, debe redactar os planos "... nos terreos destinados ao obxecto que son os que constituen o Campo de

Artillería...".

No mes de xullo de 1892, está datado o primeiro plano de Antonio de Mesa coa ubicación dos mesmos.

A partir destas datas, aparecen novos planos asinados por Juan de Ciórraga en agosto de 1892 cos que se solicitan licencia de obra.

A ordenación consiste en seis grupos de casas cun total de trinta e sete solares. As casas forman paquetes de 4 (grupo 2º e 5º), de 8 (grupo 1º e 3º), de 10 (grupo 6º) e de 3 (grupo 4º).



O ancho tipo dos grupos é de 18,00 metros, se ben hai 2 grupos, o segundo e o quinto, que teñen 11,00 metros.

As casas parten dunha parcela tipo de 5,00 metros de ancho ou frente e 9,00 metros de fondo dos que ocupan 7,00 metros e deixan libres 2,00 metros para patio posterior.

A necesaria construcción de muros medianeiros de carga de 55 cm. de espesor, fai que as medidas das parcelas interiores se reduza a 4,85 metros, en tanto que as perimetrais, son de 5,15 metros para absorber o expesor dos muros e non sobrepasar a lonxitude de 20,00 metros de frente da mazá.

Constan todas elas dunha planta baixa de 43,65 m2 de superficie e unha planta baixo cuberta da mesma dimensión, se ben a altura libre nas paredes das fachadas, redúcese a 0,70 metros.



As fachadas teñen dous ocos (porta e ventá) na planta baixa e bufarda centrada na cuberta a dúas augas con pendentes cara as fachadas principal e posterior.



A planta baixa ten un ancho oco 4,35 metros e fondo oco de 6,00 metros, é dicir, 26,10 m2 interiores aos grosos muros de carga de 55 cm. de espesor.

Campo de Artillería

Planta baja del 3er grupo.



Divídese en 4 cuartos, 2 grandes (estancia e dormitorio) de 7,95 m2 situados a un lado, e os outros 2 (vestíbulo e cociña) máis cativos de 5,60 m2 ao outro lado. Un pequeno retrete sitúase pegado ao vertedeiro.

PROYECTO

de

casas para obreiros

en el

Campo de Artillería

Planta alta del 1º grupo.



Desde o vestíbulo arranca unha escaleira de gran pendente cara a planta alta na que se sitúan dous dormitorios abufardados manténdose aberto con doble altura o espacio sobre o vestíbulo de acceso.

As bufardas, unha en cada fachada a través das que ventilan os dous dormitorios, ten 80 cm. de ancho.

A altura libre máxima do espacio abufardado, é de 2,50 metros e a mínima de 0,70 metros.

A TRAMITACION DOS EXPEDIENTES: 1892-1912

O primeiro expediente de construcción iníciase en 14 de agosto de 1892, momento este no que se presentan os planos das casas do terceiro grupo (8 casas).

Na sesión de 16 de agosto acórdase conceder a licencia para este grupo ao tempo que se otorga a escritura de cesión do devandito terreo a favor da sociedade construtora. Cédense á Sociedade un total de 1.744,52 m2 correspondentes 360,00 m2 a cada un dos grupos 1º e 3º, 220,00 m2 ao grupo 2º, 189,52 m2 ao grupo 4º, 165,00 m2 ao grupo 5º e 450,00 m2 ao grupo 6º.

A valoración foi de 4 ptas/m2, polo que resulta un total de 6.978,08 pesetas que o Concello acorda investir en accións do Patronato.

A primeira pedra é colocada en 25 de setembro de 1892.

Tardaríase tres anos en iniciarse outro grupo, neste caso o 6º, para o que o Presidente do Patronato da

Sociedade solicita licencia en 10 de abril de 1895, concedéndosella na sesión de 15 de maio.

O 13 de xullo de 1890, solicítase licencia para 4 casas máis no citado grupo 6º, e en 4 de outubro pídese para unha casa máis. E dicir, que o grupo 6º tería en total 11 casas das mesmas características.

No ano 1904 solicítase licencia para as 8 casas do primeiro grupo segundo proxecto datado en maio e realizado por Juan de Ciórraga, que obtén a licencia en 2 de novembro de 1904.

O último grupo de casas realizaríanse en 1911, ano este no que se concede licencia na sesión de 2 de agosto para a execución das devanditas obras que se rematan, segundo certificado de Juan de Ciórraga, o 1 de agosto de 1912.

Dos 6 grupos previstos, só se construiron os 4 das esquinas (primeiro, terceiro, cuarto e sexto), quedando sen executar os dous centrais (segundo e quinto) de catro parcelas cada un deles que formaban unha mazá com-

pacta sen patios.

En definitiva, en vinte anos (1892-1912), construíronse 28 casas para 28 familias obreiras, un ritmo moi lento tendo en conta as graves necesidades existentes de vivendas económicas.

A Coruña medrou no mesmo período de tempo, de 38.000 a 48.000 habitantes, incremetándose polo tanto a poboación en 10.000 novos veciños cuio problema de aloxamento só sería posible solucinar na gran maioría dos casos, dentro dun réxime de aluguer das novas vivendas (elevacións de pisos, bufardas, bufardóns) que se levantan sobre as vellas casas da Pescadería e Cidade Vella, ou a través do aluguer dunha casa ou vivenda nas múltiples promocións de vivendas obreiras que promoven activos elementos da burguesía local.

1898: A ESCOLA PRACTICA DE ARTILLERIA: AS RUAS DA INDEPENDENCIA-LIBERDADE E PROGRESO.

Unha das operacións de "LOTTISSMENT" dunha gran propiedade, das de maiores dimensións na zona oste da Península de Monte Alto, sería a da antiga Escola Práctica de Artillería, chamada tamén Corralón do Campo de Artillería.





Nos antigos planos de fíns do século XVIII e da primeira metade do século XIX aparece delimitada a área

como un espacio destinado a usos militares que nun informe do Comisionado Principal de Investigación e Venda de Bens Nacionais de 30 de xaneiro de 1886 con motivo da discusión sobre a titularidade do Campo de Marte dí:

> "... Antes de ser derribadas as murallas e fortificacións de guerra que existían entre as antigas e modernas poboacións (...) o Cuarto Rexemento de Artillería a pé tiña un cuartel con baterías para Escola Práctica nas casas e locais coñecidas por CORRALON, de propiedade particular, lindante por el norte co Campo chamado de Marte e Baluarte...".

O terreo situábase entre os dous Campos:

- O CAMPO DE ARTILLERIA e
- O CAMPO DE MARTE,

e tiña unha lonxitude de 140,00 metros cun ancho aproximado de 80,00 metros acadando unha superficie de 1 Ha.

A apertura dun expediente en 1899 ao promotor da operación de parcelación por non ter solicitado a licen-

cia de apertura das vías e de edificacións das casas, permítenos coñecer o proceso de realización da actuación

O promotor da operación resultaría ser Juan Castro Mosquera quen en 1890 "...adquiriu por compra os terreos coñecidos por Corralón do Campo de Artillería e sinalados no portalón que dá ao devandito Campo número 1 ...".

Posteriormente procedeu a realizar unha parcelación da finca a partir do trazado de DUAS VIAS:

- Unha primeira, a actual Rúa da Independencia que unía en liña recta o Campo de Artillería e o Campo de Marte. En canto o trazado e aliñamento desta vía (realizada sen licencia municipal) "... procurou adoptar ao vender as parcelas e ao construir as súas casas a máis racional e equitativa, ou sexa, a recta que une o Campo de Artillería co de Marte formando unha rúa de 7,00 metros de ancho en toda a súa extensión que acada uns 140,00 metros e que une os devanditos Campos vindo a satisfacer unha necesidade en canto que facilita as comunica-

cións das devanditas poboadas paraxes...".

- Unha segunda vía aberta polo propio Juan Castro Mosquera en 1901 "... a esquerda da devandita vía e paralela a ela, abriuse, polo que suscribe, outra vía de 5,00 metros de ancho e a mesma extensión..." que é a Rúa do progreso, hoxe Rúa de Salgado Somoza.

  esta nova vía estaba "... a punto de rematarse en canto a construcción de casas que a limitan..." no ano 1901 segundo manifesta o propio Juan Castro Mosquera ao Concello como resposta á apertura dun expediente por ter executado as obras de apertura e de construcción sen a pertinente licencia.

  Esta irregularidade foi patente no momento en que procedeu ao derribo "... do muro que pechaba a expresada finca do Corralón polo costado do Campo de Marte e pon en comunicación aquel co de Artillería...".

Estamos, pois, ante un exemplo claro de partición dun terreo co trazado de dúas novas vías e posterior parcelación das illas resultantes co obxecto de "...vender en diversas ocasións varias parcelas dentro do mesmo a diferentes persoas, e él mesmo construiu dentro do expresado terreo, modestas casas para obreiros..." segundo conta Juan Castro Mosquera.

Dúas Rúas de 7,00 metros e 5,00 metros de ancho (Rúa da Independencia e Rúa do Progreso) unidas na cabeceira por unha terceira rúa, a Rúa da Liberdade, que ten un ancho duns 10,00 metros.



A parcelación realizada toma como base unha peza

que se move entre 5,70 metros e 6,70 metros de frente, variación a bon seguro debido a que como manifestou o promotor da operación, procedeu a vender varias parcelas en tanto que outras as construiu el directamente.

O fondo varía segundo as rúas, e así, mentres as parcelas que teñen frente á acera dos impares da Rúa da Independencia acadan os 17,00 metros, as que dan frente á Rúa do Progreso, teñen uns 15,00 metros. As parcelas con frente á acera dos pares acadan os 10,00 metros de fondo.



Os tipos respostan ao concepto de CASA TERREA destinada a vivenda obreira na segunda metade do século XIX

1930-1935: O TRAZADO DE NOVAS VIAS.

Este mecanismo de "lottissement", basado na apertura de vías a través de grandes propiedades coa posterior parcelación en fincas ou solares con frentes á nova rúa, persistiría na zona ata ben entrado o século XX.

Neste sentido, imos a referirnos a dúas propostas realizadas na década de 1930 sobre terreos en contacto coa operación que acabamos de ver do Corralón do Campo de Artillería: Unha de iniciativa particular, outra de iniciativa municipal, que teñen en común a persecución dun obxectivo de intensificación do aproveitamento edificatorio dos terreos vacantes situados no interior da mazá comprendida entre as Rúas da Independencia, Campo de Marte, Rúa da Torre e Campo de Artillería.



1930: O PRIMEIRO TRAZADO.

A mazá comprendida entre a Rúa da Independencia, Rúa da Torre e os Campos de Marte e Artillería, era de grandes dimensións e o seu interior estaba practicamente vacante se exceptuamos algúns "ranchos".

De aí que polo seu propietario, Luis Seoane García, proponse ao Concello "... a apertura dunha rúa que una os referidos Campos tal e como se traza no proxecto que se acompaña...".



A proposta consistía nun plano redactado por Eduardo Rodríguez Losada no que se trazaba unha rúa de 140,00 metros de lonxitude e 12,00 metros de ancho que

permitía a realización dunha fila continuada de 14 solares na parte posterior das casas da Rúa da Independencia e outro conxunto de 9 solares na outra acera, é dicir, un total de 23 solares.

Vinte dos 23 solares teñen 7,00 metros de frente con fondos de 13,00 metros (14 solares) e variable entre 13,00 e 30,00 metros (6 solares). Prevese un patio pos-

terior de 3,50 metros na acera dos impares e de profundidades variables nos pares, quedando a superficie ocupada en planta a 63,00 m2 (7,00 metros X 9,00 metros).

A proposta non foi aceptada polo Concello, o que non impediu que se levase á práctica en parte e con medidas máis exiguas. O trazado da rúa realízase só nunha lonxitude de 70,00 metros con 4,00 metros de anchura.

1935: A SEGUNDA PROPOSTA.

Sería a desenrolada por Santiago Rey Pedreira, entón arquitecto municipal, en febreiro de 1935.



Parte do trazado dunha vía de 12,00 metros de ancho que, desde o Campo de Marte, subiría nunha lonxitude de 60,00 metros ata encontrarse cunha nova rúa que,

arrancando sobre as casas números 16 e 18 da Rúa da Independencia, conectaba ésta coa Rúa da Torre. Nesta proposta aparece xa debuxada a Rúa da Igualdade que, perpendicular ao Campo de Marte, chega ao Campo de Artillería nunha lonxitude de 115,00 metros e cunha anchura de 12,00 metros.

Aprobada inicialmente na sesión de 8 de maio de 1935 polo Concello, sería aprobada definitivamente en 24 de xullo do mesmo ano.

V.III.2.3 A LADEIRA LESTE DA PENINSULA DA TORRE.



V.III.2.3 A LADEIRA LESTE DA PENINSULA DA TORRE.

A ESTRADA DE ORILLAMAR: 1882 - 1901

A Estrada de Orillamar ía ser outro dos soportes e eixos de desenrolo de toda unha serie de iniciativas de promocións de vivenda obreira.



A Estrada, tiña unha lonxitude aproximada duns 650,00 metros. Nacía no Campo da Estrada, onde no ano

1859 levantábase o Cuartel do Príncipe Alfonso, edificio este que introducía unha auténtica barreira entre os núcleos das Atochas e a Cidade Vella.

Remataba a Estrada de Orillamar frente ao Cuartel de Artillería ou Parque de San Amaro no cruce ou punto de confluencia entre a Rúa da Torre e a Estrada da Torre

Ao longo destes 650,00 metros de percorrido, a Estrada de Orillamar ascendía desde a cota + 20 ata a cota + 36. A súa esquerda quedaban os núcleos da Atocha Baixa e Atocha Alta. A súa dereita, o terreo caía cara o mar, entre o barranco dos Pelamios e a Enseada de San Amaro nunha franxa que oscilaba entre os 100,00 metros e os 200,00 metros de anchura, ocupada nos seus últimos 200,00 metros polos Cimeterios, Católico e Protestante, aí ubicados desde 1812.

É evidente que un equipamento das características do Cimeterio, con 200,00 metros de frente á Estrada e cunha profundidade que ocupaba os 150,00 metros da franxa de terreo desde a Estrada ata o mar, ía dotar á zona

dunhas caractrísticas negativas para o asentamento da poboación.

Ante todo estaría a lexislación do Estado que impedía a construcción nun radio inferior aos 500,00 metros destes enclaves.

Por outra banda, habería serias razóns de carácter climático. A orientación norte-nordeste da costa que vai desde a Enseada de San Amaro ata os Pelamios, estaban detrás da falla de asentamentos en toda a franxa que cunha forte caída cara o mar atopábase totalmente a descuberto dos ventos e temporais do N.E..

Por último, a forte pendente cara o mar que oscilaba entre o 20% e o 15% e que sería unha das razóns de que nos primeiros tramos os desenrolos que se produzan sexan de carácter lineal, paralelos á estrada, en tanto que só na zona de contacto coa Rúa da Torre alí onde o ancho da franxa de terra alcanza os 200,00 metros e, polo tanto, as pendentes son máis reducidas, só nesa zona se producirían desenrolos perpendiculares á estrada (Rúa

de San Amaro).

Se aos 650,00 metros de lonxitude da Estrada, deducimos os 200,00 metros de frente do Cimeterio, nos quedan 450,00 metros vacantes con frente á Estrada que serán ocupados nas dúas últimas décadas do século XIX.

A continuación imos pasar a analizar catro exemplos de promocións de grupos de vivenda dos que os tres primeiros ocupan máis do 50% da lonxitude do frente da Rúa de Orillamar, é o último situado na Vereda do Cimeterio e a única experiencia de apertura de novas vías e posterior parcelación.

1882: Unha primeira promoción iniciada en 1882 a iniciativa de Pedro Pablo Sánchez Gómez e que consiste na Parcelación e posterior edificación en dazaseis parcelas dun terreo que abarca desde a baixada ao barranco dos Pelamios ao longo de casi 100,00 metros do frente e no que se chegarían a construir 64 vivendas nunha primeira época.

1887: Un segundo gran paquete de promoción sería o iniciado por don Miguel López Gándara que consiste na construcción de 8 vivendas eonómicas nun frente á Rúa de Orillamar de 52,00 metros.

1900: Un terceiro paquete sería o iniciado por don José López Castro para a construcción de 13 vivendas económicas dun só corpo nun terreo de 74,30 metros de frente á Rúa de Orillamar, iniciativa que realizará en dúas etapas, unha primeira con 10 vivendas e outra, uns meses despois, con 3 vivendas.

1902 (?): Un cuarto grupo de características diferentes aos anteriores é o da Vereda do Cimeterio. O seu desenrolo a partir de 1902, amósanos os niveis de especulación feroz que alcanza a promoción de vivendas para aluguer en A Coruña de inicios do século XX. Un conxunto de cinco casas con 20 vivendas e outro de oito casas para 8 vivendas dispóñense nun terreo agrícola nas traseiras da Rúa de Orillamar.

O resto das iniciativas existentes na zona son de dimensión máis reducidas sendo, en xeral, de iniciativas individuais de construcción dunha soa casa que confirman o carácter da zona ao utilizar tipos edificatorios similares ás grandes promocións que pasamos a analizar.

A PRIMEIRA PROMOCION: 1882 - 1887

O proceso de ocupación desta zona é relativamente tardío se o comparamos con outras áreas da cidade. Vimos como no entorno das agras de Monte Alto se iniciaba o proceso en 1869, ou no caso da Rúa da Torre na década dos anos cincuenta, datas estas ben anteriores ao ano 1882 no que se tramita o primeiro expediente en Orillamar.



Esta primeira promoción é iniciado por don Pedro Pablo Sánchez Gómez que en 17 de Xaneiro de 1882 solicita liña e rasante dun terreo da súa propiedade. O 23 de febreiro do mesmo ano solicitaría a licencia para edifi-

car trece casas na Rúa de Orillamar contiguas ao barranco dos Pelamios, para o que presenta un plano titulado "Plano de Proxecto para a edificación de trece casas nos solares da dereita da Rúa de Orillamar". Este plano de fachadas, datado en febreiro de 1882 e asinado por Faustino Domínguez, móstranos a elevación dos trece edificios a construir nunha lonxitude de 79,50 metros, é dicir, que ocupa casi a quinta parte do frente de fachada da Rúa.

As trece casas eran adosadas entre medianerías con planta baixa, primeira e bufarda das que unicamente a primeira delas tiña tres ocos por planta con 7,50 metros de frente en tanto que o resto tiña dous ocos por planta e 6,00 metros de frente.

A profundidade edificada das casas sería de 12,00 metros, medida ésta que aparece na solicitude pola que se concreta que o permiso para edificar se limita "...ás dúas primeiras...". Polo tanto a superficie construida en planta é de 72,00 m2 (doce casas) e 90,00 m2

(unha casa). De se realizar esta operación, tendo en conta que en cada casa se construirían tres vivendas (unha en cada unha das plantas baixa, primeira e bufarda), significaría a construcción dun total de trinta e nove vivendas.

Da análise dos diferentes expedientes puidemos entresacar que o promotor que adquirira o terreo en data 5 de decembro de 1881, unha vez que obtivo a liña e rasante e a primeira licencia en 3 de marzo de 1882, procedeu á venda de varias das parcelas restantes. Concretamente en maio de 1882 vendeu o "solar número 7" que tiña unha superficie de 84,85 m2 en 500 pesetas (5,89 ptas/m2) e o "solar número 16" que tiña 142,00 m2 tamén en 500 pesetas (3,79 ptas/m2). Os novos donos obtiveron licencia de edificación nas sesión de 29 de maio e 21 de agosto de 1882 respectivamente.

O segundo expediente que aparece na documentación existente nos Arquivos Municipais, data de 17 de xaneiro de 1884, refírese á solicitude de permiso "... para pe-

char con formais de fachada os solares 3, 4, 5 e 6 da Rúa de Orillamar..." que é informado polo técnico municipal no sentido de que a liña debe ser a "... das fachadas das casas construidas nos solares 2º e 7º ..." concedéndoselle a licencia de peche na sesión de 25 de xaneiro de 1884.

O 17 de febreiro de 1884 tramítase a venda do "solar número 8" dunha superficie de 63,60 m2 en 300 pesetas (5,11 ptas/m2) no que se concede a licencia para edificar o 7 de marzo do mesmo ano.

O 22 de abril véndese o "solar número 15" dunha superficie de 71,50 m2 en 160 pesetas (2,42 ptas/m2) que obterá licencia de edificación na sesión de 7 de xullo.

O 22 de maio véndese o "solar número 14" a 2,42 ptas/m2 e o 5 de xuño o "solar número 13" a 12,09 ptas/m2 que obtén licencia de edificación tamén na sesión de 7 de xullo de 1884.

En principio estes datos permítenos coñecer que o número total de solares parcelados da finca inicial era

de dazaseis, dos que como mínimo seis foron vendidos, en tanto que nos outros procedeuse a edificar polo propio promotor.



E o caso dos antigos solares 3, 4, 5 e 6 nos que obtiveran licencia para pechalos en 25 de xaneiro de 1884. Neste solares tramitaráse un novo expediente que

consiste na construcción de "... dúas casas de baixo, A V
principal e bufarda sobre a fachada recén levantada...".

O plano, datado en novembro de 1884 e asinado por Gabriel Vitini Alonso, acompaña a solicitude de licencia de 20 de novembro e obterá a mesma na sesión de 29 de decembro.

Os iniciais catro solares independentes aparecen agrupados en dúas pezas ou dous solares onde se levanta unha casa en cada un deles con planta baixa, dúas plantas e abufardado con dúas vivendas por planta cun total de oito vivendas.



As características das edificacións son 12,00 me-

tros de frente entre eixos de medianerías por 13,20 metros de fondo. Teñen cinco ocos por planta, dos que o central na planta baixa dá acceso ao portal que comunica coas escaleiras que suben ás plantas superiores nas que se distribuen dúas vivendas por planta, a máis pequena de 65,00 m2, a outra de 81,00 m2.

Nos Arquivos Municipais constan, asemade, datos referentes ás casas levantadas nos solares números 10, 11, 14 e 15.

Os solares 14 e 15 son obxecto dunha solicitude de

licencia o 27 de xuño de 1884 para o que presentan un plano de dúas casas adosadas de planta baixa, dúas plantas altas e bufarda, con tres ocos por planta e galería na planta segunda. Os edificios terían 6,00 metros de frente e 11,00 metros de fondo polo que a superficie das vivendas, incluido o núcleo de escaleira, sería de 66,00 m2. Obteñen a licencia na sesión de 7 de xullo de 1884.





O expediente nos números 10 e 11 é iniciado por don Pedro Ríos Quiza o 26 de marzo de 1886 acompañando un plano datado no mesmo mes e asinado por Faustino Domínguez Coumes-Gay. O plano móstranos dúas casas adosa-

das de 6,00 metros de ancho cada unha delas, que segundo a memoria terán 14,65 metros de fondo, é dicir, ocupará cada unha 87,90 m2 en planta. Planta baixa para tenda e vivenda, dúas plantas e bufarda con tres ocos por planta e galería na planta segunda e cunha vivenda por planta.

Obteñen a licencia na sesión de 5 de abril de 1886.



A situación actual nos permite recoñecer a primitiva parcelación xa que se conservan as casas dos solares 3-4 e 5-6, a dos solares números 7, 9, 10, 11 e 12.

É dicir, que a bon seguro os dazaseis solares foron edificados e neles o tipo de edificio de planta baixa, dous pisos e bufarda con tres ocos por planta e galería no segundo piso, foi maioritario. Inicialmente serían sesenta e catro vivendas contando unha por planta incluindo a da planta baixa e a da bufarda dado que ésta na súa parte traseira elevábase á altura normal dun terceiro piso. Posteriormente foron elevándose terceiros pisos ao avanzar sobre a liña de fachada as plantas abufardadas.

Normalmente o destino que os propietarios dos solares pretendían era o de aluguer, e esto queda de manifesto nunha das memorias dun dos expedientes no que se pretende a reconstrucción dos dous primeiros corpos da casa número 8 que sufrira un incendio no ano 1892, "... co fín de volver a obter coa producción de aluguere un interese proporcionado ao valor que actualmente representa e ao maior capital que para conseguilo hai que investir...".

As medidas das casas eran de 6,00 metros de frente e fondos diversos oscilando entre os 11,00; os 12,00 e os 13,20 metros e incluso alcanzando os 14,65 metros de tal xeito que a superfice en planta por vivenda móvese entre os 66,00 m2 e os 80,00 m2.

A SEGUNDA PROMOCION: 1887

A segunda operación na que se procede á parcelación e posterior edificación dun terreo con frente á Rúa de Orillamar, realízase na zona máis próxima ao Cimeterio e iníciase en 1887.

O expediente está promovido o 3 de marzo de 1887 por don Miguel López Gándara "... que pretende edificar catro casas cuios frentes se delinean no plano que acompaña que han de proxectarse no centro da liña do terreo pechado existente entre a casa número 4 e o Cimeterio Xeral e cuio fondo ha de ser de oito metros e trinta e cinco centímetros...".

Un tema importante se debate neste expediente como é o da prohibición de edificar nas inmediacións dos cimeterios. O informe do técnico municipal Juan de Ciórraga fai fincapé en que o terreo está entre a Estrada de Orillamar "... o Cimeterio Xeral e a vereda que conduce directamente aos departamentos do mesmo destinados aos

disidentes e aos non bautizados, distante o ponto máis próximo da proxectada construcción uns 54,00 metros do expresado establecemento...", sen embargo considera que se ben hai unha lei que prohibe ubicar os cimeterios a menos de 500,00 metros dos núcleos da poboación "... non coñece ningunha medida en sentido inverso, ou sexa, marcando a distancia que han de gardar dos cimeterios as casas que se levantan á súa beira unha vez construidos aqueles...". O informe da Comisión sería inicialmente negativo entendendo que se debe "... esixir unha maior distancia entre aquel e unha construcción..." ao tempo que expresa que a negativa a conceder a licencia non debe dar lugar a indemnización algunha xa que "...o terreo no que se proxecta a edificación sempre foi e é de cultivo...".

A Comisión de Obras propón que se tramite o expediente ao letrado consultor do Concello que realiza un extenso informe considerando en último término que nada impide a concesión de licencia, que é otorgada na sesión

de 8 de abril de 1887.



Os planos móstranos catro grupos de dúas casas cada un, cunha lonxitude total de 52,00 metros de frente á Rúa de Orillamar. Cada vivenda cuparía unha parcela de 6,50 metros de fachada e 8,35 metros de fondo, tendo por tanto unha superficie de 54,00 m2



A distribución interior das vivendas deste grupo de casas, aparece reflexada nun expediente do ano 1925 no que se pretende a súa reforma e a elevación de dous pisos. Así podemos observar a división en cinco pezas (sala, cociña e tres dormitorios) e un pequeno retrete na mesma cociña.

Reforma

Fachada principal



Escala de 1:100

La Coruña. Julio de 1925
El Arquitecto.

Reforma

Planta baja



Reforma

Planta de los pisos, 1º y ático



Escala de 1:100.

La Coruña. Julio de 1925
El Arquitecto.

Nas sucesivas reformas mantéñense as superficies de cada vivenda e se introduce un núcleo de escaleiras de subida ás plantas superiores que chegan a alcanzar ata un terceiro piso en dúas ampliación sucesivas (1925 e 1927).

A TERCEIRA PROMOCION: 1900

Será levada adiante por don José López Castro "... que sendo dono da terra coñecida polo nome de Camposanto próxima ao Cimeterio Xeral desta cidade na Estrada de Orillamar..." desexa edificar nunha parte do terreo que ten 60,00 metros de frente polo que en 3 de febreiro de 1900 se dirixe ao Concello solicitando a liña que deben gardar. O intforme do técnico municipal dí que "... a liña para a edificación que solicita o recorrente é a prolongación das construccións sen número máis próximas ao Cimeterio..." en referencia ás que analizamos anteriormente na segunda promoción e coas que estas son colindantes.

A petición de licencia tramítase en 25 de xaneiro de 1901 e adxúntanselle memoria e planos asinados por Florián Calvo.



Os planos móstranos dez casas que ao dicir da memoria "... pertencen ás chamadas vivendas económicas dun só corpo, presentando en planta unha lonxitude de 6,00 metros entre eixos de muros por 10,00 metros medidos en igual forma, e por consecuencia unha superficie para cada unha das vivendas, medida entre eixos de medianerías e con espesor de muros de ambalasdúas fachadas de 63,60 m2...".

A distribución interior móstranos a planta baixa dunha das vivendas do que pode deducirse a posibilidade de existencia dunha vivenda no baixo cuberta xa que o vestíbulo de acceso comunica cunha escaleira de subida en tanto que o resto da planta distribúese cun pasillo ao que dan cinco pezas (sala ou dormitorio na fachada principal, dous dormitorios interiores interiores e unha cociña e un comedor que dan á fachada posterior) e cun pequeno retrete.



De feito en Maio de 1901 tramitaríase un expediente para que se lle autorice "... colocar o rexistro da bufarda que sinala o plano a chumbo da parede a fin de lles poder dar maior comodidade para ser habitable...".

A licencia para as dez casas concedeuselle na sesión de 27 de febreiro de 1901.

A licencia para a modificación das bufardas para facelas habitabeis é concedia en 19 de xuño do mesmo ano

O propio don José López Castro faría unha nova solicitude meses despois pola que plantexa a construcción dun edificio de planta baixa, piso e bufarda no remate da mazá Orillamar-Vereda do Cimeterio facendo esquina á mesma.



Trátase neste caso dunha casa de dúas plantas con dúas vivendas por planta que obtén a licencia o 4 de decembro de 1901.

En definitiva, en pouco máis de dous anos tramita-

rianse un total de once casas susceptibles de dar cabida a 25 vivendas cuias superficies non sobrepasan os 60,00 m2 e nas que abundaban os dormitorios interiores cuia superficie non chegaban aos 5,00 m2.

Cando estas edificacións se procedan a renovar ao fín da década dos anos vinte é interesante observar como se respeta o percelario orixinal e as súas dimensións de fachada, pero se procederá á elevación de pisos reforzándose a dinámica especulativa.



Seis metros de fachada teñen estas tres "... casas números 64, 66 e 68 da Rúa de Orillamar que contan actualmente de planta baixa, elevándose tres pisos a cada



unha...". O proxecto de Eduardo Rodríguez Losada datado en xuño de 1928, móstranos a mesma disposición interna que o de Florián Calvo de 1900 coa única diferencia da dimensión das pezas que ao se prolongar ata 13,00 metros é dicir, 3,00 metros máis, permite que os cuartos sexan maiores con 3,00 metros en vez dos 2,00 metros que tiñan anteriormente.

A VEREDA DO CIMETERIO: 1902 - ?

A media costa da Estrada de Orillamar, entre o Campo da Estrada e o Cimeterio, nacía unha vereda que se dirixía en palabras de Juan de Ciórraga "... aos departamentos do mesmo destinados aos disidentes e aos non bautizados...".

Este camiño coñecíase co nome de VEREDA DO CIMETERIO e así aparece nos diferentes expedientes que temos consultado nos Arquivos Municipais referidos á Rúa de Orillamar.

Apoiándose nesta Vereda, procederáse a desenrolar unha operación de promoción de vivendas a partir do trazado de dúas vías (actuais Rúas de San Ignacio e Rúa da Vereda do Cimeterio) e posterior parcelación dos terreos

Descoñecemos a data exacta da promoción, sen embargo a partir da documentación de planos, obsérvase que é posterior ás iniciativas que acabamos de estudiar.

É a única promoción que adopta unha posición per-

pendicular ás curvas de nivel e, polo tanto, á Estrada de Orillamar.

As casas, cinco nun lado e seis noutro, respostan a dous tipos:

-- A casa terrea de planta baixa, con tres ocos (porta central e dúas ventás laterais) cun frente de fachada entorno aos 6,00 metros, e un fondo duns 7,00 metros. A súa superficie móvese en torno aos 40,00 m2.

-- A casa de dous corpos, planta baixa e piso, na que se dispoñen tres ocos por planta e que ten unhas medidas de ata 8,00 metros de fachada por 9,00 metros de fondo, é dicir, 72,00 m2 construidos. En algúns casos é resultado da simple elevación da casa terrea.

Sen embargo, deste segundo tipo foinos posible localizar un expediente datado en abril de 1902 cuio arquitecto é Julio Galán Carvajal.

Proyecto de una casa en el terreno propiedad de D. Manasés Rey próximo á la Vereda del Cementerio.

Planta del piso.



Alzado.



Escala de 0,05 por metro.

Planta baja.



Sección.



La Coruña, Abril de 1902.

El Arquitecto,

Julio Galán

Este plano permítenos coñecer os límites máis reducidos de promocións de vivendas durante ésta época. Trátase dunha casa de planta baixa e piso de 8,50 metros de frente entre eixos de muros medianeiros e 9,50 metros de fondo, é dicir, que ocupa unha superficie de 80,00 m2

As súas características en planta permítennos deducir a súa pertencia á promoción das cinco vivendas adosadas existentes na Vereda do Cimeterio - Rúa de San Ignacio, tanto pola disposición inclinada dos medianís cegos, como polo deseño de fachada que se corresponde con varias das edificacións aínda existentes.

A aportación deste proxecto está na distribución interior que alcanza a dúas vivendas por planta, é dicir, un total de catro vivendas en cada edificio cuia superficie útil non chega aos 30,00 m2.

Unha cociña situada na parte posterior cun pequeno retrete e tres cuartos (dúas alcobas interiores e unha sala) compoñen o programa de cada unha das vivendas que se dispoñen en torno á escaleira dun só tramo que parte o volume en dúas zonas.

As "alcobas" alcanzan os mínimos de 5,00 m2 de superficie e as salas (planta baixa) e as cociñas (plantas altas) sirven de acceso directo ás vivendas.

V.IV A ESTRADA DE RIAZOR: 1871-1878



A ESTRADA DE RIAZOR: 1871 - 1878

A estrada de saída da Porta da Torre de Arriba cara o núcleo mariñeiro de Riazor, sería outro dos eixos sobre o que se produciría o asentamento de instalacións industriais no último cuarto do século XIX.

A singularidade desta zona está na súa pertencia aos terreos das murallas subastadas no ano 1871 de acordo coa Lei de Madoz.

"A Estrada que se dirixe a Riazor", estaba rodeada de terreos públicos cuio proceso de subasta foi analizado xa no correspondente capítulo no que se estudiou a Desamortización dos Terreos das Murallas da Pescadería e Campo do Carballo.

Un total de 32 solares dispoñíanse ao longo de 200,00 metros de percorrido con anchos maioritariamente de 8,00 metros (28 solares) e con superficies que se moven entre os 112,00 m2 e os 594,00 m2.

As subastas foron realizadas ao longo do ano 1871, ano este no que se iniciará tamén o proceso de ocupación dos solares.



En decembro de 1871 obteñen licencia os "Planos do proxecto para a construcción dunha Fábrica de Chocolate e Pastas e Panadería nos solares 3, 4 e 5 da Rúa de Riazor...".

Este plano asinado por Faustino Domínguez e cuios promotores eran os señores Rubine e Salorio, obtería a correspondente licencia na sesión de 22 de decembro de 1871.

para la construccion de una casa en los solares
nos 26 y 27 de la
Calle de Briaxos.



escala de 1/100 10 5 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 20 metros

Coruña Febrero de 187

Faustino Domínguez

O proceso edificatorio continuaría en febreiro de 1872 coa iniciativa de construir un edificio de planta baixa, piso e bufarda nos solares números 26 e 27 segundo proxecto de Faustino Domínguez cuia licencia é concedida na sesión de 16 de febreiro. O promotor era don Miguel Cotrofe Escurís.



Os solares números 28 e 29 obterían licencia en 10 de marzo de 1873 para un proxecto de Faustino Domínguez promovido por don Melchor Sastre, que máis tarde sería obxecto de novos expedientes de elevación de pisos (licencia de 17 de novembro) e ampliación do corpo central de fachada (16 de abril de 1888).



Os tipos edificatorios próximos á vivenda obreira, aparecen neste expediente de catro casas promovido nos números 24 e 25 por don Angel Sastre ao que se lle concede licencia en 20 de febreiro de 1874. Estes edificios serían destinados a almacéns de productos alcohólicos e augardentes.



Outro expediente tramitado na mesma rúa, refírese á "Construcción dunha Fábrica de Conservas nos solares números 16 e 17 do Camiño de Riazor" promovido por don Juan Antonio García e don Félix Picón segundo proxecto de Faustino Domínguez que obtén a licencia en 22 de xullo de 1872.



Coruña Marzo de 1873.

Faustino Domínguez

Nos solares 1 e 2, e no ano 1873, obterán licencia os señores Salorio e Rubine na sesión de 17 de marzo de 1873 segundo proxecto de Faustino Domínguez.



Todos estes son exemplos de como o proceso edificatorio aporta tipos específicos para esta rúa que, formando parte da parcelación das murallas, estará desde un principio sometida a usos industriais, almacéns e vivenda obreira en contraste coas outras parcelas do conxunto da operación.

A posición perimetral da rúa, respecto do conxunto da cidade, engádese á súa situación na "traseira" do Orzán-Riazor sobre a praia e, polo tanto, desprotexida dos temporais.

V.V O CAMIÑO NOVO.

V.V O CAMIÑO NOVO:

Outra das estradas que vai servir de soporte á iniciativa de asentamentos industriais así como de promocións de vivenda obreira, vai ser a Estrada de Castela ou Camiño Novo (actual Rúa de Juan Flórez) que desde a Porta de Arriba chegaba ata ao núcleo de Santa Lucía.



Bordeando os altos de Santa Margarida e Nelle, entre as cotas +8,00 e +20,00 discorría ao longo de 750,00 metros adaptándose ás curvas de nivel ata chegar ao núcleo de Santa Lucía.

A Estrada de Castela ou Camiño Novo ía ser o límite da operación de Ensanche de Poboación e as súas beiras ían reflexar con claridade esta doble pertencia:

-- Por unha banda, a racionalidade do trazado viario e da división parcelaria imposta desde o Proxecto de Ensanche cuio ámeto territorial fora delimitado por Juan de Ciórraga no "Plano do anteproxecto de Ensanche de Poboación polo Campo do Carballo e Hortas de Garás" en Agosto de 1878 o que permitira unha paralización da ocupación indiscriminada da zona.

-- Paralización a que non fora, en absoluto, allea á iniciativa, adoptada en 1865, de ubicar nestes terreos a Estación de Ferrocarril.

-- Por outra, as características propias dunha área de "MARXE", de "BEIRA" na que as operacións de ocupación do solo móvense en funcións de criterios nos que está ausente calquera principio de control da actividade edificatoria que vaia máis aló da

simple solicitude dunha licencia de obras coa correspondente fixación da distancia ao eixo da estrada ou rúa.

Precisamente este doble carácter do Camiño Novo ía estar presente nun feito fundamental cal era o conflicto que se plantexa entre a súa pertencia ao sistema de RUAS PRINCIPAIS e a súa situación periférica. A pertencia ao sistema de RUAS PRINCIPAIS impedía a construcción de casas terreas ou dun só corpo nos terreos que daban frente a esta Estrada. A posición periférica, con relación á estructura urbana, e a súa ocupación por establecementos industriais (Fábrica de Tecidos, Fundicións, Almacéns), facíao susceptible de ser soporte de tipos edificatorios dirixidos a clase sociais de baixos niveis de renda.

De aí que cando na década dos anos setenta inícia-se a presión da iniciativa privada para promover casas terreas nas inmediacións dos asentamentos industriais e, sobre todo, ao longo das Estradas de Saída da cidade (Estrada de Castela, Estrada de Riazor) comezan a xurdir

conflictos que provocarán acordos "excepcionais" en contra dos informes do técnico municipal. Estes acordos apoianse en criterios de carácter económico (rendabilidade dos investimentos realizados polos propietarios dos terreos) ou humanitarios (a pobreza das familias que precisan destas vivendas.

É importante destacar que ata o último cuarto do século XIX o frente do Camiño era unha zona cunha estructura parcelaria tipicamente agrícola vacante de edificación e, polo tanto, cunhas condicións excepcionais para que calquera proposta urbana cunha visión de futuro puidera contemplala como parte do sistema global de desenrolo da cidade.



Non foi así a parcelación dos terreos das murallas

derrubadas nunha primeira fase e posteriormente o Proxecto de Ensanche de Poboación, extendéndose ao Campo do Carballo e ás Hortas de Garás, fixan o seu límite na Estrada de Castela ou Camiño Novo de tal xeito que mentres na gran bolsa interior do Campo do Carballo e Hortas de Garás delimitaráse un dos ámetos residenciais da burguesía coruñesa, noutra banda, nas suaves pendentes que ascenden ata os altos de Santa Margarida e Nelle, iniciaráse a partir de 1870 o proceso de asentamento de instalacións de industrias e almacéns e as súas inseparables promocións de vivendas obreiras.

As industrias (Fábrica de Tecidos, Fábrica de Follalata, Almacéns de Madeiras, Fundicións, etc...,) ocuparán grandes parcelas con lonxitudes de fachada ao Camiño Novo que se moven entre os 80,00 metros e os 150,00 metros taponando todo o frente ao longo dos primeiros 500,00 metros desde a subida da Porta da Torre de Arriba

Só un pequeno e estreito "Camiño de Nelle" (que, atravesando o núcleo de Lagares, conducía aos altos de

Nelle) abríase nese primeiro tramo. Este Camiño servirá de elemento soporte a varias promocións de vivenda obreira.

Sen embargo, as promocións importantes de vivenda obreira, desprazaranse ao segundo tramo nos últimos 250,00 metros xa en contacto co núcleo de Santa Lucía, apoiándose na súa arcaica estructura viaria, o Camiño da Falperra, a Rúa do Pozo, a Rúa do Monte, Castiñeiras, son nomes que aparecerán ligados a iniciativas de promocións de vivendas obreiras nas que o mecanismo de parcelación-edificación de grandes fincas agrícolas quedara patente.

A CASA TERREA: 1875: A PROMOCION DE MERCEDES MIRA

O Camiño Novo ou Estrada de Castela estaba incluída polo Concello na relación de Rúas Principais nas que, segundo o artigo 83 das O.M. de 1854, estaba prohibida a construcción de casas terreas ou dun só corpo.

Este artigo xa fora causa de non poucos conflictos nos anos da súa vixencia ao plantexar que "... non se permite a construcción de casas terreas ou dun só corpo nas rúas principais...", o que obrigara a suavizalo no ano 1869 exceptuando toda unha serie de rúas.

Na relación de excepcións aprobadas polo Concello, faise mención expresa do "...Camiño Novo, en toda a parte que non chegue á Estrada...", é dicir, que se prohibía a construcción de casas terreas nos terreos que daban frente ou fachada ao propio Camiño.

Cando na sesión de 9 de abril de 1875 trátase "... unha instancia de Mercedes Mirá en solicitude de licencia para construir cinco casas dun só corpo segundo

un plano que presenta nun terreo da súa propiedade sito no Camiño Novo...", o Concello decidiu conceder a licencia a pesar do "... informe do arquitecto municipal decindo que non pode concederse porque, ao prescrito no artigo 83 das Ordenanzas Municipais e a súa reforma está prohibida a construcción de casas terreas no citado Camiño Novo frente á Estrada...", así como do informe da Comisión de Policía "... conforme co expresado facultativo...".



Os argumentos utilizados polo Concello básanse nun recurso da peticionaria "... en consideración a que a

vía na que van levantarse áchase nun barrio extremo e de insignificante importancia e, que si se lle obrigase a lles dar os dous corpos se quedaría o referido terreo co feo aspecto que hoxe presenta...".

Este argumento será a base na que se apoia o Concello para a concesión da licencia xa que "... de prohibirse esta clase de construccións nos puntos extremos do distrito municipal, como é do que se trata, se dificulta e alonxa deles a edificación por canto non é presumible se invistan cantidades en construcción costosas en lugares que non ofrezan utilidade aos propietarios...".

A vivenda como mercancía ou como investimento cara o seu aluguer aparece con toda nitidez neste párrafo.

O solar de 30,00 metros de frente dividido en cinco parcelas de 6,00 metros de ancho cada unha delas cunha profundidade que se move entre 10,50 metros e 11,00 metros.



Saen así vivendas de 66,00 m2 construidos en planta baixa e cun espacio baixo cuberta abufardado no que normalmente se situaba outra vivenda de menores dimensións ao elevar o muro da fachada traseira.

O proxecto ía asinado por Manuel de Ramos.

1872-1890: DE FABRICA DE TECIDOS A PARCELACION DE EDIFICIOS DE VIVENDAS.

O proceso de ocupación dos frentes das grandes parcelas que dan ao Camiño Novo non se iniciaría ata a década de 1870 sendo, polo tanto, coetáneo ao proceso de subasta de terreos das murallas da Pescadería.



O primeiro establecemento que se vai instalar na zona vai ser a "Primera Coruñesa de Hilados y Tejidos", que é a principal fábrica de tecidos da cidade de A Co-

ruña cuios socios eran don José Núñez Fernández de la Barca e don Luis Miranda y Vázquez. Empregaba a 2.000 operarios dos que 150 eran mulleres.

Fundada en 1872, aparece debuxada nos diferentes planos elaborados en 1874 polos enxeñeiros Yáñez y Barón reproducidos no libro de José González Cebrián Tello da "Ciudad a través de su plano", ocupaba un terreo de 80,00 metros de frente ou fachada ao Camiño Novo e un fondo máximo de 100,00 metros. A superficie da finca era duns 8.000,00 m2.



No ano 1876, don Luis Miranda solicita licencia pa-

ra "... a construcción dunha cocheira no Camiño Novo (no solar contiguo á Fábrica de Tecidos..." segundo plano de Faustino Domínguez ao que se lle concede licencia na sesión de 3 de marzo do mesmo ano.



Anos despois, en 1882, o 5 de agosto, o propio don Luis Miranda solicitaría licencia para "... construir un primeiro piso na cocheira que posúe no Camiño Novo contigua á Fábrica de Tecidos..." a que lle sería concedida na sesión de 28 de agosto.



Na mesma sesión de 3 de marzo de 1876, obtivera licencia o socio, don Manuel Núñez, para a "... a construcción dunha casa no Camiño Novo (a inmediación da Fábrica de Tecidos). Esta casa de planta baixa, piso e bufarda, estaba destinada a vivendas cun total de dazaoito e representa o primeiro expediente importante na rúa, tanto pola dimensión da súa fachada (37,50 metros), como pola superficie ocupada en planta (370,00 m2).

A parcela tipo sería de 6,00 metros de frente por 10,00 metros de fondo, é dicir, 60,00 m2 de superficie.



No ano 1889, sería o propio don Manuel Núñez Zuloaga o que solicita permiso para "... elevación dun segundo piso na casa de vecindade do señor Núñez no Camiño Novo..." segundo plano datado en maio de 1889 e asinado por Faustino Domínguez Coumes-Gay. Esta licencia sería concedida na sesión de 25 de xuño de 1889.

No ano 1889 prodúcese un incendio que deixa reducida a entullos a Fábrica de Tecidos e, aínda que dous anos despois comezou a funcionar, de novo desapareceu no ano 1899.

Nestes anos e en terreos colindantes ou propios da Fábrica, tramitaríanse dous novos expedientes:



O primeiro deles iniciado en 12 de febreiro de 1890 a solicitude de don Manuel Núñez Zuloaga para construir catro casas en dous grupos de dúas casas, un de planta

baixa, piso e bufarda para un total de doce vivendas.

Este expediente obtén a licencia o 7 de marzo de 1890.



Posteriormente sería don Ricardo Molezún y Langa, "... en representación dos herdeiros de don Manuel Núñez Zuloaga, propietario das casas e terreos do Camiño Novo no ángulo ou confluencia coa Travesía de Santa Lucía..." desexando continuar a comezada edificación, propónse construir outras catro casas a continuación das últimas sinaladas o ano pasado de 1891 ...".

A licencia concédeselle na sesión de 6 de xuño de 1894.

O proceso de parcelación dos terreos da Industria de Tecidos non facía máis que comezar; as características das edificacións (dous ou tres plantas sen galerías nin ningún outro elemento decorativo que non sexa o obrigado recercado dos ocos, faixas, impostas e zócalo de acordo coas Ordenanzas Municipais), representan con claridade as características de casas de renda para clases baixas de acordo cos modelos dominantes.

DE FUNDICION (?) A CASA DE PISOS (1890).

Outro dos establecementos industriais que se ubicaba no Camiño Novo, era a Fábrica de Fundición. Desconhecemos a data exacta da súa instalación que se realizou na segunda metade do século XIX.

Do estudio dos expedientes do Arquivo Municipal de A Coruña, podemos observar como o proceso seguido por esta Fábrica foi similar ao da Fábrica de Tecidos "La Progresiva": nacida como establecemento industrial pasou en poucos anos a ser obxecto dunha iniciativa de construcción de vivendas.



O proxecto de Faustino Domínguez Coumes-Gay, datado en abril de 1899, obtén a pertinente licencia na se-

sión do 22 de maio de 1899.

Consistía ésta, na construcción dun edificio de planta baixa, dúas plantas e aproveitamento baixo cuberta abufardados. A distribución interior e as fachadas, respostan xa a criterios distributivos que non concordan coas tipoloxías edificatorias das vivendas obreiras: a dimensión das vivendas (con superficies superiores aos 100,00 m2), a utilización de miradoiros (fachada principal) e ampliar galerías (fachada posterior), a iluminación e ventilación das pezas interiores, a partir da introducción, de patios interiores, a especialización funcional das pezas (comedor, sala, cociña, gabinete,...), en fín, todo un repertorio de elementos que nos permite intuir que o proceso de edificación do Ensanche do Campo do Carballo vai avanzando cara as proximidades do Camiño Novo de tal xeito que non resulta extrano que nas beiras destes, se inicie a promoción de tipos de edificios e vivendas de características similares ás que se dan no Ensanche Coruñés.

OUTROS EXPEDIENTES.

O carácter industrial e proletario do Camiño Novo, iníciase, pois, na década de 1870. Os tipos que aparecen nesta beira da cidade no se cubren de galerías e respostan ás características das casas de pisos que se levantan á beira das estradas da cidade.

Casas terreas de dúas plantas ou un máximo de tres plantas serán as que xurdan na década de 1870 en adiante



Esta promoción de Juan Mouriño na casa número 8 do Camiño Novo para dúas casas é unha das máis tempraneiras

As casas de 5,75 metros de frente, con tres vivendas cada unha delas, obteñen a licencia en 13 de maio de 1869.



De similares características e este expediente promovido por Benita Berdiñas en marzo de 1877 cun proxecto de Faustino Domínguez que obtén a licencia en 13 de abril de 1877.

PLANO

para construir un segundo piso en la casa Nº 42 moderno calle del Camino Nuevo.



Coruña 2 de Diciembre 1875.

Faustino Domínguez

Ou este outro promovido por Ventura Varela no número 42 do Camiño Novo que obtén a licencia en 31 de setembro de 1875 a un proxecto de Faustino Domínguez.

PLANO

PARA LA ELEVACION DE UN PISO EN LA CASA Nº 38
de la calle del Camino-nuevo



Outro expediente que nos permite detectar unha actuación sobre unha edificación xa existente, é o promovido por José Veiga Rodríguez que obtén licencia en 26 de febreiro de 1875.

Trátase dunha construcción existente nas proximidades do núcleo de Santa Lucía.

En síntesis, o Camiño Novo ou Estrada de Castela, vai ser un dos eixos de asentamento de industrias, almacéns e vivendas obreiras no último tercio do século XIX.

Sen embargo, esta ocupación non se vai producir nas dúas beiras da Estrada, senón que só vai ser posible nun deles, a acera dereita na dirección cara Santa Lucía

A iniciativa de instalación nos terreos do Campo do Carballo da estación do FF.CC. (1865) e a delimitación do ámeto do Anteproxecto de Ensanche (Juan de Ciórraga de 1874), provocaron unha conxelación da gran bolsa de fincas do Campo do Carballo e das Hortas de Garás a instalacións de industrias e almacéns.

Con frentes entre os 50,00 e os 150,00 metros (Fábrica de Tecidos "La Progresiva", Fundición Ortiz, Almacéns,...) fixeron que a estructura parcelaria desta beira fora controlada por pouco máis de dez persoas (grandes empresarios) ao longo dos primeiros 500,00 metros de lonxitude.

Xa nas proximidades do núcleo de Santa Lucía, o parcelario vaise reducindo, ao tempo que se producen iniciativas de parcelacións de fincas para construcción de casas terreas e vivendas obreiras ausentes no primeiro tramo.

O proceso de urbanización e de edificación da casas nos terreos do Derribo das Murallas da Pescadería e no Campo do Carballo a partir de 1873, faría que a fins de século a beira occidental da rúa se convertise en asentamento de equipamentos (Praza de Touros, Parque do Casino,...) e se iniciase un proceso de construcción de tipoloxías de vivendas propias dos espacios internos da cidade.

VI. CONCLUSIONS.



CONCLUSIONS:

O fenómeno de expansión da cidade máis aló dos límites historicamente definidos polas murallas, prodúcese

- nun momento histórico concreto,
- nuns ámetos territoriais determinados,
- adopta unhas formas de crecemento específicas, e
- realízase con tipos edificatorios perfectamente definidos, e
- está protagonizada por individuos pertencentes a unha clase social determinada.

Se exceptuamos a implantación no territorio de elementos singulares (cimeterio, polvorín, cuarteis e baterias) ou algúns enclaves industriais (Fábricas de Tabaco, Salazón,...,) pódese afirmar que haberá que esperar ata a segunda metade do século XIX e máis concretamente aos anos 1850-1870 para detectar síntomas que anuncian o inicio do proceso de modificación da estructu-

ra territorial no entorno da cidade consolidada. Estes síntomas consisten en:

1.- A INTENSIFICACION da actividade edificatoria,

2.- O Desenrolo desta actividade edificatoria en NOVOS AMETOS TERRITORIAIS.

3.- A aparición de NOVAS FORMAS DE PRODUCCION DA CIDADE

4.- A utilización de NOVOS TIPOS EDIFICATORIOS.

1. A INTENSIDADE DA ACTIVIDADE EDIFICATORIA.

Ata a década dos anos 50 do século XIX, o aumento de poboación que se detecta da análise dos censos municipais da Cidade de A Coruña, e moi lento.

O crecemento oscila entre os 50 e os 150 novos habitantes cada ano o que nos dá unha idea da debilidade do desenrolo económico e social no que se atopaba a cidade.

Estas cifras son tan reducidas que as demandas de nova vivenda podían ser absorbidas pola estructura urbana da cidade consolidada sen sufrir modificación algunha a partir de simples mecanismos de elevación de pisos, bufardas e bufardóns, asemade da lóxica e natural renovación do reducido parque de vivendas existente.

Na década de 1840-1850, tramítanse polo Concello de A Coruña a concesión dun total de 121 licencias, é dicir, unha media de 12 licencias anuais nas que incluimos todo tipo de obras (licencias de construcción de novas casas, de reedificación, de elevación de pisos, de

reformas de fachadas ou colocación de galerías, etc...), o que nos permite comprender a baixísima actividade edificatoria e máis aínda se temos en conta que só a metade (67) destes expedientes, se refiren a NOVA CONSTRUCCION OU REEDIFICACION de edificios.



Na década de 1850, o número de licencias duplícase alcanzando un total de 224.

Na década de 1860, tramítanse 424 expedientes de licencia de obras o que significa que de novo se produce unha duplicación dos expedientes tramitados.

E por último, na década de 1870, chégase a alcanzar as 647 licencias, é dicir, máis de cincuenta licencias mensuais, o que quere dicir que en só dous meses tramitábanse tantos expedientes de obra, como en todo un ano da década dos cuarenta.

A relación entre crecemento poboacional e aumento da actividade edificatoria é clara. A poboación de A Coruña pasa de 19.415 habitantes en 1842 a 33.000 habitantes en 1877 convertíndose nestes anos e por primeira vez, na historia recente, na concentración urbana máis importante de toda Galicia.

Cando remata o século en 1900, A Coruña alcanza os 43.971 habitantes duplicando, polo tanto, os 20.050 habitantes que tiña en 1850: un crecemento que se realiza en ámetos espaciais concretos.

2. AS NOVAS AREAS DA ACTIVIDADE EDIFICATORIA.

Na década de 1840-1849 a Cidade Alta e a Pescadería, serán con moita diferencia as zonas nas que se produza unha maior actividade edificatoria: Das 121 licencias de obras (maiores ou menores) concedidas ao longo da década, 100 se sitúan na Pescadería e 13 sitúanse na Cidade Vella.



1840-1849 Nº de LICENCIAS·121



1840 - 1849

Porcentualmente esto quere dicir que a Pescadería co 82,64% é a área na que hai un meirande dinamismo, seguida da Cidade Vella cun 10,70%, en tanto que ambalasdúas xuntas acadan o 93,34%, é dicir, 113 licencias quedando só 8 licencias (6,66%) no resto do término municipal (4 na Península da Torre e 4 na Estrada de Garás). En calquera caso está claro que a Cidade Vella-Pescadería protagonizan casi de xeito exclusivo as áreas nas que se desenvolve a pouca actividade edificatoria desta década cunha hexemonía total para a zona da Pescadería.



1850-1859 Nº de LICENCIAS - 224

Esta dinámica mantense e incluso se agudiza a favor da Pescadería na década de 1850-1859 etapa esta na que absorbe 191 licencias dun total de 224 (o 85,26%) mentres que na Cidade Vella só se conceden 12 das 224 (o (5,35%). Pero nesta época obsérvase como aparece unha nova área de actividade que supera xa á Cidade Vella: Trátase da Península da Torre na que se promoven 15 licencias, é dicir, o 6,69%.



1850-1859

Vemos como das 121 licencias concedidas na década de 1840, pasamos a 224 na década de 1850, salto o sufi-cientemente significativo para comprender que algo está a pasar na cidade.



1860-1869 Nº de LICENCIAS - 421

Pero se este salto é forte, maior vai ser o da década dos anos sesenta na que se conceden un total de 421 licencias, é dicir, duplícase os expedientes tramitados na década anterior, e o que é máis importante, iníciase o descenso, en canto a porcentaxe se refire, da actividade edificatoria no ámeto da Pescadería en beneficio doutras áreas: Así na zona da Península da Torre segue a medrar a actividade múltiplicarse por 4 o número de licencias concedidas con respecto á década anterior cun

total de 61 licencias (o 14,38%), en tanto que a Pescadería inicia o descenso ata o 66,74% (283 licencias) e a Cidade Vella sitúase no 9,90% con 42 licencias.



1860-1869

Nesta década danse varias cuestións importantes a salientar: A aprobación da Praza de María Pita (1 licencia), así como o inicio dunha certa actividade edificatoria nas estradas de saída da cidade pola parte de terra: Estrada de Riazor-San Roque (3 licencias), Estrada de Castela (3 licencias e todas elas en 1869) e sobre todo, o núcleo de Santa Lucía-A Palloza que con 22 licencias (5,18%) configúrase como outra das áreas de atracción da actividade edificatoria.



1870 - 1879 Nº de LICENCIAS · 647

A década dos setenta ía confirmar este proceso de perda de peso no que atinxe á cantidade de iniciativas de promoción edificatoria nas dúas zonas tradicionais da Cidade Histórica. Mentres o número de licencias concedidas entre 1870 e 1879 alcanza as 647, obsérvase como a Pescadería continúa a perder peso sobre todo nas operacións de construcción ou reedificación de vivendas, xa que se ben se tramitan un total de 348 licencias (o 53,78%), delas 149 corresponden a elevación de pisos e 47 a colocación de galerías.



1870-1879

A Cidade Vella con 38 licencias que representan o 5,87% de toda a década segue a se manter nunha posición marxinal no que atinxe a tramitación de expedientes de obras, o que resulta máis evidente ao observar que o 50% deses 37 expedientes corresponden a elevación de pisos.

Pola contra a Península da Torre con 72 licencias (o 11,13% do total), segue a manter un importante protagonismo no que atinxe á localización de iniciativas de promoción de nova vivenda con destino á clase obreira, pero aquí se produce tamén a aparición dunha segunda zona, a de Santa Lucía - A Palloza con 51 licencias (o 7,88%).

Sen embargo unha nova área aparece con forza no ámeto dos espacios nos que se está a producir o proceso de construcción da cidade liberal, trátase dos terreos

das derribadas murallas da Pescadería e do Campo do Carballo onde se solicitan 69 licencias (das que 53 son de nova construcción) que representa un 10,60% do total de licencias na década e que a convirten na segunda zona de maior dinámica edificatoria despois da Pescadería.

Asemade a zona da Estrada de Riazor - San Roque é outro ámeto territorial de promocións edificatorias coas 32 licencias concedidas (4,95%).

Está claro, pois, como a expansión da cidade realízase a xeito de explosión controlada en tódalas direccións posibles e máis propiamente ao longo de tódolos EIXOS DE ACTIVIDADE apoiándose sistematicamente en ELEMENTOS PREEXISTENTES da estructura territorial que teñen cualidades específicas (NUCLEOS RURAIS, ESTRADAS,...).

Coinciden nun tempo histórico, tanto o inicio do desenrolo dos barrios burgueses (Murallas da Pescadería e Campo do Carballo), como as periferias obreiras (Península da Torre, Santa Lucía - A Palloza, etc...), aínda que os niveis de intensidade e de aceleración da ac-

tividade sexa diferente segundo as zonas, así os solares subastados procedentes do derribo das Murallas da Pescadería - Campo do Carballo irrompen no mercado de solo cunha forza moito maior que outras áreas como por exemplo os das Murallas da Pescadería - Campo do Derribo, xa que as súas especiais condicións morfolóxicas (ancho de parcela, superficie...), engadían a singularidade da súa posición cruzada polas Rúas de saída da cidade (Rúa da Porta da Torre de Arriba e Rúa da Porta da Torre de Abaixo).

Sen embargo non podemos esquecer que vai ser precisamente o control e a utilización especulativa que a burguesía fai dos solares procedentes de áreas desamortizadas ralentizando a actividade edificatoria con ritmos moi lentos o que vai facer viable economicamente as saídas ao mercado do aluguer de vivendas das promocións de vivenda obreira en áreas moi alonxadas do"continuum" edificado.

3. AS FORMAS DA ACTIVIDADE.

Unha segunda lectura a facer é o como se produce este aumento da actividade edificatoria e que forma adopta.

Nun primeiro momento (década de 1840) as iniciativas que se localizan maioritariamente no interior das tramas da Cidade Vella e da Pescadería, refírense a operacións nas que as reformas de edificación e elevación de pisos, bufardas e bufardóns sobre as vellas casas mariñeiras, teñen un peso importante acadando case o 50% das licencias concedidas.

Sen embargo a partir da década dos anos 60, o peso dos expedientes de obras que se refiren a CONSTRUCCION OU RECONSTRUCCION DE EDIFICIOS de nova planta, aumenta lixeiramente situándose por enriba do 50%, algo que tamén sucede na década dos anos 70.

O proceso de edificación é especialmente interesante nos novos ámetos territoriais nos que se está a

producir o desenrolo urbano e que están a configurar as PERIFERIAS OBREIRAS: Concretamente é de salientar o feito de que entre as licencias concedidas neses ámetos aparecen por primeira vez na década dos sesenta, iniciativas xa non de construcción dunha casa, senón de dúas, tres, catro, cinco,..., dez casas e incluso vinte casas: SON AS PROMOCIONS DE VIVENDAS ADOSADAS con destino ás clases obreiras que se realizan maioritariamente na Península da Torre e no barrio de Santa Lucía-A Palloza, é dicir, nas PERIFERIAS do "continuum" urbano consolidado e cuios exemplos máis salientables pasamos a enumerar sucintamente:

1850-56-61: 7 casas..... Rúa do Hospital

1861: 4 casas..... Atocha Baixa

1863: 10 casas (30 vivendas).... Rúa da Torre

1864: 3 casas..... Rúa da Torre 92

1867: 4 casas..... Atocha Baixa

1868: 9 casas..... Rúa da Falperra

1869: 6 casas..... Peruleiro

1870: 5 casas..... Atocha Baixa

1871: 5 casas..... Atocha Baixa-Orillamar

1882: 13 casas..... Orillamar

1887: 8 casas..... Orillamar

1888: 20 ranchos..... Rúa da Torre

1898: 13 casas para obreiros.... Matadeiro-Berbiriana

1899: 14 casas para obreiros.... Rúa de Vera

6 casas para obreiros.... Estrada da Estación

1900: 10 casas adosadas..... Orillamar



Estas promocións son iniciativas de activos ele-

mentos da burguesía local que atopan na demanda de aluguer de vivenda por parte da inmigración obreira, un área de investimento especulativo na súa dimensión puramente económica co obxectivo de conseguir o máximo beneficio do investimento á marxe de calquera outra consideración humanitaria ou social.

Esta FORMA de actuar e de entender a cidade ten un reflexo nunha FORMA DE PROMOCION que alcanzan un papel fundamental na configuración formal da cidade liberal e na definición de ámetos espaciais específicos.

A súa existencia parte da premisa da demanda real de vivenda pola inmigración que se asenta na cidade, demanda acotada por uns niveis de renda determinados cuia solvencia só é posible (e ademais só está permitido polas Ordenanzas Municipais de 1854) satisfacela en ámetos marxinais da cidade.

A promoción de varias unidades de vivenda obreira ou "rancho" precisa da existencia dun gran terreo vacante algo que só podía ser posible en zonas non ocupadas

pola edificación ata ese momento e que polo tanto, estaban sendo utilizadas para outros usos (agrícolas, forestais, etc...), o que implicaba un rendemento económico puramente marxinal.

Este terreo debería ter unhas mínimas condicións de accesibilidade, de aí que a súa ubicación só sería posible en zonas de contacto con eixos de actividade, vías de tráfico do SISTEMA DE ESTRADAS que saían da cidade, ben cara á Península da Torre (ESTRADAS DA TORRE E DE ORILLAMAR), ben cara terra firme (ESTRADA DE RIAZOR, ESTRADA DE FISTERRA, ESTRADA DE CASTELA-CAMIÑO NOVO, ESTRADA DE GARAS).

Pero aquí atopamos o primeiro conflicto ao estar prohibido polas Ordenanzas de 1854 a construcción de casas terreas ou de planta baixa nas estradas de primeira orde e nas rúas principais, categorías estas na que se inclúen o frente destas estradas.

As promocións de casas terreas tenderán inicialmente a situarse nas zonas traseiras con frente a cami-

ños veciñais, veredas agrícolas ou incluso no interior de grandes parcelas que teñen frente a estas estradas.

Posteriormente, e pola presión dos axentes emprendedores das iniciativas, modificaráse o citado artigo para dar cabida a este tipo de iniciativas.

A súa división ou parcelación debe partir dunha reflexión previa cal é a do TIPO EDIFICATORIO que van soportar, ao que van servir de soporte.



A forma do inmoble e o seu tamaño (ancho, profun-

didade, superficie, alto) son elementos previos a decidir diante de proceder á parcelación do solo: Este dividiráse en tantas pezas como sexa posible coa única limitación de que na súa fachada se abra unha porta de acceso e unha ventá a través da que recibe ventilación e iluminación á única peza que dá á rúa.





O resultado é un novo parcelario estreito (entre 4,00 e 6,00 metros) e xeralmente non excesivamente pro-

fundo limitándose a un pouco máis de terreo vacante na parte posterior a xeito de patio no que se sitúa o retrete ao tempo que permite a posibilidade dunha doble fachada (principal e posterior).

Xunto coa parcelación de fincas privadas, que dan cabida ás promocións de vivenda obreira masivamente maioritaria nas novas áreas de desenrolo periférico nas licencias concedidas ao longo do último cuarto do século XIX, xurde tamén unha nova forma de crecemento específica desta época: A parcelación de gran cantidad de solo público de posición periférica e marxinal co obxecto de destinala a USOS INDUSTRIAIS e dar cabida así ás promocións de instalacións fabrís que impulsaba a BURGUESIA INDUSTRIAL: A parcelación do Areal do Orzán co seu trazado viario en espiña de peixe, non sendo nada novedoso novedoso no esquema proposto, si o é no feito de LOCALIZACION DUN USO DETERMINADO NUN AMETO TERRITORIAL CONCRETO: UNHA ZONIFICACION que non é "prohibicionista", non é excluinte na liña disposta polas Ordenanzas Municipais

dos séculos XVIII e XIX, senón afirmativa en tanto que dá cabida a instalacións das que poderían incluirse no apartado da "perigosas" ou "insalubres" e que estarían obrigadas a ubicarse en "... paraxes ailladas ou cando menos, nos barrios apartados da cidade..." (artigo 149 das O.M.- almacéns ou depósitos de palla ou carbón) ou "... en puntos ou lugares aillados de edificio habitable..." (artigo 152 das O.M. - fragas, ferreiros, tintoreiros, fornos de panadería, etc...).



Haberá que esperar ao ano 1892 para que desde a Administración Pública, e neste caso desde a Administración Municipal,[1] se actúe sobre terreos públicos para destinalos a vivendas obreiras: É o caso das casas para obreiros no Campo de Artillería (1892) e as casas do



Campo de Marte (1920), en ambolosdous casos, os terreos son cedidos ben a Patronato, ben a unha COOPERATIVA, que asumirán o proceso de edificación.

En definitiva ás FORMAS NOVEDOSAS do novo proceso de crecemento son:

-- PARCELACIONS DE INICIATIVA PRIVADA PARA USOS RESIDENCIAIS que se producen sobre terreos de propiedade privada e que se destinan invariablemente á promoción de vivenda obreira.

-- PARCELACIONS DE INICIATIVA PUBLICA PARA USOS INDUSTRIAIS que se producen sobre terreos de dominio e uso público (Areal do Orzán) e nos que atoparán o seu lugar ás instalacións fabrís que a burguesía dirixente está a promover na segunda metade do século XIX.

-- PARCELACIONS DE INICIATIVA PUBLICA PARA USOS RESIDENCIAIS que evidencia a toma en consideración, pola clase dirixente, das necesidades de dar unha resposta, desde a ADMINISTRACION PUBLICA, ao problema da vivenda obreira e que non se plantexaría por primeira vez ata a última década do século XIX (Campo de Artillería-1892).

No primeiro caso, a Administración Municipal limítase á fixación dun ALIÑAMENTO tomando como referencia o EIXO do camiño, vereda ou estradas a que dá frente, so pretexto de que a iniciativa de edificación se sitúa en "... paraxes alonxadas da poboación...".

No segundo e terceiro caso, será a protagonista do proceso a partir, non só da fixación do aliñamento, senón tamén da parcelación resultante e das obras de urbanización a desenrolar (que nestas operacións redúcense ás mínimas posibles) quedando a edificación como aspecto a realizar pola iniciativa privada (fundacións, cooperativas,...) unha vez adxudicadas as parcelas ou solares.

4. OS NOVOS TIPOS.

¿Qué novos tipos xurden na paisaxe periférica da cidade de A Coruña?.

A. AS INDUSTRIAS.

Se hai algún elemento de forte impacto visual no novo tecido urbano da cidade, é o dos establecementos industriais e asistenciais situados na traseira da cidade (Orzán, Riazor, Berbiriana) ou a carón das estradas de saída (Estrada de Castela, A Palloza). A súa implantación esixe de pezas singulares nas súas dimensións, de tal xeito que ao longo dos 350,00 metros de frente da Rúa do Socorro só había cinco grandes parcelas (Fábrica de Cervigón, Almacéns de Pola, Almacéns - de Presas, Fábrica de Fariña e Fábrica de Gas) e ao longo dos 300,00 últimos metros da Rúa do Hospital só tres instalacións (Fábrica de Cristais,

Cuartel de Artillería, Hospital da Caridade).

Estas dúas vías, Hospital e Rúa do Socorro, serán os principais eixos-soporte destes novos tipos, e xunto coa instalación do matadeiro - asilo na zona do Campo de Marte e o Cimeterio - Parque de Artillería conformarán un gran cinturón industrial que creará as necesarias condicións para convertir a Península da Torre no principal lugar de asentamento do HABITAT OBREIRO da cidade de A Coruña.

B. O HABITAT OBREIRO: OS TIPOS

Os tipos arquitectónicos de carácter residencial que xurden na paisaxe da periferia coruñesa constituindo unha FORMA determinada de construcción da CIDADE resposta aos nomes de "CASA TERREA" ou de "VIVENDAS PARA OBREIROS".

Son dúas variantes dunha mesma tipoloxía edificatoria cuia única diferencia está no número de plantas: a casa terrea é de planta baixa, o inmoble de vivendas é de dúas ou tres plantas.

En ambolosdous casos o seu destinatario é o mesmo: O PROLETARIADO que acompaña ao nacemento das industrias que se levantan nas décadas dos anos 50 e 60.

1. A CASA DUN CORPO: A "CASA TERREA" OU "RANCHO".

DEFINICION:

As casas terreas están definidas no artigo 83 das Ordenanzas Municipais de 1854 como "dun só corpo", é dicir, de planta baixa, e a súa construcción está prohibida nas rúas principais da cidade.



Normalmente son de planta baixa e bufarda o que fai que non sexan vivendas unifamiliares, se-

nón que no espacio abufardado sitúase unha segunda vivenda.

Están destinadas, xeralmente, a aluguer.

DESTINATARIO:

O seu destinatario aparece concretado en varios expedientes, pero poucos como a promovido por Mercedes Mira no Camiño Novo (hoxe Rúa de Juan Flórez) para construir 5 casas terreas: O Informe Municipal de 9 de abril de 1875 fai referencia a que son edificios "... dun só corpo que pretenden construirse nos puntos extremos do distrito municipal, como é do que se trata (...) atendida a pobreza das familias que nelas soen habitar facéndoo xeralmente en casa terreas máis apropiadas para os seus hábitos e escasos recursos...". Vemos, pois, delimitada con claridade a capa social destinataria da casa terrea:

- Desde un punto de vista económico: familias pobres con recursos escasos, é dicir, a bon seguro traballadores asalariados de recente instalación na cidade e, polo tanto, procedentes dunha certa INMIGRACION das áreas deprimidas da Galicia interior que desenrolarían o seu traballo na nacente industria ou no porto.
- Desde un punto de vista de costumes: As familias a que van destinadas parecen ter "hábitos" específicos. Neste sentido a distribución reducida da vivenda nos permitirá adivinar quizais a promiscuicuidade na que se pode ter desenrolado a vida nestes tipos ao ter o seu programa reducido a dúas, tres ou un máximo de catro cuartos nos que terían cobixo unidades familiares que se por algo se caracterizaban, era polo gran número de membros que a compoñían.

DIMENSIONS:

Dos exemplos citados nos apartados precedentes, dos que dispoñemos de documentación completa (plantas e alzados), cabe destacar os seguintes:

VIVENDA OBREIRA: CASA TERREA UNIFAMILIAR

ANCHOS	4,50 m	4,85 A 5,15 m	5,50 m	6,00 m (2 000S)	6,00 m (3 000S)	6,50 m	7,00 m. (2 000S)	7,00 m (3 000S)
ALZADO								
PLANTA BAIXA								
PLANTA ABUFARDADA								
SITUACION	ORILLAMAR	CAMPO DE ARTILLERIA	ADELAIDA MURO	ATOCHA BAIXA	BERBIRIANA	ESTRADA CIRCUNVALACION	ORILLAMAR	ORILLAMAR - SAN AMARO

VIVENDA OBREIRA: CASA TERREA PLURIFAMILIAR



2. O INMOBLE DE VIVENDAS.

Unha segunda variante aparece definida por Juan de Ciórraga nun informe de data 22 de maio de 1866 cando procede a parcelar un terreo propiedade municipal situado na Rúa do Rastro - Matadeiro co obxecto de proceder á súa venda en subasta. Juan de Ciórraga considera que a situación da parcela faina especialmente dirixida para edificios particulares adicados a "... habitacións da clase xornaleira e máis necesitada da poboación e en tal concepto todas elas deben constar de planta baixa e principal cun pequeno bufardón no tellado e ao sumo de tres corpos co seu bufardón...".

E dicir, casas de planta baixa e unha ou dúas plantas altas con bufardón, cunha vivenda por planta nuns momentos nos que a maioría das edificacións que se levantan na Pescadería teñen catro, e incluso cinco pisos.

VIVENDA OBREIRA: CASA DE PISOS

En calquera caso, a "casa terrea" ou "rancho" e o edificio de vivendas teñen características similares polo que atinxe á unidade parcelaria que a soportan:

- O seu frente oscila entre os 4,50 metros e os 7,00 metros.
- O seu fondo varia entre os 7,00 metros e os 15,00 metros.

A medida que o século vai avanzando, o negocio da vivenda se vai consolidando como unha das facetas a considerar como máis influintes no proceso de construcción da cidade. As condicións das vivendas vanse "endurecendo" e lonxe de mellorar as condicións de habitabilidade e grao de urbanización, vanse facendo máis reducidas e se van situando en zonas outrora desbotadas (patios interiores de fábricas, patios interiores de casas, terreos próximos aos alcantilados).

5. OS PROMOTORES.

O proceso de crecemento da poboación coruñesa na segunda metade do século XIX, está en relación directa coa perda progresiva de poboación de Galicia polas riadas migratorias cara ultramar e cara o interior da Península.

Se a emigración a Madrid non tivo especiais consecuencias na dinámica poboacional e urbana da cidade de A Coruña, non se pode dicir o mesmo da emigración transoceánica: A Coruña era porto de saída de miles de labregos que ao longo da segunda metade do século XIX nunha diáspora sen precedentes na historia de Galicia.

As clases dominantes dos pequenos enclaves urbanos galegos aparecen ligados, directa ou indirectamente, ao NEGOCIO da emigración convertíndose en beneficiarias do proceso e, ao calor do movemento do porto de A Coruña cara ultramar, amasaránse as grandes fortunas de navieiros, consignatarios, cónsules, etc...

Esta burguesía en absoluto asumiu o papel de clase dirixente na configuración da Galicia moderna e as súas iniciativas empresariais reducíronse ao establecemento de: 1. Industrias complementarias:

A: Ao papel de porto de saída dos emigrantes: industrias alimenticias (fariñas, pan, chocolate, pastas. Fábrica de cervezas, fábrica de gaseosas, fábrica de conservas,...), industria madeira (reparacións,...).

B: Relacionadas coas demandas propias dun asentamento urbano que acada os 30.000 habitantes e que polo tanto precisa de instalacións fabrís destinadas á construcción do parque inmobiliario demandado (fábrica de mobles, marquetería, ebanistería, carpintería, vidros, fundicións,...)

Pero estas iniciativas industriais, que como vimos non superan a vintena no núcleo industrial e poboacional

máis importante de Galicia do século XIX, engádese unha faceta de actuación que axuda a comprender o carácter desta burguesía: Referímonos á súa presencia nas iniciativas de investimento en solo e promoción de vivendas das que importantes personaxes da burguesía non están ausentes.

Resulta curioso observar como a primeira gran promoción de vivenda obreira na periferia coruñesa aparece protagonizada por José Pastor (do grupo Barrié-Pastor) e consiste na parcelación do terreo dunha das máis importantes fábricas que tiña a cidade (a Fábrica de Sombreiros da Rúa da Torre esquina Campo de Marte na que traballaban ata 180 obreiros) para a edificación de 30 vivendas.

Esta dinámica de reconversión de industrias en solares, estará tamén presente anos máis tarde na parcelación da Fábrica de Xabrón (Rúa da Torre-Rúa do Cimeterio 1870), parcelación da Fábrica de Tecidos "La Pogresiva" (Camiño Novo, 1892).

Se a isto engadimos que terreos que foran obxecto de subasta pública para instalar industrias aparecen aos poucos anos adicados a labores benéficas (Almacén de J. Presas para Casa Galera, Fábrica de Fariñas para Casa de Beneficiencia, Almacén de Mobles para Escolas Populares Gratuitas) cun precedente no que ía ser Fábrica de Mantelería e rematou sendo Hospicio (1844) baixo o patrocinio da Xunta Municipal de Beneficiencia participaremos dunha visión dun proceso curiosamente de complementariedade onde os únicos elementos comúns son os impulsores e beneficiarios máximos dos mesmos: a burguesía dirixente.

VII. ANEXO DE PLANOS.


VEREDA DO POLVORIN
VEREDA DE MONTE ALTO
VEREDA DE ORILLAMAR
RIAZOR
ESTRADA DE FISTERRA
STA LUCIA


PARCELACION
RUA DO HOSPITAL
FIN DO SÉCULO XVIII
MATADEIRO
CUARTEL CASTRENSE
CASA DA PROVISION
CUARTEL DO AREAL (ZALAETA)
ESCOLA PRACTICA DE ARTILLERIA
HOSPITAL DA CARIDADE
HOSPICIO
CORRALON
CONVENTO DAS CAPUCHINAS
CAMPO DE ARTILLERIA
AREAL DO ORZAN
UA ANCHA DE S. ANDRES — RUA ESPOZ Y MINA
RUA NOVA
0 50 100 150 200m.
ESCALA GRAFICA


Plaza del Orzan
Pescadería
Ciudad
Muelle de la Aduana
Muelle de la Leña
Muelles de la Sardina
Parque
Puerta Real
Palabrana
Palabrana


AREAL DO ORZAN
SITUACION INICIAL
AREAL DO ORZAN
RUA DO HOSPITAL
RUA ANCHA DE S. ANDRES - RUA ESPOZ Y MINA
RUA NOVA
0 50 100 150 200m.
ESCALA GRAFICA


PROPOSTA INICIAL
SESION: 7 MARZO 1853
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25
RUA DO HOSPITAL
RUA DO ORZAN
RUA DE SAN ANDRES — ESPOZ E MINA

MODELO TEORICO 1853



ESCALA = 1:1.000




O AVANCE SOBRE O AREAL
PRIMEIRA ALINEACION: MARZO 1853
SEGUNDA ALINEACION: MAIO 1856
TERCEIRA ALINEACION: MAIO 1859
CUARTA ALINEACION: SET. 1869
1859
1853
1853
1856
1853
1856
1888
1859
RUA DO SOCORRO
RUA DO SOL
RUA DO HOSPITAL
RUA ANCHA DE S. ANDRES – RUA ESPOZ Y MINA
RUA NOVA
0 50 100 150 200m
ESCALA GRAFICA

DATA DE LICENCIAS E DESTINOS



SUPERFICIES



CANTON GRANDE


CONSECUENCIAS URBANISTICAS
NOVAS RUAS
ENSANCHE RUAS EXISTENTES
NOVOS LIMITES CIDADE
RUA DO SOCORRO
RUA DO HOSPITAL
RUA ANCHA DE S. ANDRES - RUA ESPOZ Y MINA
RUA NOVA
RUA DO SOL
3 VARAS
PÉS
1854
ENSANCHE RUA NOVA - APERTURA RUA ALTA
1864
APERTURA RUA DO SOL
"PLANO DE ALIÑAMENTO DA RUA DO SOL E A SÚA PROLONGACION ATA RUA ESPOZ Y MINA"
0 50 100 150 200
ESCALA GRAFICA
CANTON GRANDE



CANTON GRANDE

0
50
100
150
200 m
ESCALA GRAFICA

Ensenada de Hermitas
ENSENADA DE LA LAGUA
Ensenada de S. Amaro
Punta San Amaro
VIVENDA OBREIRA
INDUSTRIAS
E
EQUIPAMENTOS
MARXINAIS
VIVENDA BURGUESA
CAMPO
DE LA
ESTRADA

SITUACION INICIAL: PRIMEIRA MITADE SECULO XIX



1863: A PARCELACION DA FABRICA DE SOMBREIRO




PROFUNDIDADE PARCELA (PROXECTO)
PROFUNDIDADE PARCELA REAL
PATIO
6,50
15,50
22,00
3,50
15,50
19,00
4,60
4,60
4,60
4,60
4,60
4,60
4,60
4,60
4,60
4,60
46,00
RUA DA TORRE


PATIO
4,00
14,20
4,60
4,00
14,20
4,60
3,50
15,50
19,00 (PROFUNDIDADE PARCELA REAL)
6,50
15,50
22,00 (PROFUNDIDADE PARCELA-PROXECTO)

1864: O CROQUIS DA RUA DA TORRE



1869: ALINEACION RUA RAMON DEL CUETO



1869 - 1883: A EDIFICACION LADO NORTE CAMPO DE MART



1883: CAMPO DE MARTE - PRAZA CIRCULAR





SUP. APROXIMADA 3 Ha

1888: ASILO DE ANCIANOS - APERTURA VEREDA MONTE AL



1892: CAMPO DE ARTILLERIA



PROYECTO
de
casas para obreros
en el
CAMPO DE ARTILLERIA
—Planta general—



LA CORUÑA Y MAYO DE 1.904

1896: MATADEIRO MUNICIPAL



1898: ESCOLA PRACTICA DE ARTILLERIA - A BERBIRIANA



1920: ANTEPROXECTO URBANIZACION DO CAMPO DE MART



PLANO

DE ANTEPROXECTO DE URBANIZACION DO CAMPO DE MARTE PARA A CONSTRUCCIO DE CASAS ECONOMICAS



PLANTA PRIMEIRA



PLANTA BAIXA




ALTO
VEREDA DO POLVORIN
CUARTEL
1888
CEMITERIO
CEMITERIO
ALTO a FONTE
1869-83
1920-25
1887
1900
1902
MATADEIRO
ASILO
1863
1898
1898
1882-87
FABRICA DE CRISTAIS
CUARTEL
HOSPITAL
CUARTEL
CONVENTO
GAS
CAMPO DA LEÑA
CAMPO DA ESTRA
PRAZA DE MARIA PITA
PESCADERIA
CIDADE VELLA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servicio de Bibliotecas
1700757526

A CORUÑA

A construcción da cidade liberal

XOSE LUIS MARTINEZ SUAREZ

A CORUÑA:

A CONSTRUCCION DA CIDADE LIBERAL

VOLUME V

XOSE LOIS MARTINEZ SUAREZ

ARQUITECTO

Tese Doutoral dirixida por

Xosé Bar Boo

Dr. Arquitecto

Escola Técnica Superior de Arquitectura. A Coruña 1991

CAPITULO V

CONCLUSIONS

1. COMERCIO COLONIAL E PROXECTOS URBANOS.

O nacemento do Urbanismo moderno na cidade de A Coruña, xurde no último tercio do século XVIII ao calor do Porto e do comercio colonial.

As Obras e Proxectos de carácter:

- MILITAR-DEFENSIVO: CASTELOS DE SAN ANTON, SAN DIEGO, SANTA CRUZ, MURALLAS DE TERRA E MAR.
- DE INFRAESTRUCTURA URBANA: ACUEDUCTO, ALCANTARILLADO PAVIMENTACION, ENLOUSADO DE RUAS.
- DE INFRAESTRUTURA PORTUARIA: PETRIS, PEIRAOS, RAMPAS DESEMBARCADEIROS.
- DE "AGGIORNAMENTO": FONTES, ARBOLADO,

Hai que engadir: OS TRES PRIMEIROS "PROXECTOS URBANOS" NA TRAMA DA CIDADE VELLA E DO ARRABALDE DA PESCADERIA:

1779: O PROXECTO DE REGULARIZACION DUNHA PRAZA NA CIDADE VELLA,

1780: O CONXUNTO ADUANA-PEIRAO-CASAS DE PAREDES,

1789: A PRAZA DO CONSULADO.

Dos tres Proxectos, só un deles, (ADUANA-CASAS DE PAREDES), foi executado e só parcialmente.

O seu fracaso é o fracaso do DESPOTISMO ILUSTRADO e un reflexo da febleza da balbucente burguesía comercial urbana nos últimos anos do século XVIII.

2. PROXECTO URBANO-EDIFICIO INSTITUCIONAL.

Os edificios públicos (Concello-Capitanía Xeneral, Aduana, Consulado) xogan un papel preponderante na formalización das propostas.

Tres edificios, (Concello, Aduana e Consulado), aparecen como elementos a crear, e representan, polo seu carácter cívico e comercial, o xurdemento dunha NOVA CLASE (A BURGUESIA COMERCIAL) que está a emerxer na sociedade en contraposición aos estamentos hexemónicos do Antigo Réxime encarnados no clero, a nobreza absentista e a milicia.


MVSEO
FotoBlanco

3. PESCADERIA: DE "ARRABALDE" A "CIDADE BAIXA".

De especial importancia é o LUGAR onde se producen estas actuacións:

Dous dos tres proxectos ubícanse na Pescadería.

ADUANA E CONSULADO (Institucións ligadas ás actividades mercantís e, polo tanto, á BURGUESIA COMERCIAL), son os dous primeiros edificios de carácter institucional que se constrúen no arrabalde, iniciando, así, o proceso de desprazamento dos "LUGARES DO PODER" desde a CIDADE VELLA cara a PESCADERIA.

Este proceso non rematará ata o segundo tercio (1833-1860) do século XIX coa construcción dos equipamentos da Cidade Liberal (Mercado, Teatro, Pazo Provincial, Casa Consistorial e a Gran Praza Monumental)

4. ADUANA E RUA REAL: O COMERCIO.

Ao tempo que as obras de índole DEFENSIVO-MILITAR (MURALLAS DA CIDADE VELLA E PESCADERIA) cos diferentes proxectos de Fortificación BLOQUEAN e fixan o crecemento da cidade dentro duns LIMITES DEFINIDOS, AS OBRAS DE INFRAESTRUTURA PORTUARIA (PEIRAO E PETRIL NA BEIRAMAR DA BAIA) REFORZARAN A ESTRUCTURA LINEAL DO ARRABALDE e o vello camiño Real de entrada á Cidade Alta (Cantóns-Rúa Real- Rúa do Rego de Auga) convertiráse, por mor do contacto coa Aduana, no EIXO COMERCIAL E MERCANTIL DA CIDADE.

5. UNHA FACHADA AO MAR.

O Proxecto da Aduana-Praza-Casas de Paredes, é o primeiro intento na Historia Urbana da cidade de ofrecer unha FACHADA ao mar, ao espacio aberto da baía.

Ao longo de 250,00 metros, a cidade ofrecíase como unha "vista" de acordo a un MODELO preestablecido ao que se someterían os edificios a construir: PROGRAMA, ALIÑAMENTOS, PARCELACION, ORDENANZA, UNIFORMIDADE DE FACHADA, EDIFICACIONS RESIDENCIAIS EN TORNO A UN EDIFICIO PUBLICO (ADUANA), PRAZA-DESEMBARCADEIRO, PORCHES, convertirán ao proxecto de Pedro Martín Cermeño no gran exemplo do urbanismo barroco da Histotoria da cidade.

Nel, concrétase unha auténtica VONTADE URBANISTICA por configurar unha IMAXE URBANA que DIGNIFIQUE A ESCENA URBANA e DEFINA O ESPACIO PUBLICO a partir de mecanismos de composición unitarios.





Plano de una porcion de Arrabal de la Plaza de la Coruña, que manifiesta el terreno que S. M. se sirve conceder para la construccion de algunos Edificios en aumento de esta Población comprendido entre las Casas actuales y el Terraplen y muralla que por la parte del Mar sigue desde la Puerta Real hasta la de la Torre de abajo.

Explicacion.

a. Alturas Rasantes de 1.er Piso
b. Casas de Arrabal propuestas de
c. Casas de la Maestranza
d. Capilla del 5.to claro
e. Terraplen y muralla que da al Mar
f. Rastrillos y Ranqueras para el uso de la marina
g. Cuerpo de guardia
h. Plaza de la Maestranza
i. Terreno entre la Maestranza de 1.er Piso y el terraplen que se concede para la construccion de algunos Edificios en aumento de esta Poblacion
j. Terreno que se concede para el Edificio de la Casa Consistorial de la Coruña

[illegible]

Plaza de armas del Terraplen entre el Baluarte de San Carlos y el de San Antonio

Nota.

El Abajo en [illegible] que S. M. se sirve conceder [illegible] para la construccion de los Edificios de la Maestranza [illegible] Coruña 16 de Marzo de 1792.

[illegible]

6. O "PLANO XERAL DA POBOACION" DE DOMINGUEZ Y ROMAY.

Xunto coas tres propostas urbanas citadas, esta época verá a luz un documento de singular importancia na historia urbana da cidade que aparece citado en diversos expedientes: Trátase do PLANO XERAL DA POBOACION de 1789, realizado polo arquitecto titular da cidade, Fernando Domínguez y Romay, e no que estaban "...marcadas (...) todas as liñas que no sucesivo deben seguirse...". Este documento representa o primeiro intento da Administración Municipal de dotarse dun instrumento de índole especificamente URBANISTICA que faga posible un CONTROL TECNICO OBXECTIVO DO PROCESO DE CONSTRUCCION DA CIDADE. É a orixe da disciplina científica do Planeamento Urbano.

7. REVOLUCION LIBERAL-BURGUESA E DESAMORTIZACION.

A crise do Antigo Réxime (1808-1840) coa conseguinte inestabilidade política e social, a Guerra da Independencia e o proceso de emancipación das colonias co colapso do comercio ultramariño, enmarcarán o período de profunda crise urbana da cidade e de tránsito cara a Revolución Liberal-Burguesa diante do fracaso da restauración da vella orde.

A chegada da Burguesía Liberal ao poder, localizada fundamentalmente nos núcleos urbanos, abre as portas a unha modificación profunda das ESTRUCTURAS DA PROPIEDADE a partir das medidas DESAMORTIZADORAS:

- A Desamortización de Mendizábal (1836),
- A Desamortización dos Bens de Propios (1849),
- A Desamortización de Madoz (1855),

son en última instancia decisións imprescindibles para a transformación dunha sociedade estamental nunha SOCIEDADE DE CLASES e dentro dela do establecemento dunha NOVA CONCEPCION DA PROPIEDADE: A PROPIEDADE LIBERAL, entendida como DEREITO INVIOLABLE, SAGRADO, PRIVADO, DE CARACTER INDIVIDUAL.

Os seus efectos xogarán un papel determinante na estructura e na forma urbana da Cidade Liberal cuia comprensión só será posible a través do prisma desamortizador.

8. A SOCIEDADE CIVIL FRENTE AO ESTAMENTO MILITAR.

O protagonismo das Institucións de carácter civil se consolida en detrimento da todo poderosa Administración Militar.

A utilización da técnica dos Aliñamentos adquire especial importancia naquelas zonas que están en contacto cos terreos das fortificacións que van verse afectados dun ou doutro xeito por medidas Desamortizadoras: AS MURALLAS DE TERRA E MAR.

Unha vez proclamada polo Concello a INUTILIDADE DAS MURALLAS e a necesidade imperiosa do seu derribo, será preciso fixar de novo os LIMITES entre o público e o privado, porque o privado edificado é susceptible de ampliarse avanzando, ben sobre terreos públicos, ou sobre os propios terreos privados que, ata ese momento, estaban suxeitos a ríxidas medidas de control pola xurisdicción militar dadas as características de Praza Forte que tiña a cidade.

Os primeiros PROXECTOS DE ALIÑAMENTOS DE TRAMOS DE RUAS promovidos desde a Administración Municipal, son:

1820-34: LIÑA polo Calexón da Estacada das casas da Rúa Real do número 7 ao 14,

1834: Liña pola Mariña desde o número 28 ao 41 da Rúa Real,

1846: Aliñamento da liña LIMITE DA FORTIFICACION ao outro lado da Alameda.

1850: Aliñamento dos edificios que dan frente ao Paseo da Alameda.

9. A DESAMORTIZACION DE MENDIZABAL E OS EQUIPAMENTOS DA CIDADE LIBERAL.

A DESAMORTIZACION DE MENDIZABAL (1836) convertirá ao Concello de A Coruña no maior propietario de solo urbano do barrio da Pescadería nunha posición de centralidade excepcional.

O Convento e Hortas de San Agustín e a Igrexa de San Xurxo, serán adxudicados ao Concello que levantará sobre eles os EQUIPAMENTOS DA CIDADE LIBERAL:

- Convento de San Agustín: CASA CONSISTORIAL (1838),
- Hortas do Convento de San Agustín: MERCADO (1837),
- Igrexa de San Xurxo: TEATRO PRINCIPAL (1838-41) - DEPUTACION PROVINCIAL (1860-65).

É o desprazamento definitivo dos "lugares do poder" desde a cidade ao arrabalde.

A Cidade Vella, por mor da Desamortización de Mendizábal quedará rodeada de establecementos de índole militar:

- Convento de San Francisco: HOSPITAL MILITAR,
- Convento de Santo Domingo: CUARTEL.



A CIDADE LIBERAL: Os equipamentos

1 - SAN XURXO
- T - TEATRO
- G - GOBERNO PROVINCIAL
- D - DIPUTACION PROVINCIAL

2 - SAN AGUSTIN
- C - CONCELLO
- X - XUZGADOS
- M - MERCADO
- E - ESCOLA PÚBLICA

10. OS EQUIPAMENTOS E O INICIO DO PROCESO DE REFORMA INTERIOR DA TRAMA URBANA.

A ubicación no interior da trama da Pescadería dos equipamentos da CIDADE LIBERAL (CASA CONSISTORIAL, GOBERNO PROVINCIAL, MERCADO, TEATRO), xerará NOVOS POLOS DE ACTIVIDADE ECONOMICA aos que será preciso dotar da ACCESIBILIDADE necesaria para o seu correcto FUNCIONAMENTO.

A angosta trama viaria que rodea os novos equipamentos esixirá a adopción de medidas correctoras de ciruxía urbana co obxectivo do seu ENSANCHE para o que será preciso a UTILIZACION DA TECNICA DOS "ALIÑAMENTOS DE RUAS" (1839: Rúa da Praza, 1840: Rúa de San Agustín e Rúa de Cartuchos).

Estas iniciativas, de carácter urbanístico, xurden inicialmente como UNHA NECESIDADE á marxe de calquera outro tipo de consideracións. A súa posta en práctica só será efectiva a partir da utilización da LEXISLACION SOBRE EXPROPIACION FORZOSA de 14 de xullo de 1836 que dará cobertura legal aos expedientes de expropiacións de casas incoadas de acordo coa "DECLARACION SOLEMNE DE QUE A OBRA PROXECTADA É DE UTILIDADE PUBLICA" (art. 1).


RUA DAS PANADEIRAS
1834
1873
RUA DO MERCADO
RUA DA PLAZA 1839
1865
RUA DE CARTUCHOS
RUA DAS BOMBAS
RUA DE SAN AGUSTIN 1840
1839
1837
1863
OLIVA
POMPEIA
1859
1843
1856
TERESINO
RUA REGO DE AUGA
1866
1837
FONTE DA FAMA
NOVOS ALINEAMENTOS
R: ACORDO MUNICIPAL DE DECLARACION DE RUINA
E: ACORDO MUNICIPAL DE EXPROPIACION

11. A CRISE DA CIDADE FORTALEZA E O DERRIBO DAS MURALLAS: 1840-1860.

A Cidade Burguesa quere ser unha cidade libre de muralllas e corpos de garda na que desaparezan portas e foxos, baluartes e troneiras.

O derrubo das "... sombrías murallas que só poden servir de baluarte ao despotismo...", convertiráse en tema recorrente das sesións municipais no segundo tercio do século XIX.

Desde as súas plataformas de poder, a burguesía denunciará a INUTILIDADE DAS MURALLAS e en 1840 iniciaráse, co derribo das primeiras pedras das murallas da Cidade Vella, un proceso lento e conflictivo que non rematará ata vinte anos máis tarde e que é o signo máis chamativo da morte da cidade fortificada e do triunfo da concepción burguesa.


Fortaleza.
Nº 14

12. A DESAMORTIZACION DOS BENS DE PROPIOS: O AREAL DO ORZAN (1853).

A parcelación e posterior subasta dos "terreos do común" do Areal do Orzán co obxecto de promover a instalación de industrias e almacéns, será a primeira operación desamortizadora de iniciativa municipal que deixa ben claro o protagonismo acadado polo Concello Constitucional no goberno do territorio municipal.

A operación, de simple división dos terreos do Areal do Orzán a xeito de espiña de peixe ao longo da Rúa do Socorro (hoxe Rúa de Juan Canalejo), apórtanos a novedade de creación dun auténtico "ZOONING" de USO INDUSTRIAL na traseira da cidade: Grandes mazás para almacéns, industrias ou establecementos benéficos extenderánse pola Praia do Orzán e establecerán unha barreira de usos entre a cidade consolidada e a Península da Torre: Ao seu carón xurdirán as primeiras iniciativas de promoción de "paquetes" de vivendas obreiras nas Rúas do Hospital, Torre, Campo de Marte, etc...


del
Orzan
laya del Orzan


DATA DE LICENCIA
E
DESTINOS
1790
CUARTEL CASTRENSE
LOGO
CASA DA PROVISION
1827
FABRICA DE CRISTAIS
CAMPO DE
ESCOLA
PRACTICA
DE ARTILLE
1859
FABRICA DE
SERRA E PUNTAS
1853
1861
1853
ALMACEN DE
MUEBLES
1861
CARCEL DE
MULLERES
1856
FABRICA
DE FARIÑAS
1855
FABRICA
DE GAS
CUARTEL
DE CABALEIRIA
1792
HOSPITAL
DA CARIDADE
1864
FABRICA
DE SERRA
1886
CUARTEL DE
CABALEIRIA
1683
CONVENTO
DAS CAPUCHINAS
RUA ANCHA DE S ANDRES

13. A DESAMORTIZACION DE MADOZ: OS BARRIOS DA BURGUESIA.

Controlando os aparellos do novo Estado Liberal, a clase dirixente, a burguesía comercial e industrial, procederá a apropiarse, a través das subastas públicas, dos terreos que ocupaban as murallas derribadas da Cidade Vella (1859) e da Pescadería (1871-76).

Só os seus membros poderían pagar o precio de venda dos solares sacados a subasta.

As operacións urbanísticas son GRANDES "LOTTISSEMENTS" en torno a un espacio público, unha PRAZA (Praza de María Pita nas murallas da Cidade Vella, Praza de Lugo nas murallas da Pescadería), á que se xustapón un trazado viario en malla ou cuadrícula.

As zonas residenciais da burguesía, aparecerán claramente delimitadas no Espacio Urbano e disporán de espacios vacantes (Prazas) e solares destinados a albergar equipamentos e servicios urbanos dun xeito cuantitativamente e cualitativamente privilexiado: A forma da cidade REESTRUCTURASE globalmente.






Paseo de la Alameda
Calle de la Alameda
CANTON

14. A PRAZA DE MARIA PITA (1860): A ULTIMA PRAZA NEOCLASICA.

Dominada polo edificio institucional por excelencia, o PAZO MUNICIPAL, e rodeada das "... casas onde habitaran as personalidades da cidade...", a Praza de María Pita, proxectada en 1860 polo último dos arquitectos neoclásicos, Faustino Domínguez y Domínguez, péchase sobre si mesma nunha actitude ben diferente ao Proxecto Barroco da ADUANA-CASAS DE PAREDES.

Esta proposta urbana de "praza salón" pechada, ensimesmada, que ven obrigada pola división do excepcional lado sur "en cómodos solares", de acordo coas BASES aprobadas polo Concello, establecerá unha relación de opacidade e falta de permeabilidade impedindo, así, a apertura cara a baía:

Destacados membros dos grupos financieiros (Banco de A Coruña, Banco Pastor) e do poder político (Deputados a Cortes, Deputados Provinciais, Alcaldes e Concellais) resultarán ser os adxudicatarios deste frente.

A disposición da Praza, dando as costas á baía e "enchufada" na Pescadería a través das Rúas de San Agustín, Florida Franxa e Rego de Auga, reforzarán o papel estructurante da rede viaria lonxitudinal interior da Cidade Baixa en detrimento do frente marítimo da Mariña.

Tardará cen anos en completarse tras múltiples modificacións que a fan irreconocible respecto ao proxecto orixinal.

PROYECTO DE UNA PLAZA PUBLICA
PARA LA CORUÑA

TRAZADO HORIZONTAL

con la distribucion de solares.

Esplicacion

A B
C
D
E F
G
H

PRAZA DE MARIA PITA
ALZADOS EDIFICACIONS PARTICULARES
(LADOS SUR, LESTE E OESTE)



15. O CAMPO DO CARBALLO: DE PARCELACION (1871) A ENSANCHE (1883).

O que se proxectou como unha gran parcelación de terreos públicos en torno á actual Praza de Lugo para proceder á súa subasta (1871-1876), remataría doce anos despois sendo declarada "PRIMEIRA ZONA DE ENSANCHE DE POBOACION" co obxecto de acollerse aos beneficios de carácter fiscal que a lexislación de Ensanche de 1876 ofrecía tanto aos particulares, como ao propio Concello.

Nove propietarios controlan o 50% da superficie total subastada: O SOLO COMO INVESTIMENTO, e polo tanto a FORMACION DUN MERCADO DE SOLO restrinxido á burguesía comercial e industrial, ten o seu exemplo máis significativo na subasta dos 161 solares.

Tardaron cincuenta anos en edificarse.

AS SUBASTAS. 1871-1876

O CAMPO DO CARBALLO COMO INVESTIMENTO EN SOLO

Nº	COMPRADOR	Nº DE SOLARES	% S/SUP TOTAL
1	DOROTEO FDEZ CALVET	28	16,94
2	V. PEREZ VILLAR	15	8,31
3	J. MARIA RODRIGUEZ	8	5,19
4	JUAN MESA	7	4,84
5	J. PEREZ QUINTANA	7	4,15
6	AGUSTIN BARIDO	5	2,93
7	J. REY CALVO	4	2,58
8	AGUSTIN AMOR	4	2,42
9	PEDRO BARRIO	2	2,38
TOTAL =		80	49,74 %



A EDIFICACION: 1871 - 1947



ADJUDICATARIOS	L	O	N	A	S								TOTAL SOLARES	SUPERF. m2	TOTAL %
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	Caram	Estr. Riaz.	Parq. Enseñ.			
Doroteo Fernández Calvet	-	-	2	6	2	5	-	9	-	-	4	-	28	8.563,50	16,94
Vicente Pérez Villar	-	6	2	-	-	-	1	-	6	-	-	-	15	4.185,50	8,31
José María Rodríguez	-	2	-	-	1	-	-	-	2	1	3	-	9	2.617,50	5,19
Juan Mesa	2	5	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	8	2.442,00	4,84
Jacinto Pérez Quintana	-	-	-	-	-	-	-	3	3	-	1	-	7	2.095,00	4,15
Agustín Bariló	-	-	1	1	-	-	1	1	1	-	-	-	5	1.477,00	2,93
Joaquín Rey Calvo	-	-	3	-	1	-	-	-	-	-	-	-	4	1.304,00	2,58
Agustín Amor	1	3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4	1.220,00	2,42
Pedro Barrio	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	1.200,00	2,38
Manuel Amor	1	1	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	3	888,00	1,76
Pedro Vacino	-	1	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	3	912,50	1,81
F. González Valerio	-	-	-	-	-	-	3	-	-	-	-	-	3	1.110,00	2,20
José María Golpe	-	-	3	-	-	-	3	-	-	-	-	-	3	650,00	1,29
A. López Alvarez	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3	-	3	730,00	1,44
Juan Timoteo	-	1	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	2	684,00	1,35
E. Cervigón e A. del Valle	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	2	644,00	1,27
C. Alvera	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	425,00	0,84
J. María Silva	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	1	-	2	518,00	1,02
A. Acosta	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	-	-	2	368,00	0,73
Angel Sastre	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2	656,00	1,30
Melchor Sastre	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2	548,00	1,08
A. Raso Varela	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2	604,00	1,19
J. J. Yáñez	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2	1.136,00	2,25
F. Botana	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2	810,00	1,60
D. Salorio Casal	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2	492,00	0,97
Juan López Núñez	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	1	384,00	0,76
José Barral	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	1	360,00	0,71
Jacobo Antoo	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	334,00	0,66
García Freire	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	320,00	0,63
Agustín García	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	306,00	0,60
Domingo Estrada	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	1	294,00	0,58
M. María Soto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	270,00	0,53
Manuel Abelenda	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	266,00	0,52
Luis Gayoso	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	243,00	0,48
Manuel Banet	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	200,00	0,39
José Díaz	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	1	200,00	0,39
J. A. Couto	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	187,00	0,37
Marcial de la Fuente	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	244,00	0,48
Enrique Veiga	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	300,00	0,59
Ramón Senande	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	268,00	0,53
Vicente Peón	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	300,00	0,59
J. Morado y Alonso	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	334,00	0,66
Lorenzo Sueiras	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	1	250,00	0,49
E. Carricarte	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	224,00	0,44
J. Agapito Aburto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	408,00	0,80
J. J. Bailio	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	360,00	0,71
J. A. Taboada	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	312,00	0,61
Antonio Cuevas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	294,00	0,58
Antonio Vilariño	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	320,00	0,63
M. Cotrofe	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	328,00	0,65
Juan Segovia Palma	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	200,00	0,39
Desconocidos	8	-	-	-	-	-	-	-	5	-	-	1	14	6.612,5	13,12
TOTAL	17	22	18	9	8	5	9	13	17	9	33	1	161	50371,50	100

PLANO DEL ANTE-PROYECTO DE ENSANCHE DE POBLACION

POR EL

CAMPO DE CARBALLO Y HUERTAS DE GARAS



16. A DIALECTICA PARCELACIONS-REFORMA INTERIOR.

Como consecuencia das propostas urbanísticas do Campo do Derribo, do Campo do Carballo e do Areal do Orzán, traslúcese unha especial preocupación municipal pola NECESIDADE DE CONEXIONS DOS NOVOS "BARRIOS" COA REDE VIARIA DA CIDADE EXISTENTE

Nos tres casos darán ORIXE e serán o punto de partida dos PROXECTOS PARCIAIS DE ALIÑAMENTO E/OU ENSANCHE DAS RUAS máis importantes da cidade: Todos eles na PESCADERIA (a Rúa do Rego de Auga, Rúa da Franxa, Rúa de Cartuchos-Alesón, Rúa da Mariña, primeiro tramo da actual Rúa de Durán Loriga, Rúa Alta-Rúa Nova, Rúa do Sol) é todas tramitadas entre 1854 e 1872 , e polo tanto anteriores aos PLANOS DE ALIÑAMENTOS de Yáñez e Barón para a Cidade Vella (1876) e para a Pescadería (1882).

DATA DE APROBACION DE ALINEACIONS DE RUA


CONSECUENCIAS URBANISTICAS
NA TRAMA DA PESCADERIA
APERTURA NOVA RUA (RUA DURAN LORIGA)
NOVO ALIÑAMENTO


CONSECUENCIAS URBANISTICAS
NOVAS RUAS
ENSANCHE RUAS EXISTENTES
NOVOS LIMITES CIDADE
RUA DO HOSPITAL
RUA ANCHA DE S. ANDRES - RUA ESPOZ Y MINA
RUA NOVA
PÉS
PÉS
1854
ENSANCHE RUA NOVA - APERTURA RUA ALTA
1864
APERTURA RUA DO SOL
"PLANO DE ALIÑAMENTO DA RUA DO SOL E A SÚA PROLONGACION ATA RUA ESPOZ Y MINA"
0 50 100 150 200
ESCALA GRAFICA
CANTON GRANDE

17. A DIALECTICA PARCELACION-TIPO NOS BARRIOS BURGUESES.

O proceso desamortizador de solo urbano esixirá unha REFLEXION PREVIA sobre o TAMAÑO, DIMENSIONS E CARACTERISTICAS dos solares que van ser obxecto de subasta.

Esta reflexión deberá ter en conta o POSIBLE ADXUDICATARIO e, polo tanto, as CARACTERISTICAS TIPOLOXICAS DO HABITAT no que se desenvolve.

O resultado é UN PARCELARIO REGULAR que servirá de soporte aos novos tipos de VIVENDA BURGUESA e á CASA DE RENDA e do que cabe salientar:

- As excepcionais dimensións dos frentes de fachada en relación cos da cidade existente: 12,50 metros nos 27 solares destinados á edificación privada na Praza de María Pita, e superiores a 8,00 metros en 154 dos 161 solares do Campo do Carballo,
- As profundidades entre os 23,35 metros dos solares da Praza de María Pita, e os 35,00 metros de fondo do Campo do Carballo.
- As superficies en planta non baixan en ningún caso de 200,00 m2.

A PARCELACION DAS MURALLAS DA PESCADERIA

SOLARES SUBASTADOS: ANCHO





Ó 87,5 % DOS SOLARES SUBASTADOS TEÑEN ENTRE 8 E 12 m. DE ANCH

(1) ● Nº SOLARES DE FORMA TRIANGULAR

AS PARCELAS·Características



A PARCELA

- Nº DE PARCELAS: 63
- FRENTE A DUAS RUAS
- ANCHOS ENTRE 7 E 13 m.
- PROFUNDIDADE ENTRE 22 E 38,30m.
- TODAS AS PARCELAS AVANZAN OU SE CONSTITUIEN EN SOLO PUBLICO

A EDIFICACION

- OCUPA O 100% DO SOLAR
- ACCESO E FACHADA PRINCIPAL POLAS RUAS REAL, REGO DE AUGA E PRAZA DE MARIA PITA
- A FACHADA POSTERIOR DA A MARIÑA E CUBRESE TOTALMENTE DE GALERIA DENDE O PRIMEIRO PISO
- NUCLEO DE ESCALEIRA ADOSADA A MEDIANEIRA
- UNHA VIVENDA POR PLANTA

PRAZA Mª PITA



SUP. MINIMA: 280,00 m²

SUP. MAXIMA: 387,00 m²

AVDA DE MONTOTO

RUA REGO DE AUGA

ANCHO ENTRE 7 E 13 m.



SUP. MINIMA: 225,00 m²

SUP. MAXIMA: 380,00 m²

AVDA DA MARIÑA

RUA REAL

ANCHO ENTRE 4 E 8,50 m



SUP. MINIMA: 69,00 m²

SUP. MAXIMA: 223,00 m²

CALEXON DA ESTACADA/PRAZA ADUA

RUA REAL

ANCHO ENTRE 3 E 13,80 m.



SUP. MINIMA: 111,00 m²

SUP. MAXIMA: 341,00 m²

AVDA DA MARIÑA

18. A CIDADE DESEÑADA: OS BARRIOS BURGUESES.

Os barrios burgueses recibirán unha especial atención desde os poderes públicos que supera e complementa as Ordenanzas Municipais en vigor para todo o Término Municipal.

Máis aló dos investimentos públicos en infraestructuras (pavimentación, alcantarillado, alumeado público) nas áreas da residencia da burguesía, danse INICIATIVAS DE DESEÑO URBANO tendentes a ofrecer unha IMAXE HOMOXENEA e "DIFERENTE" do resto da cidade que sirva de REPRESENTACION ARQUITECTONICA A ESCALA URBANA DOS VALORES E ATRIBUTOS QUE CARACTERIZAN A NOVA CLASE DIRIXENTE.

As "Ordenanzas para as fachadas das casas do Campo do Derribo" ou Praza de María Pita (1860), o "...Deseño e condicións para a edificación dos soportais na Rúa da Mariña..." (1870), ou as "... Alturas que deben ter os corpos dos edificios na Praza do Campo do Carballo..." (1876), son Ordenanzas específicas que operan sobre ámetos territoriais limitados: Son áreas de desenrolo urbano para a creación da nova cidade que se producen sempre sobre terreos públicos (Murallas da Cidade Vella, Praza Vella, Murallas da Pescadería) e van destinadas a ser zonas residenciais da burguesía que pugna a través do control dos mecanismos do poder local por dotarse de áreas de residencia propias nas que as ideas de ORDE, ORNATO, COMODIDADE, HIXIENE sexan patentes e claras a escala urbana.

PRAZA DE MARIA PITA
ORDENANZAS DE FACHADAS



ANO-1860



PROYECTO

de asperales para la calle de la Marina.

PLANTA.

FRENTE.

SECCION.

N.º 1.

N.º 2.

N.º 3.

Escala de 1/50 metros.

Cartagena 18 de Febrero de 1870.

El Arquitecto municipal.



ALTURA DOS CORPOS DOS EDIFICIOS NA PRAZA DO CAMPO DO CARBALLO

ACORDO DO 17 DE MARZO DE 1876

0 5 10 15 20 m

ESCALA GRAFICA

19. A RENOVACION URBANA NA BEIRAMAR: O NOVO CENTRO URBANO.

O Proxecto da Praza-Casa Consistorial (1860) xunto co Teatro Principal (1838-41) e o Pazo Provincial (1860-65) e a proximidade do Mercado de San Agustín (1837), abrirán novas expectativas de desenrolo urbano no vello arrabalde mariñeiro

As vellas casas mariñeiras non poderían ser o hábitat da nova clase dirixente.

O rápido proceso de renovación urbana na beiramar da baía entre 1860 e 1880 adquire especial interese.

En apenas vinte anos, procederáse á construción ou renovación de todas as edificacións entre Porta Real e o Cantón Grande, ao longo das Rúas Real e do Rego de Auga.

O proceso iniciado na última década do século XVIII coa construcción da Aduana e do Consulado, chega ao seu fín.

Aos usos de carácter institucional (Concello, Deputación Provincial) e de servicios (Teatro, Mercado, Comercios, Tendas, etc...), engádese agora o de ser LUGAR DE RESIDENCIA DA BURGUESIA CORUÑESA: É O NOVO CENTRO EQUIPADO E URBANIZADO.

Para acadar o seu obxectivo, instrumentalizará os mecanismos que controla (Concello, Deputación, Goberno Provincial) con vistas tanto á ocupación do solo público (solares da Praza de María Pita ou avance sobre a Praza da Verdura e o frente da Mariña), como para expulsar a partir da expropiación forzosa a aqueles residentes que non asumen os seus proxectos.

O HABITAT BURGUES:

A edificación: 1856-1890



1865 - 1885:
En vinte anos constrúense 8 das 10 parcelas do lado Sur da Praza. Edificios de planta baixa, entreplanta, tres plantas altas e bufardón, cunha vivenda por planta.

1870 - 1884:
En catorce anos procédese a derribar as 17 casas de planta baixa ou dúas plantas e avanzando sobre a Praza de verdura constrúense 11 novas edificacións de catro ou cinco plantas, con bufarda e bufradón cunha vivenda por planta con superficies que oscilan entre os 250,00 m2 e os 400,00 m2.

1859 - 1890:
Dos 25 edificios entremedianerías que hai nesta mazá da Rúa Real, temos noticias (Planos e datas de Licencias), da tramitación de expedientes de "RECONSTRUCCION", CONSTRUCCION", "REFORMA DE FACHADA" ou "COLOCACION DE GALERIAS" en 19 deles.
Responden ao TIPO DE CASA DE RENDA CON TRES, CATRO OU CINCO PISOS, CUNHA VIVENDA POR PLANTA, DESTINANDO O BAIXO A TENDA OU COMERCIO.
Obsérvese que se exceptuamos tres casas (números 3, 13 e 39) as outras 16 se reedifican ou reforman entre 1871 e 1893.

1856 - 1887:
Temos noticias de 11 dos 17 edificios levantados ou reformados ao longo do século XIX.
Inicialmente as obras son de ampliación (de bufarda ou bufardón, colocación de galerías (G), ou construcción de Fachada Posterior (FP)
As dúas parcelas máis próximas ao cantón proveñen de terreos propiedade do Estado subastados na Desamortización de Madoz en 1870.


CASA CONSISTORIAL
11 JOSE CERVIGON CONCELLAL INDUSTRIAL
10 ANTONIO OZORES CONDE DE PRIEGUE
9 MANUEL BATANERO Y MONTENEGRO DEPUTADO A CORTES
8 MANUEL BATANERO Y MONTENEGRO
7 JUAN MONTERO Y TELINGE ALCALDE-DEPUT. A CORTES (1854-55)
6
5 GUILLERMO GARCIA FREIRE CONCELLAL (1875-77)
4 JUANA DE UGARTE IBARGUEN IRMA DE A. DE UGARTE BANCO DE A CORUÑA
3 JOSE PASTOR - PEDRO BARRIE CONCELLAL BANQUEIRO - B. PASTOR
1 PEDRO MARIA ATOCHA BANQUEIRO - B. DE A CORU
2 AUGUSTO JOSE DE VILA Y LEON CONCELLAL DE PUT. PROVINC. BANQUEIRO - B. DE A CORU
3-5 CARMEN ENRIQUEZ BDEZ. VDA DE GASTON
7 DIEGO MORENO INDUSTRIAL
9-11 DIEGO MORENO INDUSTRIAL
13-15 CANDIDO PIELTAIN Y JOVE HUERGA CAPITAN XENERAL (1868)
17 JOSE BENITO LIÑERA
19 JOSE LOPEZ TRIGO - WENCESLAO PEREZ CONSIGNATARIOS DE BUQU
21-23 JOSE LOPEZ TRIGO - WENCESLAO PEREZ
25-27 MANUEL RAMIREZ Y CARBAJAL
29 NICOLAS DEL RIO CONSIGNATARIO DE BUQU
31 ANTONIO AHGUDIN Y BUSTO ALCALDE (1868)
33-35 PEDRO ANDRES BURRIEL BRIGADIER CORPO ENXEÑEIROS
DIP. PROVINCIAL
TEATRO PRINCIPAL
GOBERNO PROV.
1 FCO. XAVIER GARCIA DE PAREDES
EDUARDO SANTOS BANCO DE A CORUÑA
3 5 7 9 11 13 15 17 19 21 23 25 27 29 31 33 35 37 39 41 43 45 47 49 51
JACINTO PEREZ QUINTANA
MATILDE BERMUDEZ (VDA DE VELA)
JUAN CEREIJO FERNANDEZ
FRANCISCO ACEVEDO (1857)
FRANCISCO TARRAGO PEREIRO (1878)
JUANA AROUD DE AVRILLON (1876) FABRICA DE CERVEZA
ENRIQUE SANTOS (1885)
ESTEBAN CERVIGON (1875)
DIEGO MORENO DE LA RIVA (1882) INDUSTRIAL
LUIS VEIRA (1882)
ADUANA
53 — GOB. CIVIL
FEDERICO TAPIA Y SEGADE (1865) ALCALDE (1872-73)
NARCISO OBANZA (1884) BANQUEIRO
55 57 59 61 63 65 67 69 71 73 75 77 79 81 83 85 87
JOSE SORS
JOAQUINA URRUTIA VDA DE RABA
JOAQUIN ALLER
SRES HERCE Y ALSINA ALCALDE (1876-77) BANCO DE A CORUÑA
EUSEBIO DA GUARDA CONSIGNATARIO DE BUQ
JOSE BENITO ESPAÑOL INDUST. VIDRO "ESPAÑOL
NICANDRO FARIÑA - LAUREANO COBIAN CONSIGNATARIO DE BUQU
LOPEZ LLANOS - LOPEZ SORS
FRANCISCO LONGUEIRA
JUANA DURAN Y PEÑA
ANTONIO CARUNCHO Y MENDEZ-VIGO

20. BURGUESIA E ECLECTICISMO: O TRIUNFO DA GALERIA.

A actividade edificatoria adoptará, na cidade de A Coruña, formas específicas a partir da utilización sistemática dun elemento arquitectónico, A GALERIA, que dotará ás áreas centrais da cidade, dunha nova IMAXE URBANA CUNHA PERSONALIDADE PROPIA, CUNHA FORTE IDENTIDADE, REPRESENTATIVA DUNHA NOVA SOCIEDADE.

A GALERIA é o tema principal da arquitectura doméstica coruñesa, tanto na cidade consolidada, como nos novos barrios burgueses.

A súa utilización remóntase aos últimos anos do século XVIII e primeiro tercio do XIX limitándose a ser un elemento de transformación sobre edificios xa existentes e estando relegada a zonas secundarias das edificacións (fachadas posteriores ou traseiras).

Será a partir de 1830 coa instalación da Fábrica de Vidro "La Coruñesa" cando alcance a súa maior difusión xeralizándose o seu uso nas fachadas principais das casas que se construen na Pescadería e na Cidade Vella. Os novos "barrios" burgueses, desde a Praza de María Pita ata o Campo do Carballo, asumirán espontaneamente a galería como unha ORDENANZA SEN ORDENAMENTO, algo que só é posible gracias á forte vontade dos propios habitantes de utilizala como tema arquitectónico único.

Un tema arquitectónico que refusado dos proxectos urbanos cultos (Proxecto orixinal da Praza de María Pita, edificios institucionais do Concello, Deputación, Teatro, Instituto,

Escolas, Igrexas, Cuarteis,...) será adoptado pola PRAGMATICA burguesía liberal para dar solución aos problemas derivados da especial climatoloxía da cidade. Esta actitude ABERTA a solucións tecnicamente válidas e contrastadas na práctica cotián, pero esteticamente heterodoxas, só será posible nunha clase dirixente que, recén chegada aos cenáculos do poder e, polo tanto, sen o gusto refinado por unha educación aristocrática, rexeita o DOGMATISMO e cuestiona o NEOCLASICISMO como único sistema de explicación e organización do mundo nunha actitude tan ECLECTICA, como ROMANTICA: Un elemento popular, NON CULTO, despregarase polas fachadas da cidade.



MENA

21. INDUSTRIALIZACION VERSUS URBANIZACION.

A crise agraria e os grandes movementos migratorios, xunto coa concentración dos medios de producción e da forza de traballo a partir da segunda metade do século XIX, están na orixe do proceso de urbanización da poboación rural e do conseguinte aumento da mesma nas áreas urbanas.

A cidade de A Coruña será lugar de ubicación de diversas industrias de servicios ligadas ao porto e ao tránsito de pasaxeiros cara a emigración transoceánica, así como para o propio mantemento e desenrolo da poboación e do parque inmobiliario que precisa.

Coa "industrialización", e o conseguinte aumento de poboación, detectánse síntomas novedosos no ritmo de actividade da cidade:

1. Intensificación da actividade edificatoria constatada no aumento das licencias de obras concedidas,
2. O desenrolo da actividade edificatoria en novos ámetos territoriais,
3. A aparición de novas formas de crecemento,
4. A utilización de novos tipos edificatorios.



1840-1849 Nº de LICENCIAS-121



1850-1859 Nº de LICENCIAS - 2



1860-1869 Nº de LICENCIAS - 421



1870-1879 Nº de LICENCIAS - 6



1840 - 1849



1850-1859



1860-1869



1870-1879

22. O HABITAT OBREIRO: A VIVENDA COMO MERCANCIA.

A cidade de A Coruña pasa de 20.050 habitantes en 1850 a 43.971 habitantes en 1900.

O problema da vivenda como consecuencia da demanda xurdida co aumento de poboación, alcanza proporcións alarmantes polo que deberá plantexarse en términos novedosos.

A alternativa de renovación interna do parque inmobiliario existente, ben a partir da reforma ou da reconstrucción de edificios ou da elevación de pisos, móstrase claramente insuficiente ao estar limitada pola ríxida estructura parcelaria, maiormente ocupada por edificacións, así como pola rudimentaria tecnoloxía da construcción.

Ao acaparamento por parte da burguesía dos solares procedentes do Campo do Derribo (tardan en edificarse cen anos) e do Campo do Carballo (tardan en edificarse cincuenta anos), engádese a falta total de iniciativas das Institucións da nova orde burguesa para dar unha resposta axeitada ao grave problema da vivenda para a clase obreira.

A burguesía atopará, na construcción de vivendas de aluguer para a clase traballadora, un sector fundamental de INVESTIMENTO do excedente empresarial producto das súas actividades comerciais ou industriais.

A CONCEPCION CAPITALISTA DA VIVENDA COMO MERCANCIA, e polo tanto susceptible de ser valorizada como CAPITAL, está tras o negocio da PROMOCION DE VIVENDAS OBREIRAS PARA ALUGUER, e é o "leiv motiv" de todo o proceso de creación das periferias obreiras: Nelas non hai lugar para equipamentos e servicios.

Proyecto de las casas que intenta construir Don José Pastor en la calle de la Torre

Fachada



Planta principal



Planta baja



Escala de pies


PLANO
CRIBLAMAR

Plano

para la construcción de 10 viviendas económicas que en la calle de Orilla [illegible] edifica

Dn José Lopez Castro

Planta baja

Escala [illegible]



Fachada







La Coruña Mayo de 1898.
El Arquitecto
Justino Arranzgoiti

23. A DIALECTICA PARCELACION-TIPO NOS BARRIOS OBREIROS.

Expulsado do "continuum" edificado, o hábitat obreiro só será posible materializalo en zonas "extraviadas e pobres" nas áreas periféricas e "apartadas" da cidade e produciráse fundamentalmente a partir de operacións de "LOTTISSMENT-PARCELACION" das fincas agrícolas nas proximidades das estradas e dos establecementos fabrís ou insalubres.

A división da finca matriz no maior número posible de lotes, de acordo coa LEI DO MAXIMO BENEFICIO, provocará, en moitos casos, a creación dun novo viario no que se apoia un parcelario cuias dimensións de fachada oscilan entre os 4,00 metros e os 6,50 metros de frente, medidas estas excluídas do repertorio utilizado nas parcelacións resultado da Desamortización.

Os tipos (a "casa terrea", os "ranchos" ou as "casas para obreiros") ergueranse sobre pezas parcelarias resultado da división ata o límite dos terreos de acordo coa lei do máximo beneficio e dos mínimos custes sen concesión algunha a elementos de tipo colectivo máis aló do imprescindible vial de acceso ás vivendas.


TE ALTO
VEREDA DO POLVORIN
1915
CUARTEL
1888
CEMITERIO
CEMITERIO
MTE ALTO
FONTE
1869-83
CAMPO DE MARTE
1920-25
1887
1900
1902
ATOCHA ALTA
MATADEIRO
ASILO
1863
1898
1898
1864
ATOCHA BAIXA
1882-87
1870-71
FABRICA DE CRISTAIS
CUARTEL
HOSPITAL
CONVENTO
CUARTEL
GAS
CAMPO DA LEÑA
CAMPO DA EST
CARCEL
Mulheres
FARIÑAS
MADEIRA
PESCADERIA
PRAZA DE MARIA PITA
CIDADE VELLA

VIVENDA OBREIRA: CASA TERREA UNIFAMILIAR

ANCHOS	4,50 m	4,85 A 5,15 m	5,50 m	6,00 m (2 OCOS)	6,00 m (3 OCOS)	6,50 m	7,00 m. (2 OCOS)	7,00 m (3 OCOS)
ALZADOS								
PLANTAS		 						
SITUACION PARCELAS CASA	ORILLAMAR	CAMPO DE ARTILLERIA	ADELAIDA MURO	ATOCHA BAIXA	BERBIRIANA	ESTRADA CIRCUNVALACION	ORILLAMAR	ORILLAMAR - SAN AMARO

VIVENDA OBREIRA: CASA TERREA PLURIFAMILIAR



VIVENDA OBREIRA: CASA DE PISOS



24. UNHA CIDADE SEGREGADA: A DIALECTICA CENTRO-PERIFERIA.

En última instancia, UNHA NOVA XERARQUIZACION DO ESPACIO URBANO, plásmase no territorio da Cidade Liberal.

1. Os ámetos espaciais exclusivos da burguesía comercial e industrial, fortemente equipados, localizaránse nos "LOTTISSMENT" DAS DESAMORTIZACIONS xurdidos a carón da baía sobre os terreos, ata entón, ocupados polas murallas de terra e de mar.

   Ao longo de 500,00 metros de percorrido pola beiramar, entre a Porta Real e a Praza de Ourense, en apenas vinte anos, despregaránse nas casas burguesas, os grandes lenzos das fachadas de galerías acristaladas sobre pezas parcelarias de dimensións e características excepcionais no tecido urbano da cidade.

   Estos ámetos espaciais serán identificados coa cidade mesma, na que o conxunto de cidadáns se sintan RE-PRESENTADOS do mesmo xeito que os intereses da clase social que os habita, son identificados cos intereses globais da cidade.

2. O proletariado, poboación maioritaria no groso do incremento poboacional da segunda metade do século XIX, será impelido cara os LOTTISSEMENT PERIFERICOS nunha controlada explosión do organismo urbano.

   A partir de MULTIPLES, PERO HOMOXENEAS, iniciativas particulares de activos elementos da propia burguesía procederase á PROMOCION DE PARCELACIONS nos terreos agrícolas das Agras de Monte Alto, das veredas e sendeiros da Península da Torre, dos altos de Santa Lucía e Falperra, ou ao longo

das estradas de saida da cidade.

As "CASAS TERREAS", "RANCHOS", "VIVENDAS PARA OBREIROS", son as outras TIPOLOXIAS da Cidade Liberal.

Esta DUALIDADE veráse reforzada nas prácticas urbanísticas desenvolvidas.


VIVENDA OBREIRA
VIVENDA BURGUE

25. OS ARQUITECTOS.

Ao longo do século XIX traballan na cidade de A Coruña os arquitectos Melchor de Prado y Mariño (?-1834), José María Noya (1797-1868), Juan Bautista Aguirre, Pascual Rosende, Faustino Domínguez y Domínguez (1818-1890), Juan de Ciórraga y Fernandez de la Bastida (1836-1931), Faustino Domínguez Coumes-Gay (?-1900), Antonio de Mesa, Pedro Mariño (1886-1931)

Todos eles, dun ou doutro xeito, van asumir cargos de responsabilidade na Administración do novo Estado Liberal Burgués (arquitectos municipais, arquitectos provinciais, arquitectos de facenda,...) sobrepasando na súa actividade profesional a dun intelectual ligado á producción artística ou técnica ao encardinarse no propio marco da xestión política municipal no proceso de construcción da cidade.

Os arquitectos asumirán, da man da burguesía, o protagonismo técnico fundamental no proceso de construcción da cidade en detrimento tanto do Corpo de Enxeñeiros Militares que verán desprazada a súa influencia coa progresiva perda do carácter de praza forte das cidades, como dos Mestres de Obras cuia misión quedará limitada á execución material das obras.

A obrigatoriedade dos planos de fachadas das casas e da dirección de obra de arquitecto, permitirá a súa aproximación ao tema da VIVENDA BURGUESA, CASA DE RENDA ou da VIVENDA OBREIRA, non só a nivel de formalización da fachada, senón tamén nos aspectos tipolóxicos e constructivos o que redundará na racionalización e estandarización do proceso de edificación.

BIBLIOGRAFIA

BIBLIOGRAFIA:

- AA.VV. "La transició del Feudalisme al Capitalisme". Revista d'Història Moderna. Manuscrits nº 4-5, abril 1987 Universitat Autónoma de Barcelona, 1987

- Alió, María Angels "Projects i realitat d'un procés urbá decimononic Vilafranca del Penedés 1865-1939". Universitat de Barcelona, 1986

- Alonso Alvarez, Luis "Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia 1778-1818" Xunta de Galicia, 1986

- Alvarez Terán, Mª Concepción "Mapas, planos y dibujos. Archivo General de Simancas. Catálogo XXIX, Volumen I". Ministerio de Cultura, 1980

- Aymonino, Carlo "El significado de las ciudades". H. Blume Ediciones. 1981

- Aymonino, carlo "Orígenes y desarrollo de la ciudad moderna". Gustavo Gili Editorial. 1972

- Boudon, F - Chastel, A - Couzy, H - Hamon, F "Systéme de l'Architecture urbaine le quartier des halles a París". Press de CNRS. 1977

- Baamonde Magro, A - Toro Mérida, J. "Burguesía, especulación y cuestión social en el Madrid del siglo XIX". Siglo XXI, 1978

- Barreiro Fernández, Xosé R. "Historia de la ciudad de La Coruña" Biblioteca Gallega, 1986

- Carmona Badía, Joam "El atraso industrial de Galicia: Auge y liquidación de las industrias textiles (1750-1900)". Ariel, 1990

- Collins, Peter "Los ideales de la arquitectura moderna: Su solución (1750-1950)". Gustavo Gili Editorial

- Díez de Baldeón, Clementina "Arquitectura y clases sociales en el Madrid del siglo XIX". Siglo XXI, 1986

- Estrada Gallardo, Félix "Datos para la confección de un atlas histórico de A Coruña". Revista "Instituto José Cornide", nº 5-6. 1969-1970

- Faginas Arcuaz, Ramón "Guía indicador de La Coruña y de Galicia". A Coruña, 1890

- Fernández Gómez, Mª del Carmen "Mapas, planos y dibujos. Archivo General de Simancas. Catálogo XXIX. Volumen II. Ministerio de Cultura, 1990

- Fontana, Josep "La crisis del Antiguo Régimen: 1808-1833". Grijalbo - Crítica, 1983

- Fontana, Josep "Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX". Ariel, 1983

- Gallego Jorreto, Manuel - González-Cebrián Tello, José "Análisis del desarrollo urbano de A Coruña". Revista "Ciudad y territorio" nº1-2 Instituto de Estudios de Administración Local. 1975

- García Alcañiz y Yuste, Julia "Arquitectura del Neoclásico en Galicia". Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989

- García Nieto, Mª del Carmen - Illán, Esperanza "Historia de España: 1808-1878. 1. La Revolución Liberal: 1808-1868" Grijalbo - Crítica, 1987

- González-Cebrián Tello, José "La ciudad a través de su plano". Excmo. Concello de A Coruña, 1984

- González Cordón, Antonio "Vivienda y ciudad. Sevilla 1849-1929". Excmo. Ayuntamiento de Sevilla.1984

- Labrada, Lucas "Descripción económica del Reino de Galicia". Galaxia, 1971

- Lavedan, Pierre "L'urbanisme a l'epoque moderne".

- López, Marina - Grau, Ramón "Barcelona entre el urbanismo barroco y la revolución industrial". Revista "Cuadernos de Arquitectura y Urbanismo", nº 80, Barcelona.

- Loyer, Francois "París XIX siécle. L'Inmeuble et la rue". Editorial Hazan.

- Martínez Suárez, Xosé Luis "A Rúa das Panadeiras-San Nicolas ou a destrucción do centro histórico de A Coruña". Revista "Obradoiro", nº 2. C.O.A.G. 1978

- Martínez Suárez, Xosé Luis "Os Cantóns de A Coruña" en "Galicia a destrucción e a integración do patrimonio arquitectónico - III Xornadas de Arquitectura Galega" C.O.A.G. 1981

- Martínez Suárez, Xosé Luis - Casabella López, Xan "Catálogo de Arquitectura: A Coruña 1890-1940". C.O.A.G. 1984

- Martínez Suárez, Xosé Luis "As galerías da Mariña. A Coruña: 1869-1884".
C.O.A.G., 1987

- Meijide Pardo, Antonio "La Primera Industria Coruñesa del Vidrio: 1827-1850".
Revista Instituto José Cornide, números 10-11, páx. 143-201

- Meijide Pardo, Antonio "El puerto de La Coruña en el siglo XVIII".
Biblioteca Gallega, 1984

- Meijide Pardo, Antonio "Correos marítimos entre Falmouth y La Coruña".
Editorial Arenas, 1990

- Munford, L. "La ciudad en la Historia. Sus orígenes, transformaciones y perspectivas".
Ediciones Infinito. 1966

- Muntaner, José María "Escaleras, patios, despensas y alcobas. Un análisis de la evolución de la casa artesana a la casa de vecinos en Barcelona".
Revista "Arquitecturas Bis", nº 51, Barcelona, 1985

- Reguera Rodríguez, Antonio T. "La ciudad de León en el siglo XIX". C.O.A. León, 1987

- Rodríguez-Villasante Prieto, J. "Historia y tipología arquitectónica de las defensas de Galicia". Edicións do Castro. 1984

- Rossi, Aldo "La arquitectura de la ciudad". Barcelona, 1971

- Rouleau, Bernard "Le tracé de rues de París". Presse du CNRS. 1988

- Solá Morales, Manuel "Los Ensanches. El Ensanche de Barcelona". L.A.U.-E.T.S.A.B., Barcelona, 1978

- Soláns, J. Antonio "De las Constituciones a los Edictos de Obrería, de los Edictos a las ordenanzas de edificación, de las ordenanzas a las normas urbanísticas". Revista "Arquitecturas Bis", nº 5, Barcelona, 1975

- Tomás y Valiente, F. "El marco político de la Desamortización de españa. Editorial Ariel, 1971

- Torguet Escribano, Nardo "La reforma urbana de Zaragoza de mediados del siglo XIX, apertura de la Calle Alfonso I: 1858-1868". C.O.A. Aragón, 1987

- Torres i Capell, Manuel de "El planejament urbá i la crisis de 1917 a Barcelona". Edicións de la Universitat Politécnica de Catalunya, 1987

- Vedía y Goosen, Enrique (1845) "Historia y descripción de la ciudad de La Coruña". Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, 1972

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servicio de Bibliotecas
1700757522